

Centos de vigueses e viguesas claman por un modelo distinto de cidade



Pax.:13

Ademáis

Reportaxe:
A veciñanza de Torneiros en loita

Pax.: 10

Reportaxe:
O entroido de Salceda de Caselas

Pax.: 8

Reportaxe:
O serán dos namorados de Toutón

Pax.: XVII

Entrevista:
Cristina Fernández
alcaldesa de Pontearreas

Pax.: 17

Entrevista:
Ánxela Fernández
alcaldesa de O Rosal

Pax.: XXIV

A oposición de Forcarei toma a palabra

Pax.: 24



PANADERÍA
PASTELERÍA

Suiza

RÚA JOSÉ REGOJO, 27 REDONDELA
TELF.: 610 880 102



Tino Lago, director de "A Nova Peneira"

Contra a idiocia. En defensa da política

A orixe etimolóxica do adxectivo idiota está na palabra grega id-wTns (idiotes) que era utilizada polos gregos para designar a aquelas persoas que non se interesaban polos asuntos públicos, senón que só amosaban interese polas cuestións que lles atinxían persoalmente. A raíz "idio" significa propio, co que non é moi difícil supoñer que para os gregos un idiota era unha persoa que só se interesaba polo propio. A evolución semántica do concepto fixo que na actualidade o significado sexa un tanto distinto, pois o que entendemos por idiota é alguén que ten unha intelixencia moi escasa. Porén, tampouco resulta moi complicado comprender o motivo da devandita modificación, pois unha persoa que non se interesa polo público, alguén que só se implica na defensa do propio é, en efecto, un idiota. Incluso pensando desde unha perspectiva estritamente egoísta, carente da máis mínima empatía, solidariedade ou compaixón cara ás inmensas partes da humanidade que non poden ter unha vida digna, a defensa do público, a defensa do ben común é a mellor maneira para asegurar o benestar persoal.

Este medio de comunicación e este director non somos neutrais, non somos apolíticos, máis ben somos todo o contrario: somos suxeitos políticos activos que tomamos partido, partido ata mancharnos. Ás veces estaremos cerca da razón, e ás veces non, pero sempre imos defender posicións políticas claras e en todas as ocasións con honestidade intelectual. É dicir, calquera opinión que manifestamos non vai ser motivada por ningún tipo de interese persoal nin por outra cousa que porque cremos, con razón ou sen ela, que estamos a facer o correcto.

Aqueles que se manifesten neutrais, aqueles que miran para outro lado, aqueles que din que non lles interesa a política, aqueles que din que todos son iguais, aqueles que cantou de maneira tan fermosa Gabriel Celaya



nos seus inmortalis versos" Maldigo a poesía dos que non toman partido, partido ata mancharse" son os responsables do triunfo dos malvados e das malvadas, que son bastante menos dos que parecen, pero que non poderían existir sen os moitos idiotas que só se interesan polo propio e non toman partido, partido ata mancharse.

Combater a idiocia non resulta fácil, e non o é ao meu xuízo por dous motivos: 1) -O propio sistema que trata de asegurar a súa supervivencia ou ben empregando a agresividade extrema, ou nos contextos históricos de maior dificultade sistémica construíndo o que parecen solucións, pero que en realidade non son outra cousa que armas para asegurar a continuidade do estado das cousas.

Algún exemplo temos na recente his-

toria do estado español. Así pois podiamos mencionar o encarceramento dos líderes políticos cataláns que promoveron a independencia desda parte do estado, ou a aparición de Ciudadanos unha estafa política de dimensións siderais construída ad hoc para evitar que segmentos de idiotas (en sentido etimolóxico) fartos dos múltiples casos de corrupción política, que naquel momento puñan en perigo ao propio sistema, escoraran a unha opción supostamente anti sistema como Podemos. Agora Ciudadanos xa non é necesario, xa cumpríu o obxectivo para o que foi creado, xa que logo os mesmos que o crearon mántano.

2) A idiocia (en sentido etimolóxico) tamén está moi presente na propia política, ategada de suxeitos que se achegan a ela ou ben na procura dun traballo que lles permita vivir, ou ben para satisfacer escuras pulsións de narcisismo e egolatría. É dicir porque lles pon saír na foto. É triste pero é así.

Por exemplo, estes días escoitaba un corte radiofónico no que unha persoa, cun cargo de responsabilidade nunha organización política supostamente rupturista, dicía que no asunto do celta nos montes de Mos había que respectar a opinión dos propietarios e se os de unha das parroquias afectadas dicían si, pois si, pero se os da outra parroquia afectada dicían non, pois non. Vaia idiotez estratosférica (en sentido non etimolóxico). Unha organización política ten que ter unha posición política determinada sobre os asuntos públicos relevantes, con independencia de se coincide ou non cos as opinións maioritarias, porque no caso contrario, se estamos ao que digan os demais, para que narices serve a política?.

E se chegastes ata aquí, moitas grazas pola paciencia amigos e amigas, pero teño que deixavos pois hoxe é 12 de febreiro e collo o meu coche de contado para achegarme á capital do meu país á manifestación convocada por SOS sanidade pública na defensa dunha sanidade digna, e contra a nefasta política sanitaria do PP. E si, señora alcaldesa de Mos, é unha manifestación politizada, claro que si. Todas as persoas que alí estaremos imos defender unha política sanitaria radicalmente distinta, radicalmente mellor, á que practica o PP. E as melloras sociais, ao longo da historia da humanidade, só se teñen acadado coa práctica política. O contrario é idiocia.



Javier González Riveiro

C/ Generoso Dguez. 110
36419 Cela (Mos)
T. 986 907 346
M. 670 327 210
M. 619 839 058
panaderianovadevesa@gmail.com



Logística • Grupaje •
Almacenaje • Carga completa •
Distribución •

☎ 886 060 651 • 687 059 651

✉ galitrucklogistica@galitruck.com

Estamos en Mos Polígono Monte Faquiña, antiga nave EL Mar



Baldomero Iglesias Dobarrío, "Mero"

Opinión

A toda a xente gústalle ir por libre, queremos ir por onde nos peta e sen atender propagandas e indicacións interesadas, mais os ataques á nosa independencia ou neutralidade, a esa soberanía que nos fai posuidores do destino e na liberdade de escoller, son cada día máis sibilinos. Están mellor programados e interesados, asístense desa "intelixencia" dos datos e de interferir na intimidade das persoas para cometer os seus delirios de poder. Pasan por dixitalizarnos masivamente, de tal xeito que nos teñen totalmente analizados e en ficha, postos ao pé da intelixencia esa -seica superior- que castigará a nosa única e singular forma de ser e comportarnos, esta pequena equidistancia feliz na que nos resolvemos inventando alternativas ás verdades que nos contan, moitas delas fantasiadas de supostos e posibilidades, escollendo aquelas direccións que cremos máis axeitadas para o momento e as circunstancias reais que nos envolven. Pero non, xa estamos na súa programación virtual, estamos invadidos da súa ansia, xa teñen esculcado en nós esas alternativas dos supostos e as discrepancias que do común nos arredan do común denominador, do masivo parecer. Non lles importa, aínda sen probas e sen contar co noso dereito emancipador xa teñen previsto o plan para acomodarnos, silenciarnos, sumirnos, e finalmente condenarnos. Inventan calquera escusa, como por exemplo unha censura que veña limitando as razóns que damos, que destrúa en silencio as tolerancias acadadas e, por último, xustificando cos seus desprezos e insultos esas afrontas que

Dándolle voltas ao caletre

nos sinalan, que nos culpabilizan sen xuízo nin proba. Despois, claro está, directamente nos borran do mapa metidos na lista de indeseables. Todo iso sucede nesta loita suicida de ocultar a verdade, de inventarse outras verdades utópicas, de reconducirnos pola media mentira ou a mentira enteira. Fannos loitar con supostos sequera imaxinables, negan o real e a mesma realidade, negan o que para todos é evidente. O que queda diante resulta débil e lévannos á falsidade. Todos convencidos, no escándalo daquela verdade que un día nos conmocionou e mesmo alimentou vontades. Este é o motivo que provoca tantas máscaras, nos tempos que corren. Por iso queda tan ben o Entroido. Si, son inventores e vendedores de fume. Prometen e esquecen, non respectan e inventan miles de desculpas. Fan simulacros entre delirios de poder e de grandeza, agravan a voz en acenos moi ben perfilados. Non poden ocultar o desprezo e sempre atacan o real chegándonos a facer crer, a dudar e crer que é insuficiente comprender a vida e o mundo, e aí que a realidade é moi cruel e non pode ser certa, entón hai que escapar dela porque será todo falso. Non estamos para perder o tempo en cousas que nos doen e escravizan. Estando nisto, chega tamén a desproporción en forma de cromatismos e vocábulos. Xa saben, o falar non ten cancelas e, precisamente por iso, non se ruborizan, nada de vergoña! Prohibición de marelos en Cataluña, non lembran? Pobres

de nós que temos aquí ese amarelo como bandeira, en flor da xesta e do toxo, do nabo! Ah, e non digamos aquelas ousadas formas xa pecaminosas de incitar ao odio, por exemplo no IES de Cedeira por medio de poemas que celebren o Día Mundial da Poesía. Invencións, manipulación da realidade. Xente hipersensible de tal forma que nos negan o dereito a discrepar e, de paso, obrígnanos a apaisarnos como eles queren. Somos ou non somos libres? Trocan a realidade? Somos libres de expresión? Quizais teñamos que expresarnos como digan eles. Eses que están á marxe do dereito e das normas que, segundo din, nos afectan á totalidade. Non se pode, non se debe facer unha disonancia que perturbe aos que se matan a pedir votos, a calquera prezo, anque mintan para captar adeptos, anque nos modifiquen a realidade e nola agachen. Fano asiduamente nos mitins, seica porque se lles esqueceu o que prometeron anteriormente noutras convocatorias, seguirán de boas maneiras e na aparencia, sen conciencia para captar vontades. Unha bacanal. Cren non vulnerar a neutralidade, pásalles como coa vergoña: non a teñen e fan o que lles peta, para poñer problemas aos que non sexan dos seus. Xa haberá un organismo capaz de crer e argumentar derivado da xudicatura ou da "xente de orde", que xa ven como está todo mesturado, nas proporcións debidas "atado y bien atado" que dicía aquel señor de Ferrol. Pero por favor, non toquen o

marelo nin para facer sopas, nin macarróns con azafrán, usen vexetais e con moita fibra que despois tenden á cor castaña. Aquí estamos nesta sen razón de saltarnos unha cor da espátula, sobre todo aquela que dá lugar aos louros e pálidos, esa cor que desmaia outonos con esbrancuxados tons de luz e transparencia. Que cousas ten a democracia esta que nos inventaron, a non real, e alá van tamén as verbas discrepantes. Hai que ver, e creo que so estamos empezando!

TALLERES SAN JUAN

Mecánica
Neumáticos
Alineado de dirección
Cambio de lunas
Servicio de grúa a clientes

PEINADOR - TORROSO
(Mos)
Al lado de la Capilla de San Juan
986 337 187
645 991 192

AUTOCARES LUCHO, S.L.

CTRA. N-120
PETELOS
MOS

986 331 203 - 649 901 278 / 649 901 279

ESTACIÓN DE SERVICIO SALCEDA
Salceda de Caselas
986 349 054

Taparía A Calustra

Se hacen banquetes programados

Todos los días desde las 18:00 h hasta las 24:00 h.
SÁBADOS Y DOMINGOS DESDE LAS 12:00 H. HASTA LAS 24:00 H.

Bouzavedra, 23 - San Xurxo - SALCEDA

986 349 298

A Louriña

O Servizo atención temperá renóvase en Salceda de Caselas e As Neves por dous anos máis



Verónica Tourón e Xosé M. Rodríguez coas concelleiras de asuntos sociais

Salceda de Caselas

A alcaldesa de Salceda, Verónica Tourón, e o alcalde de As Neves, Xosé Manuel Rodríguez, mantiveron xunto coas concelleiras de Servizos Sociais de ambos concellos, Angela Ledo e Pilar González, unha reunión para renovar o compromiso de prestación conxunta do servizo de atención temperá e avaliar o impacto deste servizo na poboación.

Tanto Xosé Manuel Rodríguez como Verónica Tourón celebraron que a Consellería de Política Social, este pasado mes de xaneiro aprobase a continuidade do financiamento para a prestación deste servizo ata o ano 2024, dándolle estabilidade a este servizo de carácter multidisciplinar.

O gabinete conta cun equipo especializado nos campos da psicoloxía, logopedia e fisioterapia, que xa atendeu

a 111 menores dos cales 82 eran de Salceda de Caselas e 29 de As Neves. O equipo técnico do gabinete traballa en estreita coordinación co persoal técnico municipal das áreas de educación e servizos sociais, acadando deste xeito unha atención integral ás persoas menores atendidas.

Ambas concelleiras de servizos sociais subliñaron a importancia deste acompañamento no desenrolo persoal e social da poboación infantil. Igualmente destacaron a gratuidade do servizo e a súa calidade o que permite un acceso universal a maioría das familias de ambos concellos.

Verónica Tourón e Xosé Manuel Rodríguez reafirmaron o seu compromiso con este tipo de servizos que melloran a calidade de vida dos nenos e nenas e das súas familias.

O Porriño contrata a esterilización da súa poboación felina

A campaña para o control das colonias felinas utilizará o sistema CES contando coa colaboración de PROXECTO GATO



Antía Carrera, concelleira de Medio Ambiente

O Porriño

O Concello do Porriño promove unha campaña de control da poboación felina en liberdade a través da cal se esterilizarán 120 gatos que forman parte das colonias controladas no municipio. A concellería de Medio Ambiente, que dirixe Antía Carrera, vén de formalizar o contrato cunha clínica veterinaria sita no Porriño que levará a cabo a esterilización de 90 femias e 30 machos.

O Obxectivo desta actuación é a captura dos animais para a súa esterilización e posterior solta, en aplicación do método CES (captura, esterilización e solta) e así evitar o crecemento descontrolado da poboación felina.

Este ano contaremos coa colaboración de PROXECTO GATO que se encargará, xunto coas voluntarias e voluntarios acreditados polo concello, de conseguir este obxectivo.

A maiores, o concello está na redac-

ción dun convenio con PROXECTO GATO xa que entendemos que esta colaboración máis estreita é necesaria para poder cumprir obxectivos comúns como é a protección e o benestar dos animais.

“Imos seguir apostando por este sistema porque permite facer un control ético das colonias”, explicou o alcalde, Alejandro Lorenzo, “Temos o compromiso firme de alcanzar o máximo nivel de protección e benestar dos animais, ademais de asegurar a súa convivencia coa veciñanza. Nesa liña traballamos”.

No mesmo sentido se manifestou a concelleira de Medio Ambiente. “No Porriño temos algunhas colonias felinas urbanas e periurbanas controladas e a esterilización mellora a vida dos animais e diminúe considerablemente o tamaño dos grupos”.

Porriño disporá dun novo espazo verde no casco urbano de máis de 7.000 metros cadrados

O alcalde reuniuse coa conselleira de Medio Ambiente para avaliar o proxecto desta gran área que unirá as rúas Pío XII e Antonio Palacios e que albergaría dende un renovado parque infantil ata un pequeno auditorio ao aire libre

O Porriño

Un proxecto municipal para o acondicionamento e a humanización dun novo espazo verde público no casco urbano foi o tema central tratado na última xuntanza que o alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, tivo esta semana en Santiago de Compostela, coa conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez.

O rexedor local explicoulle os pormenores da iniciativa coa que quedarían unidas as rúas Pío XII e Antonio Palacios. "Remodelaríase toda a zona do parque infantil conectándoa, ao mesmo nivel, coa área que actualmente se emprega de aparcadoiro de vehículos, preto da casa do Concello", sinala Lorenzo.

A obra consistiría na posta en valor deste espazo, de máis de 7.000 metros cadrados de superficie, xerando novas oportunidades de uso para mellorar a calidade de vida da cidadanía. De feito, o proxecto do Concello inclúe a plantación de novas especies vexetais para dotar a contorna de máis espazos de sombra, así como a instalación de novo mobiliario.

A maiores, mellorarase a comunicación peonil co centro urbano da localidade, pois ámbalas dúas rúas conectan con outras dúas arterias da vila como son a peonil Ramón González e a Avenida Domingo Bueno (N-550); renovarase o parque infantil existente e crearase unha zona con gradas co obxectivo de poder celebrar eventos ao aire libre



Reunión entre o alcalde de Porriño e a conselleira de Medio Ambiente

como concertos, conferencias e espectáculos infantís, entre outros.

Quinto contedor

A maiores, durante o encontro, o alcalde tamén lle trasladou á conselleira a intención do Concello de implantar a recollida diferenciada da materia orgánica contida nos residuos urbanos (FORSU) a través do quinto contedor.

Nesa liña, Ángeles Vázquez lembrou que, aínda que a xestión dos residuos domésticos é unha competencia municipal, a Xunta seguirá ao carón dos concellos para axudarlles a cumprir coas súas obrigas e cos obxectivos marcados a nivel comunitario.

De feito, a Xunta decidiu apostar en 2023 por ampliar ata o 15% a bonificación do canon de Sogama a todos aqueles concellos adheridos, como é o caso do Porriño, que promovan a redución de residuos e/ou o incremento da reciclaxe de envases lixeiros, trasladando a rebaixa ao recibo que pagan os usuarios e, como novidade, asuman o compromiso de introducir a recollida separada dos biorresiduos antes do 31 de decembro de 2023 a través do quinto contedor.

O concello do Porriño instalará un novo céspede nas pistas de pádel e pretende non cobrar polo seu uso

O goberno traballa na derogación da ordenanza onde se estipulaba o prezo público pola utilización destas instalacións

A seguinte actuación será cubrir ámbalas dúas pistas, localizadas ao carón do polideportivo municipal

O Porriño

O estado impracticable no que se atopan as dúas pistas de pádel que o Concello do Porriño dispón nas inmediacións do polideportivo municipal fai que cada día os usuarios que rexistra sexan menos, ao que se lle une ademais un taxa pola súa utilización, que data en 2017.

De aí que dende goberno municipal se actúe de inmediato, primeiro coa instalación dun novo céspede artificial e, segundo, coa proposta o Pleno Municipal da eliminación dese cobro imposto en 2017 mediante ordenanza.

Foi no ano 2011 cando o actual alcalde Alejandro Lorenzo, por aquel entón concelleiro de Deportes, puxo en marcha estas novas instalacións inexistentes en todo o termo municipal. Foi un momento de auge desta modalidade deportiva que a día de hoxe ten moitos seguidores e é practicada por nenos, mozos e adultos. "Dende que se inauguraron as pistas non tiveron un acondicionamento nin servizo de mantemento axeitado, nunca se fixeron melloras nelas e co paso do tempo e o uso fóronse deteriorando", explica Alejandro Lorenzo. "Un desgaste que queremos remediar, recuperando este espazo deportivo atractivo, cun novo pavimento e con acceso gratuito".

Aprobada en 2017 unha ordenanza reguladora do funcionamento das pistas de pádel municipais e do prezo público pola utilización das súas instalacións,



O Alcalde do Porriño visitando as pistas de Pádel

agora, a intención é derogar esta ordenanza para eliminar esa taxa, que é de 6 euros/hora e 9 euros/hora e media (6,50 e 9,75 euros, respectivamente, no caso de empregar luz artificial). "Si mantemos un regulamento, con normas de uso e tamén de reserva das pistas, pero propoñemos que tamén sea sen custe para o usuario".

A mellora destas instalacións continuará, unha vez se dispoña da partida orzamentaria correspondente, coa actuación de cobertura de ámbalas dúas pistas, protexéndoa así das inclemencias meteorolóxicas. Deste xeito, poderase xogar ao pádel aínda chovendo e tamén á sombra. "A intención é acometer este peche en canto se poida realizarase a substitución do céspede para que ámbalas dúas pistas volvan estar aptas para a práctica do pádel", conclúe o alcalde.



CATRO RODAS
SERVICIO DEL AUTOMOVIL

Neumáticos - Alineado de Dirección - Mecánica Rápida
Cambio de Lunas - Compra / Venta

C/Vict. Perez Vidal,40 - Tel/Fax: 986 34 93 82
catro-rodas@hotmail.com
SALCEDA DE CASELAS

MUNDO ONLINE SALCEDA
REPARA-COMPR-VENDE



REPARACION Y VENTA
TELEFONIA E INFORMÁTICA
SERVICIO TECNICO
CONSOLAS Y VIDEOJUEGOS



info@mundoonlinesalceda.es
C/ Coruña 2 Salceda de Caselas
986137005 / 638894953

DIGI mobil

www.mundoonlinesalceda.es

SUMYRENT

ALQUILER Y VENTA DE MAQUINARIA



O Cerquido, Pol. 27 Parcela 222 - 36475 SALCEDA DE CASELAS Telf. 986 34 68 53
sumyrent@sumyrent.com www.sumyrent.com

A Louriña

Pedro Pereira será o candidato do BNG no Porriño

A asemblea local do BNG no Porriño escolleu por unanimidade a Pedro Pereira como o candidato a alcalde para as eleccións municipais de maio do 2023.

O Porriño

“Temos un proxecto ambicioso, pensamos O Porriño en grande, coas persoas no centro, e Pedro é a persoa máis acaída para o liderar. Ten un profundo coñecemento da administración local, capacidade de traballo e de diálogo, e unha solvencia demostrada na xestión que mesmo recoñecen os nosos adversarios políticos. Protagonista da transformación urbana do Porriño coa súa aposta polas peonalizacións, sempre ten na cabeza O Porriño do futuro. É o mellor concelleiro da historia do Porriño e no BNG pensamos que chegou a hora de Pedro Pereira



Pedro Pereira

alcalde”, declarou a responsábel local, Míriam Martínez, quen quixo destacar tamén “o seu compromiso co Bloque e co ideario nacionalista, especialmente en contextos complexos e difíciles na localidade, onde sempre soubo estar á altura”.

“Quero poñer de novo o Concello ao servizo da xente, das maiorías sociais. Encóntrome nun momento óptimo de madurez política e síntome capacitado para afrontar o gran reto de chegar á alcaldía. Asumo con orgullo esta responsabilidade e agradezo a confianza dos compañeiros e compañeiras”, afirmou Pedro Pereira, que asegurou que como alcalde defenderá sempre os intereses do Porriño “por riba de todo e sen ataduras”.

“Estamos no mellor momento da historia do BNG, temos o mellor candidato e queremos acoller e recuperar o voto desencantado da esquerda. Aspiramos a todo, somos unha forza política sólida, rigorosa, con equipo, e a xente sabe que se nós lideramos un goberno alternativo ao PP vai ser máis transformador, con máis impulso, con máis avances. Canto máis BNG, mellor lle irá ao Porriño”, concluíu a responsábel local do Bloque.

Marcos Escudero presenta O Tonios en A Nova Peneira no pazo de Mos



Marcos Escudero (Dereita) con Tino Lago flanqueados polos Tonios

Redacción

O pasado domingo 12 de febreiro o artista mosense Marcos Escudero presentou na biblioteca do Pazo de Mos o seu libro “Os Tonios en A Nova Peneira”. A presentación foi precedida por unha breve introdución de Tino Lao, director do periódico, na que manifestou o compromiso deste medio de comunicación cos creadores e creadoras que, como Marcos Escudero, contribúen a manter vivos os signos de identidade que nos identifican como pobo, como pobo galego consciente.

O libro, en palabras do seu autor, é unha escolma dalgúns das mellores viñetas que publicou Marcos Escudero en A Nova Peneira desde que no ano 2016 os Tonios nos distinguiran coa súa compañía.

O propio humorista gráfico amosou, non sen certas doses de emoción, o seu compromiso cun humor crítico co poder, cun humor que servira para facer reflexionar e para facernos botar unhas gargalladas tamén.

Talleres SITO
MOS

Venda e servizo de maquinaria agrícola, forestal e xardín



ESTRADA PORRIÑO-REDONDELA 73B
CP. 36416 MOS
TELF. 634 88 054



Manolo
RESTAURANTE

AUTOVÍA VIGO-OURENSE - SAÍDA 305
PORRIÑO 986 333 404 - 986 344 414



CALIDADE, EXCELENCIA E TRADICIÓN EN PLENO CENTRO DA LOURIÑA.

VEN A COÑECERNOS
www.restaurantemanolo.es
info@restaurantemanolo.es

A moción do PSOE de mos sobre o transporte metropolitano da Xunta consegue o apoio do pleno

Mos

No último pleno do mes de xaneiro, os socialistas presentaron unha moción na que reclamaban melloras no servizo do transporte metropolitano que presta a Xunta de Galicia. Moción que argumentaron presentada motivada polas queixas da veciñanza, queixas que se producen tanto no concello polo que son coñecedores coma chamadas a bancada socialista.

Entre as reclamacións, atopamos o incumprimento dos horarios, incumprimento das paradas, autobuses que non cobren as necesidades da veciñanza con mobilidade reducida, non rematan as rutas chegando a estación de autobuses coma deberían, entra as cuestións que

sinalan coma máis graves. Polo que lle pedían ao concello que faga un seguimento e posterior informe que sexa remitido a Xunta, así como solicitarlle a Xunta que faga o oportuno seguimento, que res-tableza as paradas eliminadas, así coma facer cumprir o contrato a empresa concesionaria.

Victoria Alonso, voceira dos socialistas, argumentaba na súa intervención que é un servizo necesario para a veciñanza que non dispón de facilidades para des-prazarse, e que cos continuos problemas que se veñen arrastrando dende fai meses o que provocan é que a xente deixe de usar este servizo. Alonso engade que como consecuencia a eliminación e incumprimento dos servizos, ca con-seguite perda de usuarios, elabóranse informes alegando servizo deficiente. Alonso insiste en que nos concellos ru-rais, é de suma importancia o transporte público e demostra a implicación ca veciñanza en función dos servizos presta-dos. Alonso finaliza dicindo que se pode permitir que as institucións prexudiquen a veciñanza con servizos que son im-prescindibles e convida aos PP de Mos a que reclame ante a Xunta de Galicia unha solución urgente.



ofornodemosende.com
(elaboración | distribución | información)

986330222

David Vence Araujo gañador do concurso do encrucillado de "A Nova Peneira"



David Vence recollendo o premio

David Vence Araujo, gañador do concurso do encrucillado recibe o seu premio que gozará no balneario de Mondariz o próximo día 24. Parabéns David e moitas grazas a todas as persoas que participastes.

Talleres S. Malvar

Carretera de Vigo a Madrid (Antigua N550)
AVDA DE GALICIA 53 A MOS
986 092 947

EL SOL

CARBURANTES EL SOL

- Descontos de 7ct. a Taxistas + 2 lavados gratis/mes.
- Descontos de 6ct. por litro ao momento repostando un mínimo de 20 €. Gasóleo micro inflado e gasolina sen chumbo 95 Plus (Activado especial)

Estrada Porriño - Redondela 76
tel: 986336303 - administracion@carburantessel.com

Ven e Infórmate!

SILVAKARAVAN

ALQUILER AUTOCARAVANAS

Costeira, 8 - San Estéban de Budiño - SALCEDA DE CASELAS
Tel. 986 346 841 - 696 293 764 info@silvakaravan.com
www.silvakaravan.com

BAR · RESTAURANTE CASTRO

COCINA TRADICIONAL GALLEGA

Antonio Palacios, 154
Teléfono: 986 330 757

36400 PORRIÑO
Pontevedra

ALMUIÑA 08

ALQUILER Y VENTA DE REMOLQUES, PLATAFORMAS Y VEHÍCULOS DE OCASIÓN-TRANSPORTES, ENGANCHES Y REPUESTOS

664 376 272 · 630 649 217 · 986 190 542
ATIOS · O PORRIÑO

GRUPDALMUIÑA08.COM / GRUPOALMUIÑA08@HOTMAIL.COM

Entroido de Salceda de Caselas 2023

Por *G. Figueiredo*

Outra vez de volta e con moitísimas ganas, este ano 2023 Salceda recuperou os actos tradicionais e máis importantes da celebración do Entroido, logo de dous anos marcados pola COVID19. Nesta vila da Comarca da Louriña, celébrase un dos entroidos máis antigos de toda Galiza, conta con máis de 135 anos e ven enfrontando tradicionalmente aos barrios de A Feira e Castro Barreiro. Trátase de dous pequenos barrios, que pertencen á mesma parroquia, que son quen de organizar sendas verbenas o luns e o martes, en torreiros apenas separados por uns poucos metros, competindo por ter as mellores orquestras, a iluminación máis vistosa, o son máis potente...

Salceda recuperou os tres desfiles. O venres 17, o desfile infantil protagonizado polos centros escolares, contando con case 1300 nenos e nenas, volveu encher de ledicia e cor as rúas do casco urbano da localidade, dende os máis cativos e cativas das Escolas Infantís ata o alumnado da ESO e bacharelato do IES Pedras Rubias. O domingo 19 chegou a hora do desfile organizado dende a Concellería de Cultura que dirixe Álex Rodríguez, na que foi xa a súa vixésimo cuarta edición, e contou este ano con 9 agrupacións e máis de 1200 persoas participan-



Verónica Tourón co equipo organizativo do entroido

do, nun día onde acompañou o bo tempo e Salceda recibiu a milleiros de persoas para presenciar o Entroido. E xa o derradeiro desfile foi o martes, festivo local na vila, onde o centenario enfrontamento entre o Castro Barreiro e a Feira e despois de meses de duro traballo no máis absoluto dos segredos, durante os cales funciona o servizo de espionaxe para obter datos das temáticas e contidos do barrio rival. Todo é rivalidade: os traxes, a música, as coreografías, as carrozas, a potencia do son, etc. Citáronse na Praza do Concello para amosar as súas carrozas e comparsas, unha cita que se

leva celebrando cando menos dende hai 135 anos.

Dende o ano 2018 a Feira ven representando ademais o que xa se coñece como "entroido histórico", coa presentación do seu rancho de entroido formado por seis danzantes e dúas damas, que aparecen rodeados dos cabaleiros, encargados de abrir espazo entre o público para que o rancho poida realizar as súas danzas. Este ano, foron tres as localizacións onde actuou o Rancho, no Parque Raíña Aragonta, na Praza da Devesa, e na Praza do Concello. Ademais, contou tamén coa participación do Rancho Infantil de Entroi-

do, asegurando así a continuación desta mostra de Patrimonio Inmaterial.

A programación completouse co sábado, no que houbo actividades infantís e o tradicional Concerto de Entroido da Banda Cultural de Salceda. O día pechouse coa actuación da orquestra Saudade. Precisamente esta é unha das novidades do 2023, trasladando a verbenas do domingo ao sábado. Así, o domingo, a festa do entroido estivo acompañada da Discoteca Móbil Gramola Tour Track, que amenizou as coplas e a festa posterior ao Desfile de Carrozas e Comparsas. As verbenas volveron tamén aos barrios do Castro Barreiro e da Feira, o luns 18 e martes 19, logo de seren anuladas os pasados anos polas restricións da pandemia. Como novidade tamén para este ano, retransmitiuse por Youtube os desfiles de Domingo e Martes, así como a actuación do Rancho de Entroido da Feira.

A presentación desta edición, feita na Casa da Cultura Castela a mediados de febreiro, contou coa presenza de Verónica Tourón, alcaldesa de Salceda, e Alex Rodríguez, Concelleiro de Cultura, e estiveron moi ben acompañados de representantes de ámbolos dous barrios rivais, Raquel Rodríguez e Melucha Vázquez pola Feira e Rocío Troncoso e

Tu Bocata

Estamos en **Torneiros**
(Antigo Bar Cherokee)

Visítanos!

El Rincón de Ana
DULCES Y MÁS!

CHUCHES
BOLLERÍA
BOCATAS
BEBIDAS
CAFÉ PARA LLEVAR
ARTÍCULOS DE FIESTA
MATERIAL ESCOLAR
REGALOS
Y MUCHO MÁS

AVDA. DEL REBULLÓN Nº24 PUXEIROS - MOS
TELF.: 644 67 49 96

Hostal Maracaibo

Manuel Rodríguez, 50

O Porrino
986 33 09 01

*Ti crec a nosa razón de ser
conecenos*

Reportaxe

Andrea polo Barreiro, que non perderon oportunidade de defender o seu como o Entroido máis apaixonante e o único capaz de unir a todo un barrio independentemente dos gustos ou intereses.

Alex Rodríguez, Concelleiro de Cultura, dixo na presentación. “Chega o Entroido e con el a cita máis importante do ano na que sen dúbida, é a festa con máis arraigo na veciñanza. É un orgullo poder retomar os “tres entroidos nun”; o entroido infantil con máis de 1300 nenos e nenas de 0 a 16 anos desfilando pola vila, o entroido institucional con máis de 1200 participantes no XXIV desfile de carrozas e comparzas do domingo que cada ano reúne a milleiros de persoas no público, e o entroido tradicional co histórico enfrontamento entre Castro Barreiro e Feira.”

E Verónica Tourón, Alcaldesa de Salceda: “Desexo que a veciñanza poida este ano gozar xunto coas súas familias e as súas amizades do noso Entroido, unha das festas máis importantes para o noso concello. Invitar á xente de fora de Salceda a que nos visite a que disfrute connosco dun dos carnavais máis senlleiros de Galicia e que aproveite para coñecer o noso pobo, a nosa gastronomía, a nosa cultura e tradicións”.

E ben que veciños de parroquias lindas e xentes de toda Galicia escoitaron as palabras de Verónica, pois este Entroido Salceda de Caselas recibiu a visita de milleiros de persoas para presenciar os diferentes actos e ben seguro marcharon coas ganas de volver en vindeiros edicións.



Manuel Pardo de Donlebún Montesino, Capitán de Navío, Retirado, Presidente da Asociación pola Memoria Militar democrática

Opinión

De verdade este goberno loita contra o fascismo?

Desde a Asociación pola Memoria Militar Democrática (AMMD) que presido, saudamos publicamente no seu momento a aprobación da nova Lei de Memoria Democrática, que, a pesar das súas moitas limitacións, abría grandes oportunidades para enfrontar dunha vez, desde os poderes públicos, a pestilente persistencia dos valores e as actitudes do franquismo na nosa sociedade e, sobre todo, nos aparellos do estado.

Como consecuencia desta Lei, o Ministerio de Defensa estableceu unha Comisión de Seguimento da citada Lei no ámbito das súas competencias. Como pode comprenderse, a incidencia do articulado da Lei sobre os elementos simbólicos que conforman, en innumerables dominios, a idiosincrasia da nosa Forzas Armadas pode resultar determinante. A composición da citada Comisión de Seguimento quedaba constituída exclusivamente por funcionarios, civís e militares, do propio Ministerio, o que facía presaxiar elevados niveis de tolerancia con actitudes, por parte de mandos das Forzas Armadas, remisas a unha execución escrupulosa do establecido na Lei.

En consecuencia, o pasado 19 de decembro, esta AMMD dirixiuse á Presidenta da Comisión de Seguimento, a Sra. Amparo V. Subsecretaria de Defensa, con algunhas consideracións acerca da desexable participación de profesionais externos e do mundo da memoria histórica nos traballos da Comisión, algunhas suxestións sobre certas medidas que considerabamos

deben ser promovidas desde o Ministerio e, sobre todo, co rogo de que se fixese público o inventario das accións que se propoñían executar no inmediato futuro.

Este inventario, a teor do acordado na primeira reunión da Comisión, debía estar concluído o 31 de xaneiro de 2023. Tal carta non tivo nunca resposta. Por tanto, o 19 de xaneiro de 2023, dirixímonos ao Secretario de Estado de Memoria Democrática, como responsable último da aplicación da Lei no ámbito da Administración, instándolle a que interesase da Comisión de Seguimento de Defensa resposta á nosa citada carta, da que achegabamos copia. Tampouco neste caso recibimos resposta algunha, polo que o 6 de febreiro de 2023, novamente solicitamos do SE de Memoria Democrática que, velando por unha aplicación coherente dos principios que a Lei persegue, non se escude no silencio administrativo para eludir as súas responsabilidades. Nin esta nin as dúas anteriores cartas mereceron sequera un acuse de recibo, o que mostra o escaso respecto que merecen os cidadáns para unhas autoridades cuxo primeiro obxectivo ha de ser a defensa da Lei e que con tanta insistencia aluden ao seu suposto carácter democrático; será que entenden que a democracia consiste en que lles votemos cada catro anos e en mantermos despois o máis afastados posible da xestión dos asuntos que nos preocupan. Con estes antecedentes, resulta lícito preguntarse acerca da vontade do goberno de loitar contra

as reminiscencias franquistas na nosa sociedade. Se é que a Lei da Memoria Democrática e a permanente alusión á ameaza da extrema dereita non son máis que argumentos para a campaña particular dos partidos no goberno para recoller os votos do medo ao fascismo, sen un xenuíno interese en confrontalo. Especialmente, cando os cidadáns habemos de contemplar con estupor como explícitas exhibicións de nazismo, como o desfile en homenaxe aos mortos da División Azul, son autorizadas pola Delegación do Goberno de Madrid; ou como o Concello de Madrid restitúe a unha rúa o nome do cruceiro Baleares, principal instrumento do maior crime de guerra perpetrado polas forzas franquistas, sen que mereza a acción do goberno para impedirlo. E tantas outras accións da extrema dereita franquista, nazi ou fascista, que se ve encoraxada e lexitimada polo insensato apoio que está a prestar este goberno, coa conivencia da práctica totalidade das forzas parlamentarias, políticas e sindicais, ao criminal goberno de Ucraína. Un goberno que, recuperando as motivacións e os procedementos do nazismo, sostivo durante nove anos unha guerra xenocida contra a súa propia poboación de orixe rusa e que logrou, por encargo da OTAN, involucrar a Rusia nunha brutal guerra que moi probablemente estenderase a todo o continente e que ben pode converterse en nuclear, pero librada nun territorio afastado dos seus principais promotores anglo americanos.

O BRASEIRO DO LUCHO

ESPECIALIDADE EN CHURRASCO E POLOS A BRASA E POR ENCARGO A COMIDA QUE NOS PIDAS.

COMIDA PARA LEVAR E A DOMICILIO HOXE COCINAMOS NÓS!

TELF. 604 007 240 R/ Rafael Tilve Adrio, 8 SALCEDA DE CASELAS

Bar **BARREIRO**

Especialidade en hamburguesas, bocadillos e pratos combinados.

Menú do día

986 33 14 65

SANGUINEDA - MOS

CARNICERÍA **TRANVÍA** CHARCUTERÍA

Peñador, 81 Mos

Tel: 986 487 947 646 907 230

BOCATERÍA - TAPERÍA - CERVECERÍA

LADE CHATO

886 130 152

Domingo Bueno, 8 Porriño



A veciñanza de Torneiros en loita

“A nós non nos vale nin a indefinición nin a suspensión. Queremos a renuncia expresa da Zona Franca a situar o centro de transportes na nosa parroquia”

Plataforma en defensa de Torneiros

A finais do ano 2021 a veciñanza de Torneiros coñecía pola prensa as intencións da Zona Franca de chantarlles un centro de transportes de proporcións descomunais, fálase de ata 30 hectáreas, que implicaría a destrución de varias casas, que entendo se verían afectadas por un proceso de expropiación forzosa, a afectación de outras moitas que ficarían ás portas da nova instalación, e un grave prexuízo ambiental para espazos de elevado valor ecolóxico. A veciñanza afectada creou unha plataforma para defender os seus intereses e cun elevadísimo grao de consenso social comezaron a funcionar para evitar que se concretase un proxecto que eles entenden como un auténtico despropósito. Nós conversamos con tres representantes da plataforma: Fátima Rodríguez, Juan Eiras e e Christian Lorenzo



Vecinos de Torneiros recollendo sinaturas

Os 3 sodes veciños de Torneiros?

Si, no caso de Christian de nacemento e no caso meu, di Fátima, e de Juan non nacemos aquí pero levamos moitos anos vivindo na parroquia pois as nosas parellas son de aquí.

Cando nace a plataforma?

En Xuño do 2022

Cal é o motivo que explica o seu nacemento?

Nace para defender os intereses da veciñanza de Torneiros unha vez que coñecemos o proxecto de montar o mega parque do centro loxístico de transportes na nosa parroquia.

Cando coñecedes a intención de

chantarvos o centro de transportes en Torneiros?

Soubémolo porque saíu en prensa nos últimos meses do ano 2021. Naquel momento quedamos impresionados porque o que aparecía era un proxecto xigantesco que ocuparía 31 hectáreas integramente na nosa parroquia. De levarse a cabo tal cal o

presentaron quedaría enriba dunha zona de elevado valor ecolóxico, o Regato das Laxes, moi cerca dos terreos incluídos na Rede Natura, levaría varias casas de veciños e quedaría ás portas de moitas outras. En definitiva un auténtico despropósito..

Que pasos destes unha vez fostes coñecedores da situación?

Bar 59

Especialidad en CORDERO y COCIDOS
Tapas variadas y Vinos del país

Teléfono 986 63 91 44
Soutelo - Borrallño

Loterías y Apuestas del Estado

BAR CASELAS
Nieves Canosa Lorenzo

Tel. 986 349 204
Avenida de Galicia, 3 SALCEDA DE CASELAS

conchi perez
esteticistas
estilistas

Av. Victoriano Pérez Vidal, 48
Salceda de Caselas

Tfno.: 986 347 140
www.conchiperes.es

Terraza da Casa

Panadeiro
Pizzas, bocatas e comidas por encargo

PRAZA SAN MAURO, 8. PETELOS - MOS

Panadeiro

Reserva
632887478

MAPFRE | SALCEDA

C/ Joaquín Fdez. Sestelo, 26 bajo
36470 Salceda de Caselas

Teléf.: 986 347 970
Móvil: 622 851 155

E-mail: mjsaave@mapfre.com

Ben, pois nun principio estabamos como desorientados, estabamos tan alucinados que non sabiamos como actuar. Pero rapidamente comezamos a falar entre os veciños e tomamos a decisión de organizarnos para defender os nosos intereses. Por outra parte dúas organizacións políticas do Concello: O Bng e Eu-Son viñeron á nosa parroquia a dar charlas e a informarnos do estado das cousas.

Vexo que tamén comezou o movemento político?

Si, as dúas forzas políticas que antes mencionamos tamén levaron a pleno mocións contra o proxecto. E o resultado foi o apoio unánime do pleno a rexeitar a construción do centro de transportes en Torneiros.

O proxecto de quen parte?

De Zona Franca

Os terreos onde que se quere facer de quen son propiedade?

Hai terreos comunais e terreos privados.

Entón, de concretarse, non quedaría outra que expropiar?

Non aparece explicitado pero hai varias casas que levarían por diante co que entendemos que sería así. A cerna do problema ven de lonxe. Está, ao noso xuízo, en que cando se deseña o PXOM do Porriño no ano 2033 aparecen unhas casas do barrio da Ribeira, en Torneiros, incluídas nunha zona industrial. Nese momento

aos veciños afectados o que se lle di é que se trataba dun erro de redacción dos técnicos. Pero o caso é que o presunto erro nunca se modificou e daquelas augas veñen estes lodos. A solución está nun cambio do PXOM.

Unha vez que constituíste a plataforma pedistes unha xuntanza co alcalde verdade?

Si, o primeiro que fixemos foi un documento no que reflectiamos a finalidade da plataforma e os obxectivos que tiñamos e logo xa peidos esa reunión co alcalde.

Atendeuvos ben?

Si, de inmediato.

E que impresión quitastes da xuntanza con Alejandro?

Atendeunos moi ben, foi todo moi cordial, pareceu amosar sensibilidade aos nosos argumentos pero non vemos que dea pasos claros para defendelos con contundencia.

E co resto de grupos políticos?

Fixémoslle chegar o noso documento. Como antes mencionei tanto o BNG como EU-Son amósanse sensibles ás nosas demandas e teñen unha posición activa. O PSOE e Manuel Carrera unicamente acusaron o recibo da nosa comunicación

Como está o ambiente na parroquia en relación con este asunto?

Para nós a cohesión social da veciñanza

de Torneiros era prioritaria e foi algo que buscamos desde o principio e onde investimos o maior esforzo. O que pulsamos nas xuntanzas cos colectivos, nas rúas e camiños da nosa parroquia é un sentimento abafador de rexeitamento ao centro de transportes. Temos o apoio da Comunidade de Montes e da maioría das asociacións.

En que fase está o proxecto no momento presente?

Agora mesmo estamos como en terra de ninguén, como nunha especie de fase de indefinición. Pensamos que o motivo está na inminencia das eleccións municipais de maio. Despois veremos como evolucionan os acontecementos. As últimas declaracións que coñecemos de David Regades non falan da suspensión do proxecto senón que Zona Franca fixo o seu traballo de redacción do proxecto e que agora a pelota está no tellado da Xunta..Nós o que perseguimos é , nin a indefinición nin a suspensión, senón a renuncia explícita da Zona Franca a situar o centro de transportes na nosa parroquia.

E non vos reunistes con ningún representante da Xunta?

Si. Xuntámonos en Vigo cun director xeral que veu de Santiago e á xuntanza acompañounos o alcalde.

Que conclusións tirastes da Xuntanza?

O que nos dixo é que eles non tiñan coñecemento oficial do tema, que algo sabía claro, pois nalgunha xuntanza que tivera con Regades por outro asunto saíra o asunto e que incluso chegara a ensinarlle uns mapas, pero que oficialmente aínda non se fixera ningún tipo de trámite. Sobre o que lle ensinamos nós e os mapas que supostamente lle amosou Regades, nestes a superficie afectada era menor.

Rematamos: cales serían os principais argumentos que, na vosa opinión, amosarían que non se debe chantar o centro de transportes na parroquia de Torneiros?

-O tamaño desproporcionado en relación coa superficie que ten a nosa parroquia

-O impacto social que afectaría a veciños que perderían as súas vivendas de toda a vida e a moitos outros que terían unha construción xigantesca á porta das súas casas

-O impacto ambiental pois zonas de alto valor ecolóxico se verían directamente afectadas

-Empeoramento substancial das nosas condicións de vida

-É unha obra que non vai achegar, nada, pero nada en absoluto, positivo á veciñanza de Torneiros.



Pizzería
Cerkanías
Bocatería
Desde 1998

C/ Argentina, 9
Salceda de Caselas
Tlf.: 986 343 045

Síguenos en : Cerkanías

Cerramos los Martes
De Lunes a Viernes hay MENÚ DEL DÍA
Hacemos comidas para llevar

RIVADA SEGUROS

Generales, vida e inversión

Estrada de O Porriño a Redondela, 153 (36415) MOS

Tlf. 986 33 74 81 / Fax: 986 33 94 12

seguros@rivadaseguros.com



APVCA

APLICACIÓN DE SISTEMAS DE IMPERMEABILIZACIÓN
Personal especializado e profesional

DEPÓSITOS DE COMUNIDADES DE AUGAS
Impermeabilización, limpeza e desinfección **CERTIFICADA**

SERVIZOS A EMPRESAS E COMUNIDADES
Pavimento, fachada, patio, garaxe, mantementos...

APLIVILCA

APLICACIÓN E VENDA DE PRODUCTOS



Subida ó Rebullón 28 - Mos Telf.: 986 49 88 72 www.aplivilca.com info@aplivilca.com

A Louriña

Porriño destina 180.000 euros para cursos en 16 asociacións culturais e de veciños

As actividades que abranguen dende teatro, costura, baile, música, arte floral, poda e diversas modalidades deportivas prolonganse ao longo de todo o ano nas sete parroquias e no centro urbano

O Porriño

. Aerobic, zumba, ximnasia, pilates, teatro, pintura, música e baile tradicionais, coro, playback, acordeón, costura, labores, manualidades, arte floral e incluso poda e enxertos. Así de variada é a listaxe de cursos formativos e de lecer que dende o Concello do Porriño ofrecen ás 16 asociacións culturais e de veciños de todo o termo municipal.

“Adaptámonos ás necesidades e preferencias de cada unha das entidades. Son elas as que

elixen que cursos impartir, simplemente o teñen que solicitar e dende o Concello xestionamos a súa posta en marcha, facilitando monitor e materiais”, explica o concelleiro de Cultura, Bienvenido Estévez.

Trátase do servizo, xa adxudicado, para impartir diversas actividades nos centros socioculturais de titularidade municipal, e que deu comezo fai unhas semanas co inicio das primeiras clases. Unha iniciativa para a cal o Con-

cello do Porriño destina unha partida anual de 180.000 euros. O servizo retomouse o pasado ano 2022 logo de estar paralizado en 2020 e 2021 por mor da pandemia da COVID.

“Son diversos os obxectivos cos que dende o Concello impulsamos estes cursos en todas as parroquias e tamén no casco urbano, achegándoos ao máximo á toda a veciñanza, tanto á xente nova como aos maiores”, puntualiza o

alcalde Alejandro Lorenzo. Dinamizar as actividades culturais do Concello; fomentar e potenciar a relación con outras persoas e o traballo en grupo; potenciar a capacidade creativa, facilitando sempre os medios e ferramentas; posibilitar a adquisición de técnicas instrumentais e habilidades básicas no tempo de ocio e impulsar accións formativas, culturais e de desenvolvemento artístico e persoal son os fins desta iniciativa.



- RÓTULOS
- ROTULACIÓN DE VEHÍCULOS
- IMPRESIÓN DIGITAL
- LÁSER
- FRESADO CNC

986 33 25 26
676 85 02 44
Síguenos en: [Facebook icon] [Instagram icon]

cita: 986 34 09 95
638 93 08 23



c/ pontevedra bajo 11
salceda de caselas




O Porriño - RÚA PROGRESO 5
Tui - RÚA CASAL ABOY 4

986 334 079



C/ Victoriano Pérez Vidal, 37
Telf.: 633 15 28 23

CAFÉ - BAR



Puxeiros - Mos 986 48 79 18



Telf. 986.349.434

C/ Coruña, 2
36470 Salceda de Caselas
pegadasclinicaveterinaria@gmail.com

Medicina General
Medicina Preventiva
Identificación
Radiología
Cirugía
Servicio a domicilio
Tienda especializada
Peluquería



Elisa Rodríguez Vaqueiro
T. 675 846 202
farafloristas@gmail.com




“En Puxeiros”

Rúa Ludeiro 31 A - Mos 986 682 494

info@ferreteriamos.com
www.ferreteriamos.com

TODO PARA EL PROFESIONAL



Abel Caballero e o Rei Sol



Momento da manifestación en Vigo

No concello de Ponte Caldelas gobernou toda a vida a dereita, incluso a alcaldía chegou a pasar de pai a fillo (22 anos alcalde Fidel Rodríguez, o pai, e 13 o fillo, un modelo case Perfecto), como pasaban

os antigos feudos e señoríos medievais, ou as posesións dos caciques locais que tan ben coñecemos no país galego. Parecía imposible desaloxar á dereita nepotista da alcaldía desta fermosa localidade.



Faixa d@s traballador@s de Vitrassa

Pero pouco antes das eleccións do 2015 un problema na parroquia da Reigosa subestimado polo goberno municipal, algo relacionado cun crematorio, fixo que toda esa parroquia retirara o seu apoio ao partido popular e o que pare-

cía imposible fíxose realidade. O PP perdeu, polos pelos pero perdeu a maioría absoluta, e o socialista Andrés Díaz encabezou un goberno tripartito que lle deu a alcaldía. Acadou unha cómoda maioría absoluta no 2019 que presumo repetirá no 2023.

O pasado domingo 5 de febreiro centos de vigueses e viguesas reclamaban na porta do Sol da nosa cidade un modelo de xestión municipal diferente ao que practica o actual alcalde de Vigo. Fronte á megalomanía, reclamaban cordura. Fronte ao histrionismo reclamaban seriedade. Fronte ao xigantismo reclamaban sensatez. Fronte ao desprezo reclamaban humanidade. E fronte á cantidade reclamaban cualidade. E non, malia a crónicas vergonzosas de quen non sei se estivo alí, pero que parece que se gañan o pan facendo a pelota aos que mandan na cidade, non eran catro gatos como suxerían algúns. Eran centos de homes e mulleres de Vigo que merecen ser escoitados, atendidos e considerar os seus problemas e demandas exactamente igual que os que formulan aqueles que din que si a todo, e os que rin as grazas de quen non ten a máis mínima graza.

Unha maioría abafadora gañada de maneira lexítimas nas urnas, non lexítima a ninguén a non considerar as necesidades de quen discrepa, a desprezar a quen non apoia ao usufrutuário desa



Por *Tino Lago*

maioría absoluta, ou a mentir achacando sempre á militancia ou simpatía por organizacións políticas concretas a quen só son veciños e veciñas que se organizan para defender os seus intereses.

Faría ben o alcalde de Vigo en non desprezar a ningún dos 17 colectivos que convocaron a concentración do pasado día 5, porque nada é eterno e a súa maioría absoluta acabará algún día pero a veciñanza de Bembrive seguirá existindo, porque a súa alcaldía acabará algún día pero o dereito ao descanso e a unha vida normal nos meses de novembro e decembro da veciñanza de Vigo centro seguirán estando alí. E así como o PP de Pontecaldelas subestimou á veciñanza da Reigosa no seu momento e perdeu a alcaldía de xeito completamente inesperado, ou así como o PP de Baiona subestimou á veciñanza de Baredo, e ocorréuselles a disparatada idea de propor chantarilles un campo de golf en plena parroquia e tamén perdeu, de maneira non esperada, ás eleccións do 2019, Abel Caballero perderá tamén algún día, porque malia que especulo que lle gustaría, el non é Luis XIV, el non é O Rei Sol que poida dicir "Vigo son eu". Todo o contrario, Vigo somos todas e todos os que aquí vivimos.

JULIO PIÑEIRO
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

Rua Argentina, nº 9 Baixo
36470 – SALCEDA DE CASELAS

Tfnos. 606 968 156 e 986 347996
julio.pineiro.barros@coitagalicia.org

FLOR DE LOTO
Arte Floral

Ctra. Peinador nº 26 Bajo - Puxeiros
Tameiga - Mos

teléfono: 986 48 60 20
móvil: 687 46 76 34
696 15 63 59

E-mail: flordelotomos@gmail.com

Horario
Lunes a viernes: 10:00 a 13:30
16:30 a 20:00
Sábado: 10:00 a 14:00

crisbor
peluquería

Avda. Galicia, 25 - Baixo
986 34 79 52
Salceda de Caselas

TALLERES Ferreira
SERVICIO TÉCNICO
Venta, Alquiler y Reparación de Carretillas

C/. Amieirolongo (Las Angustias), n.º 69
36418 MOS (Pontevedra)

e-mail: taller.ferreira@hotmail.com

Tifs.: 986 331 397 - 986 333 489
Fax: 986 344 019

CARNICERÍA CHARGUTERÍA

Carnicas Progreso

PRECIO Y CALIDAD SIN COMPETENCIA

C/ Progreso - Mos - 986 34 43 09 (al lado del supermercado DIA)

"Se máis sostible cultiva a tua propia froita, xa están aquí as árbores en cepellón e a raíz núa"

adoa
CENTROS DE XARDINERÍA

Campo, xardín, fogar

Estrada das Plantas, s/n Tameiga, Mos

www.adoa.es

A Xustiza anula as adxudicacións de naves industriais concedidas por Nidia Arévalo

Mos

A sentenza da Audiencia Provincial considera que non é válido o compromiso que, a segunda afirmaban as empresas demandantes, despois de a alcaldesa de Mos de contratos, nin sequera hai informes técnicos previos e, sobre todo, non se someteu ao arbitrio do Pleno de Mos, órgano competente para resolver sobre esta cuestión. Na sentenza os xuíces chamaman a atención sobre a actuación da propia alcaldesa, do máximo legal de 50 anos como pretendía a alcaldesa de Mos,

destes empresarios, cando ela non é competente e o propio pleno de Mos ten emitido resolucions en contra de prorrogar concesions unha vez esgotados os 50 anos permitidos por lei. O Tribunal Provincial destaca tamén que as empresas demandantes non cumpriron as contrapartidas comprometidas para a concesión da prorrogación, xa que segundo reflexa a sentenza non queda acreditado que crearan postos de traballo nin que invertiran en mellorar as instala-

lacións “Esta sentenza ven a respaldar o traballo da Comunidade de Montes de Tameiga por regularizar os alugueres no polígono de Monte Faquiña. Acabaronse os chanchullos, agora todas as empresas pagarán o mesmo polo aluguer. Un prezo m2 fixado pola asemblea de comeneiros e sempre por debaixo do prezo de mercado” subliña Cesar Lago, presidente da Comunidade de Montes de Tameiga. Resaltan desde a Comunidade que o Polígono Industrial de Monte Faquiña está con plena ocupación, a pesar das reiteradas ameazas de algún destes empresarios de fuxir a Portugal. “Non esquezamos que o recaudado no polígono se destina a labor social e cultural na parroquia de Tameiga” indica o presidente da Comunidade de Tameiga.



O ENCRUCILLADO

Por Khan dean

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17
A																	
B																	
C																	
D																	
E																	
F																	
G																	
H																	
I																	
K																	
L																	
M																	

HORIZONTAIS

A-CONCELLO DO BAIXO MIÑO- OUTRO CONCELLO DO BAIXO MIÑO-AO REVÉS PRIMEIRA NOTA MUSICAL. B-SARDIÑAS PEQUENAS-MOEDA FRANCESA DE OURO EQUIVALENTE A VINTE FRANCO-PLANETA DO SISTEMA SOLAR. C- AO REVÉS O CONTRARIO QUE MALO-50-UN-MARCHABA-500-RECEN. D-UNIÓN EUROPEA-LOGRA, CONSEGUIR-O QUE NON FAN OS OBREIROS QUE VOTAN Á DEREITA. E-TALLA GRANDE-CONSOANTE-EXXOGADOR ANDALUZ DO CELTA INTERNACIONAL ESPAÑOL-VOGAL-VOGAL. F-A ENERXÍA QUE PRODUCEN OS MUÍÑOS DE VENTO- EXPEDIENTE DE REGULACIÓN DE EMPREGO-VARONS PROCEDENTES DA UNIÓN CARNAL ENTRE UN PAI E UNHA NAI. G- CONSOANTE-PAXARO- ARS.....LIBRO DE OVIDIO SOBRE AS ARTES AMATORIAS- MODELO DE COCHE CITROËN MOI POPULAR NOS ANOS 80 E 90 DO SÉCULO PASADO. H MULLER CASADA-VOGAL- O CONTRARIO DE SEMPRE. I EXCLAMACIÓN EMPREGADA PARA ANIMAR- TRINITROTOLUENO- NA DE VIGO ESTÁN AS ILLAS CIES- PROXECTIL DISPARADO POR UNHA ARMA DE FOGO. K- ESCRITOR GALEGO AUTOR DE "MORTE DE REI".L- NA MITOLOXÍA GREGA DEUS RESPONSABLE DA ATRACCIÓN SEXUAL..... BLANCO AMOR-100. M-MOI BAIXA- AO REVÉS O CONTRARIO DE MAL-FORMA MÁIS CONVENIENTE DE FACER ALGO

VERTICAIS

1-XOGUETE CONSISTENTE NUNHA ESFERA OCA QUE LEVA DENTRO ALGUNHA BOLIÑA QUE AO SER AXITADA PRODUCE SON-1º PERSOA DE SINGULAR DO FUTURO DE SUBXUNTIVO DO VERBO DAR.2-CURVATURA ESAXERADA DAS COSTAS-CAMPO SEMENTADO DE CEREAIS.3-VOGAL REPETIDA-QUE COMEN MOITO E QUE GOZAN FACÉNDOO.4- UN DOS CASOS DA DECLINACIÓN LATINA-ABREVIATURA DE ISABEL.5-ANIMAL ANFIBIO-100-RECIPIENTE FEITO DE VIMBIOS.6-DIVISIÓN DE AUTOMÓBILES DE ALTA GAMA DE CITROËN- NOME DE MULLER.....FOLE, ESCRITOR GALEGO.7-VOGAL-TOLO-VOGAL-ENTEIRA.8-50-MULLER NATURAL DE ALEMAÑA-INTERXECCIÓN QUE EXPRESA DÚBIDA OU SUSPICACIA.9-CONCELLO DO BAIXO MIÑO- ENFADO MAIÚSCULO-AO REVÉS RÍO DE SUIZA-10-CONCELLO DO BAIXO MIÑO-POSÚE-DEP.11-MILISEGUNDO- RIO DE ITALIA-500-GRUPO HEAVY AUSTRALIANO.12-UN-PREPOSICIÓN-REMATE-CONTRACCIÓN DE PREPOSICIÓN MÁIS ARTIGO.13- MAMÍFERO RUMIANTE AFRICANO-CONSOANTE-UN-VOGAL-CONSOANTE-10.14- CONCELLO DO BAIXO MIÑO-LIGA DE BALONCESTO EN EEUU- VOGAL.15-PASA O ARADO-PSIQUIATRA FRANCÉS CONTINUADOR DE FREUD-UN.16-AO REVÉS MAMÍFERO RUMIANTE DA FAMILIA DOS CÉRVIDOS- OGALLÁ- CONSOANTE.17-TRATAMENTO DE RESPECTO- XORNAL DEPORTIVO ESPAÑOL-VOGAL-CONTRACCIÓN DE CA+O

SOLUCIÓNS

Hermes & Atenea

Deporte
Cultura

Nº 124

XORNAL GALEGO DE CULTURA E DEPORTES

Febreiro 2023 - 2€



Dende 1962 ó seu servizo

CONFITERIA



Fila

PASTELERÍA ARTESANA

Casto Sampedro, 4
Teléfono 986 401 718
REDONDELA (Pontevedra)



Café Os Amigos

CAFÉ OS AMIGOS

Avda. de Redondela 115 CHAPELA



1875

GARINA

RÚA TELMO BERNARDEZ, 13 - TEL. 986 40 11 56
REDONDELA



Casa Consejo

Peixes e mariscos da ría de Vigo

Menú do día

Rúa Sidoro Queimaliños, 41
REDONDELA
986 40 11 94

DESFRUTA DAS CARREIRAS DE MOTO GP EN DIRECTO CON NOS

POOL BAR VIDEO CLUBE



NA LUA

Ernestina Otero, 49 - Tel. 986 402 462
Tel. 986 401 394 - REDONDELA

“Se o PSOE presenta outro candidato ou candidata, chegado o caso, podería ter o apoio de AER. Se presenta a Digna Rivas AER vaise votar a si mesma, e o PSOE sería o único responsable da posible volta de Javier Bas á alcaldía”

Agrupación de Electores de Redondela

A agrupación de electores de Redondela ven sendo, desde o 2011, un actor enormemente relevante na vida política local, de feito a aritmética municipal, sempre tan caprichosa, púxolles nos tres últimos mandatos na tesitura de decidiren cos seus votos quen sería o alcalde ou alcaldesa da vila dos viadutos. A piques dun novo proceso electoral conversamos de novo con eles, e como sempre foi unha conversa moi interesante e cargada de contido. Falamos con Roberto Villar, Daniel Boullosa, Xosé Manuel Vila e Cuni Orge. Velaí vai

AER naceu no ano 2011, canto tempo levades vós facendo política na agrupación de electores?

Das 4 persoas que estamos aquí: Roberto comezou no ano 2014, Daniel no 2016 e os dous restantes comezamos no 2018

Supoño que entrariades en AER porque vos seduciú a súa mensaxe rexeñadora e as súas proclamas de facer política pensando exclusivamente no ben común de Redondela sen ter en conta ningún tipo de interese partidario supra municipal. Que quedou de todo aquilo?

A esencia e a mesma. Poden mudar as persoas pero a vontade é de facer política da mesma maneira que describes. O paso do tempo o que fixo foi enriquecernos, especialmente coa nosa experiencia de goberno. Agora sabemos como funciona a administración e que non todos os cambios poden

ser tan rápidos como a nós nos gustaría. A esencia de AER está na antítese do personalismo. Aínda que muden as caras o que é realmente importante é o colectivo.

Podedes dicir con rotundidade que a esencia de AER 2023 é a mesma cá de AER 2011?

Nós que estamos dentro dicimos con rotundidade que si. Nas asembleas só se fala de Redondela, e poderemos acertar ou non pero todo se debate e todo se decide de maneira escrupulosamente democrática, pensando só no ben común de Redondela.

É Digna Rivas a “peor alcaldesa da historia de Redondela”?

Alcaldesas só houbo unha e nesa expresión están incluídos tamén os alcaldes. De todos os que coñecemos nós Digna é a peor sen dúbida. Esta é unha valoración política, non persoal, que quede claro. Pero no que se refire á súa xestión Digna é a peor.



Integrantes da Agrupación de Electores de Redondela

É peor que Javier Bas?

Javier Bas ten moita máis capacidade política que Digna Rivas. A distancia entre ambos é sideral. Asemade ela é moi botada para adiante e non mide as consecuencias. O exemplo máis claro é a ruptura do pacto de goberno. A metade de mandato quedaron con 7 concelleiros o que para un concello como Redondela é unha barbaridade.

Cal é a valoración dos dous anos vosos no goberno?

Serviunos de aprendizaxe. Decatámonos do lento que van os procedementos administrativos e do difícil que é ter iniciativa e facer cousas. O máis doado sería estar e non facer nada. Nós optamos polo camiño

difícil, rompémosnos a cabeza e tratar de facer cousas revolucionarias para intentar conseguir resultados.

Que intentou AER facer “revolucionario” nos dous anos que estivo no goberno?

Dicir sempre a verdade. E non tratar de facer promesas que non fosen posible cumprir. Tratar de atender a todos por igual sen considerar as súas simpatías ou antipatías políticas. Arranxar os problemas en base a criterios técnicos e non de interese político. Así o trataron de facer cada día os nosos concelleiros e como exemplo podemos amosar a firmeza que sempre amosou Roberto.

682 152 025
886 310 557

Vigo - Travesía de Vigo, 133 - Telfn: 986 37 22 42
Redondela - C/ Alfonso XII, 27 - Telfn: 986 40 48 68

Rúa Meixón Frío, 7
Redondela

A que vos referides, ao asunto das algas?

Non me gustaría meternos en fonduras no que a ese asunto se refire- di Roberto- Ese tema foi o detonante da ruptura do goberno e non foi máis ca un capricho da alcaldesa. A miña concellería só estaba aplicando a normativa. A directiva Habitat que é unha norma europea. A alcaldesa tirou polo populismo.

Non entendo iso de que “tirou polo populismo”?

Iso é unha máxima da política desta alcaldesa. Á mínima crítica da veciñanza que se lle ven enriba, recúa ou muda de criterio.

Xa tedes máis ou menos artellada a lista que ides presentar no 2023?

Non. Faremos o de sempre. Será un exercicio escrupulosamente democrático de decisión colectiva.

Con que expectativas e perspectivas ides presentarvos desta volta?

As mesmas de sempre: darlle voz ás veciñas e veciños de Redondela descontentas coas forzas políticas tradicionais. Nós estaremos onde a veciñanza queira colocarnos. O que nos gustaría deixar claro é que os homes e mulleres de AER non estamos na política para buscar un posto de traballo e gañarnos a vida con el. Facer da política unha profesión perversa, e nós estamos nas antípodas dese modus operandi.

Despois de rachar o bipartito propuxestes ao PP facerdes unha moción de censura a Digna Rivas?

Si, démoslle uns meses ao novo goberno para ver como o facía. Xa vimos que era un desastre e por responsabilidade si, si que llo propuxemos.

E cal foi a contestación do PP?

Dixéronnos algo así como que as mocións traíanlle malos recordos. Nós só podemos especular sobre cal foi o motivo real que lles levou a non aceptar, pero entendemos que valoraron que se a aceptaban a alcaldesa tería que ser Carmen Amoedo, e claro iso

dificultaría a volta de Javier Bas.

Ah si. Entón vós entendedes que esa puido ser a razón que levou ao PP a non aceptar a vosa proposta de moción de censura?

Si, entendemos que Javier Bas vetou a Carmen Amoedo.

No suposto, perfectamente verosímil, de que a aritmética municipal sitúe novamente a AER na posición chave de que os vosos votos decidan quen vai ser o alcalde ou alcaldesa, que ides facer?

Se antes non queríamos que Javier Bas sexa o alcalde agora moito menos. Pero tampouco queremos que siga Digna Rivas.

Xa, pero unha terceira opción non a vexo posible, polo tanto se se dese esa hipótese que fariades?

Proporíamolle ao PSOE que presentase a outro candidato ou candidata, a calquera ,nós non temos problema con ningún. E se fose así apoiariamos ao candidato do PSOE. No caso de que a candidata sexa Digna Rivas AER vótase a si mesma, e o partido socialista sería o único responsable da volta de Javier Bas á alcaldía de Redondela.

Así de claro?

Así de claro. Digna Rivas non está preparada para ser alcaldesa de Redondela. O seu despacho é unha ditadura: cara amable para fóra e puño de ferro para dentro.

Por exemplo?

Os casos de Marta Alonso e de Leonardo aos que a alcaldesa lles cortou a cabeza. Nós cremos que Carmela Silva ten motivos para estar preocupada por Redondela. Isto é un desastre e non vaia ser que o seu resultado lle dea un susto na Deputación.

Rematamos; que pode encontrar un veciño ou veciña de Redondela en AER?

Unha forma de traballar radicalmente democrática nas antípodas da tradicional política clientelar. Nós presentámonos para facer política no sentido estrito do que debe ser a política: a defensa do colectivo e do ben común.

O BNG leva a mortandade da ameixa na Enseada ao Parlamento Galego

Nun encontro con mariscadoras de Redondela a deputada Carmela González exixiu “compromisos do goberno galego en defensa dun sector composto maioritariamente de mulleres”

Redondela

Na xuntanza púxose sobre a mesa a difícil situación que está a atravesar o sector do marisqueo a pé na Enseada en xeral e en Redondela en particular. “Estamos ante un panorama desolador, con bancos totalmente arrasados, no que a cría non medra ou simplemente morre”, manifestaron as representantes da mariscadoras.

No encontro no que participaron o compañeiro Anxo Lusquiños, a concelleira Jérica García, o voceiro municipal Xoán Carlos González e a deputada Carmela González “serviu para transmitir a preocupación da organización nacionalista polo futuro do sector”.

Por parte das traballadoras do mar volveron reivindicar a necesidade de “compromisos reais por un sector que pode ter futuro”. Reclamaron en todo momento que de verdade se lles dea resposta ás súas necesidades, “non podemos consentir que se nos siga tratando como a pata máis feble do sector do mar”.

Ao longo da xuntanza expúxéronse as diferentes iniciativas presentadas dende o BNG. “Transmitímoslle á eurodeputada Ana Miranda a problemática, quen xa reclamou en Bruxelas axudas para o sector”.

Entre as iniciativas presentadas polo BNG, recóllense “ que o goberno ga-



Imaxe da reunión na sede do BNG de Redondela coas mariscadoras

lego poña en marcha estudos para coñecer os motivos da baixa salinidade das rías, e desenvolver medidas para a rexeneración dos bancos marisqueiros”. Recordou Carmela González, que o Parlamento é o instrumento democrático para que a Xunta se poña a traballar.

O voceiro nacionalista Xoán Carlos González denunciou “o desinterese da Xunta de Galiza polo colectivo de traballadoras do mar. O marisqueo en Redondela pode ter futuro, e a produción da Enseada por ser vendido como un selo de calidade”

Pola súa banda a deputada Carmela González “criticou a visita da conselleira a Arcade, onde se volveu a ningunear a estas traballadoras, polas que a Xunta non fai absolutamente nada. Presentamos iniciativas no Parlamento para que se movan, e adiquiran de verdade compromisos para mellorar as condicións do sector do marisqueo a pé composto maioritariamente por mulleres”, engadiu finalmente



AA de bolos celtas

LUME NOS CÚS

Soutomaior

CONSTRUCCIONES
NIETO

687 612 774 · 677 513 604
info@nietoconstrucciones.com

PERFUMES REDONDELA
Temos a marca branca do teu perfume

30 ml. - 6,90€ 50 ml. - 10,90€ 100ml. - 19,90€

Refan

Reveriano Soutullo, 6
(Rúa do Medio)
REDONDELA

PERFUMES XABÓNS COSMÉTICA MAQUILLAXE

A Comparsa “Tío Emilio” de Redondela

“Máis de 30 anos despois de termos comezado coa comparsa aínda temos moitas gañas de Entroido”

Rodolfo Méndez, Loló e Modesto González, Tío

O Entroido é unha festa nas que un universo de luz, cor e fantasía asolagan as rúas das cidades e pobos que o celebran. É unha celebración que convida a erguer unha copa metafórica, e non metafórica tamén, e brindar pola vida, o amor e a fraternidade coas persoas que queremos e nos queren. Na nosa vila existe desde preto de 40 anos unha comparsa que ameniza as nosas rúas nesta popular festa. Eles son Tío Emilio, con ese nome nacen en 1987 pero na realidade xa existían desde uns anos antes. O nome deriva do 1º libro do entroido de Emilio Argibay, un libro feito a man. E a actual comparsa é o xermolo da Rondalla de Redondela á que como é sabido estou profundamente vinculado afectivamente. Nós falamos con dous dos membros máis antigos de “Tío Emilio”:

Como xorde a idea da comparsa?

Nace dunha tradición moi importante en Redondela que consistía en que o día das comadres as mulleres se xuntaban todas. Entón os homes tiñan que facer algo e comezaron a quedar para ir comer ao “Sube si podes” de Cedeira. Logo baixaban a Redondela, disfrazábanse e ían de viños e troula por toda a localidade.

Pero esa comparsa aínda non se chamaba “Tío Emilio” verdade?

Non, esa é o xermolo da comparsa actual. Nalgún momento comezou a perder folgos e nunha xuntanza os

de daquela eramos os máis novos do grupo decidimos facernos cargo dela e comezou a fase actual. Fixemos diversas innovacións entre elas a substitución dos músicos, que resultaban carísimos, polo que chamamos o “carrito”

Como é iso do “carrito”, non será o de Manolo Escobar?

Ha ha ha ha... Non, aquel era un carro é o noso é un carricho con mesa de mesturas e altofalantes que disfrazamos segundo vexamos nós. Lembro que o primeiro que usamos tiña as bucinas de propaganda do BNG.

Ha ha ha ha, pero non iríades por aí berrando “Vota BNG”



Fotografía Redacción

Loló e Tío

???

Ha ha ha. Non, claro que non. Aquí lo soar soaba moi ben pero consignas políticas non emitiamos. Foron pasando os anos e o carro foi mellorando moito.

Ata hoxe, que se pode dicir que é un carro de alta gama?

Home non sei pero desde logo que está moi ben. E temos que agradecerllo ao noso particular “enxeñeiro” Luis Valle que é un auténtico fenómeno.

Quen é o poeta que compón as letras das coplas?

Luis Pereda desde logo. Aínda que o tema de cantar non é que funcionara moi ben, supomos que por ver-

gonza.

Os libretos do entroido xa non son como aquel primeiro libro de Emilio Argibay?

Non claro. Aquel é unha peza de museo, un libro feito a man. Agora facémolos xa cun programa informático.

Todos aos anos hai un libro?

Si, desde 1987.

Conservamos todos?

Non, algún falta.

Cantos sodes agora?

27, malia que chegamos a ser 40. Ímonos facendo maiores e a idade non perdoa

E de que idades?

Houbo renovación. Os máis novos

+ 34 667 709 495

@PELUQUERIAGUAU

GUAU

SALÓN PELUQUERÍA CANINA

C/ SALGUEIRAL Nº1
BAJO 5 REDONDELA
PONTEVEDRA 36800

EL MEJOR CUIDADO
PARA TUS MASCOTAS!

LAGO'S

PELUQUEROS

Jose Francisco Lago Otero

C/ Ribeira, 9
Redondela

Tel.: 986 40 29 63



Bar da
Estación
de tren de
Redondela
Visítanos!

La Costinera

Damos vida a tu hogar

Alejandro Rodríguez Gallego

Avda. Ernestina, 38 [REDONDELA] Telf. 986 40 13 06

Avda. José Solla, 8 [ARCADE] Telf. 986 70 06 01

Entrevista

están nos 30 e os máis vellos rozan os 70. Dúas altas moi importantes foron Pepe Sirelo e Quique de Pontevedra, alcumado Casandra, que son dous animadores excelentes.

Todo homes. Soa un pouco machista, non?

Todo homes si, pero de machismo nada. Xurdiu como che explicamos antes: eran as propias mulleres as que decidían xuntarse para ir de troula e nós acabamos facendo o mesmo. En calquera caso o martes de entroido saímos un grupo que tamén leva mulleres e nenos. O grupo chámase "Os do martes". Sae tamén co "carrito" aínda que decorado doutra maneira.

No Entroido de Verán participades con mulleres non?

Sí, aí si. Nós somos unha comparación do entroido tradicional, pero o de

verán adquiriu unha dimensión tan importante en Redondela que entendemos que tamén debemos de estar.

Supoño que o paso do tempo fai difícil continuar coa tradición?

Non é fácil, a verdade é que non. Isto segue vivo porque hai media dúcia de persoas moi implicadas emocionalmente que son as que permiten que "Tío Emilio" siga vivindo. O resto acompaña. Pero iso pasa así en todo tipo de colectivos.

Como vos financiades?

Temos unha serie de gastos claro e temos que autofinanciarnos para cubrilos. Pagamos unha cota de arredor de 10€ ao mes.

Canto dura a festa?

12 horas

E aguantades?

Cada ano costa máis pero imos aguantando si porque máis de 30 anos despois aínda temos moitas gañas de Entroido.

Tedes unha exposición no multiusos verdade?

Si, é unha exposición con vontade de permanencia. Alí temos elementos significativos do entroido de Redondela. Non só do entroido de Tío Emilio senón do entroido en xeral. Recomendamos ás lectoras e lectores que se animen a visitar a exposición pois poderán atoparse con cousas moi interesantes: fotos antigas do entroido, traxes, recortes de prensa.....

Se alguén quere incorporarse a "Tío Emilio"?

Sempre que sexa sumar será benvido. Hai que ter gañas de festa e ter sentido por suposto. E se canta e toca algún instrumento aínda mellor.

Ao longo da vosa historia hai algún sitio nos que vos teñades xuntado que vos traia lembranzas especialmente bonitas?

Se cadra o antigo Alborada. Alí faciamos unhas festas maravillosas.



Xoan Alonso "Pipa"

Opinión

O parche

O difunto do Churi e Felucho levantaron a Manolito do chan cando se decataron de que os berros eran de dor e non de ledicia. Manolo tapaba a súa cara coma Djukic cando marrara en 1994 aquel penalti fronte o Valencia que lle daba a liga ao Deportivo da Coruña. Axeonllado, agochado tras das cuncas das súa mans, Manolito tamén agardaba que alguén baixara do ceo e o despertara daquel pesadelo.

Deixaron a Manolito no limiar do portal da súa casa, coma quen deixa un recién nado na porta dunha igrexa.

Todos temos días bos e todos temos días malos. Uns e outros vanse alternando sen aviso previo.

Aquela tarde, Manolito no atinaba unha nin chuzando. Nin tirando de pino. Nin rozando as bolas contra a pedra do poste da luz para que non se lle ecorregaran.

A súa bola preferida xa durmía no peto do Silvio, un cativo de Venezuela que levaba non máis dun mes vivindo no edificio de Roque e que tamén sabía xogar ás bolas coma o cativo que había de traer para o Campo das Redes a primeira medalla de ouro nuns xogos olímpicos.

Todos sabemos que non é doado retirarse cando perdes. Tamén sabemos que o que gaña non se retira ata que o que perde non ten nada que ofrecer. Iso, é lei. Xa podía chamar a túa nai ou o Papa de Roma.

Os petos de Manolito estaban cheos de area e ollos eran como o vidro dun acuario. As bágoas querendo facelo seu camiño, meixela abaixo, e nós, agardando a enchente.

Silvio e Manolito acordaron botala derradeira partida ao "ploquin cuarta". O xogo era o mesmo co ploquin. Atinar na outra bola. Mais desta vez, para tirar, podías

adiantala canica unha cuarta, e, para gañar, ben podías acertar na bola ou dexaila á distancia máxima dunha cuarta.

Manolo tiña a partida gañada. Dous centímetros para facer cuarta.

A carraxe non lle cabía no peito e tirou con tanta forza como un canón. A mala xorte quixo que unha estela da súa canica fora violentamente bater no seu ollo dereito.

Pasou un mes sen saber nada de Manolito. Canducha, a nai de Felucho. dixéranos que perdera o ollo.

As primeiras veces que saliu á rúa levaba un parche. Todos cavilabábase no novo ollo de Manolito. Uns decían que os doutores lle puxeran un pelouro de aceiro. Outros que un pelouro americano, branco con liñas vermellas. Outros aseguraban que era un ollo de madeira porque os seus pais non tiñan cartos para o un ollo de morto. Todo cantares e trolas.

Unha tarde xogando ao cachibote colleume da man e agochámonos detrás dunha vimbieira, no campo de abaixo.

-¿Queres ver algo Xoán?

Eu pensei que me ía ensinar os pelos que lle saíran na pirola e calei. O meu silencio colleuno por un si.

Achegou a súa a cara á miña e levantou o parche. ¡Arredemo! O rao de Manolito levaba un pelouro de vidro e semellaba que tiña un ollo de gato.

-Ensínacho a ti o primeiro porque es o meu mellor amigo, e, si queres, podes tocalo.

O Manolito foi o mellor xogador de canicas de toda a contorna. Ía selo primeiro en traer unha medalla de ouro para cada un de nós.

O cabrón do Manilto librouse da mili.

Pelu de Lara
LP
Peluquería & Belleza
986 450 713
Avenida de Vigo, 61
Chapela - Redondela
Síguenos en Instagram

4Esquinas
Pai Sarmiento 1, baixo - REDONDELA

MESÓN
A FRAGUA
Avda Mendinho, 44
Redondela
Telf. 986 77 12 39

Travelers' Choice 2021
regato
PRAIA DE CESANTES
CARTA DIGITAL
DIGITAL MENU

Zapatería Candi
Reparación de calzado, cosido, afiados e complementos.
Duplicado de chaves e mandos.
Cerralleiro.
Tlf: 639 07 54 56
candi@zapateriacandi.com
www.zapateriacandi.com
R/. Telmo Bernárdez, 3 - 36800 REDONDELA
(Fronte ó despacho de butano).

“A arbitrase non é unha labor nada fácil”

Conchi Martínez, Árbitra Internacional de Taekwondo de Redondela

O deporte é un maravilloso universo poliédrico que, malia que moitos insistan en reduci-lo só a o fútbol, e só ao fútbol masculino, A Nova Peneira ten intención de reflectir en toda a pluralidade que sexa capaz de abranguer. Hoxe traemos ás nosas páxinas a Conchi Martínez, árbitra internacional de Redondela na disciplina de taekwondo. Ela prepárase con ilusión e afouteza para poder facer realidade o seu soño de arbitrar nos xogos olímpicos de Los Ángeles 2028. Estamos seguros de que o vai lograr, por gañas e coñecementos non vai quedar. Velaí vai o que deu de si a nosa conversa.



Conchi Martínez

Cando empezas no mundo das artes marciais?
Empecei tarde, con 14 anos. Foi un de-

porte que se me deu ben e encantábame adestrar, pero pasábao realmente mal competindo. Non sabía xestionar os

nervios da competición e naquela época os equipos deportivos non tiñan psicólogos detrás que axudaran a xestionar estas emocións. Hoxe en día avanzouse moitísimo nisto, pero cando eu era pequena, o que se fomentaba era a competición para gañar, non para participar como agora. Eu quería estar no combate, pero non competir, foi aquí cando empecei a fixarme na figura do árbitro.

Identificábase co árbitro?

Si, empaticei con esta figura. E isto é difícil porque o árbitro sempre é o malo da película.

É fácil ser árbitra nas artes marciais?

Non, para nada. É un 1 contra 1 e o árbitro no medio. O árbitro como ser humano pódese equivocar e pode amolar a un competidor que igual está a acceder a un campionato de España, a un puntual europeo, a un premundial ou a unha olimpiada. Un árbitro pode cortar desde a base o futuro dun competidor. Un árbitro pode amolar unha carreira? Si. Pode botar a un neno abaixo. Podes desanimar a unha persoa por unha mala experiencia cun árbitro despois de prepararche durante un ano para un asalto de 6 minutos.

Como é a experiencia evolutiva desde que empezas en cronata o de agora, o supremo internacional?

Custa porque sacrificas as fins de semana da túa vida percorrendo os pavillóns

de todos os recunchos de Galicia.

Entendo que todas estas viaxes sufrágaas a Federación pagando as dietas?

Non. Isto é pura devoción. Para ir a calquera campionato tentamos xuntarnos catro ou 5, compartir coche e gastos de viaxe. Agora, a Federación sacou unha bolsa para sufragar os gastos de viaxe e danos unha axuda por quilómetro percorrido.

O Taekwondo en Redondela está collendo moito nivel. Así por exemplo quixera destacar ao Ximnasio Omnium cun campión de España na modalidade infantil e técnica. Tamén hai dúas nenas, fillas dun adestrador de aquí, que as dúas acadaron medalla da selección de Galicia.

Mesmo houbo un ano que un competidor trouxo a medalla do Campionato do Mundo para Redondela.

As arbitras e árbitros podedes arbitrar calquera tipo de combate?

Cada estamento arbitral ten unha permanencia, tes que ter a técnica e ademais o tempo estipulado para poder cambiar de categoría e acceder a un estamento arbitral maior. O bonito de Taekwondo empeza cando chegas a cinco negro e iso son moitos anos detrás, aquí poden pasar como mínimo tres anos entre cada cinco, moito tempo e esforzo. Hai xente que se cansa e queda polo camiño.

TUS AUTOESCUELAS EN REDONDELA



Av. de Ernestina Otero, 49

986 40 42 92



Paseo da Xunqueira, 39. Bj

986 17 35 07

TAMBIÉN
**CLASES
ONLINE**

A tu ritmo y desde
donde tú quieras...



María González Lago

Agente Exclusivo de Plus Ultra Seguros

Nº Reg: CO51776998060V

sotoseguros@hotmail.com

Avda. de Vigo, 214, Bajo

36320 Chapela-Redondela (Pontevedra)

T 986 45 81 10 - M 672 213 497



Na praia de Arealonga

Chapela

E cando chegas a cinto negro, logo están Dans non?

Si, estes son as categorías dentro do cinto negro. O máximo en España é o noveno Dan.

Por cal vas ti?

Eu teño ata o quinto Dan. En Galicia hai un 8 Dan. Fáloche de xente española, aquí hai coreanos que teñen Dans honoríficos a partir do décimo e ata o 15 Dan.

Vas quedar como arbitra internacional ou tes algunha aspiración máis?

Quero tentar acceder ao campus olímpico para arbitrar as Olimpíadas do 2028 de Los Ángeles.

Para isto necesítase diñeiro. Esíxenche actualizacións do título cada dous anos e ademais de ter que arbitrar un campionato en cada continente, Europa, que xa o fago, ademais América, Asia, África e Oceanía.

E os custos para desprazarche a todos estes continentes de onde saen?

Téñoos que pagar eu.

E entón, para que está a Federación?

Eu agora son árbitro internacional de España, represéntame e eu represento á Federación Española de Taekwondo. A achega que me fixeron foi a Federación Galega, que me deu un Dobok, que é a vestimenta oficial á que a xente lle chama coloquialmente Kimono. A Federación Española deume un chubasqueiro que pon España e facilitoume os trámites de papeis, estes fanos eles, nada máis.

Ollando o teu futuro. Veste como arbitra nas Olimpíadas de 2028?

Si, si que me vexo.

Esperamos que a próxima entrevista entón sexa despois das olimpíadas para que nos contes que tal che foi a experiencia.

Moitas grazas, déixoa agora asinada xa....

VIE
03
MAR

A PARTIR DAS
00:30HS

DANIELLA EN VIVO TVG LUAR

#VOTODANIELLA

DANIELLA
Castro

RECANTEIRA
TERRAS DE PONTEVEDRA
3RA FASE

#VOTODANIELLA

5 Chamadas gratis España
988 60 06 82

5 Chamadas gratis Portugal
215 56 63 92

WSPP: 61 398 440 TW: @LUARTVG FB: LUAR

PANADERÍA - PASTELERÍA

Luisa
BERDUCIDO

DESPACHO
T. 986 04 81 02

R/ José Regojo, 29. Redondela
T. 634 77 10 17

A Feixa, 18 Berducido

Odontotoloxía
Novaodonto

ODONTOLOGIA INTEGRAL NOVAODONTO

PERIODONCIA
ESTÉTICA DENTAL
ENDODONCIA
IMPLANTOLoxÍA
PRÓTESIS FIJA
ORTODONCIA

986 06 18 00

*A túa saúde dental
a nosa razón de ser*

Av. Hernestina
otero, 45
Redondela

Redondela

A “Rondalla de Redondela” volta a Reboreda e Chapela de man das Culturais

Desta queda os de Chari Río e X.A. Gesteira voltan sen enchufes

SOCIEDADE LABREGO CULTURAL de REBOREDA
RONDALLA de REDONDELA
 DE TODA A VIDA



SABADO día 4 de MARZO
 ás 20:00 h.



CENTRO CULTURAL de REBOREDA

O finalizar habera degustación de Lacón Cocido a Feira, para todos os asistentes.



Cartaz do próximo concerto da “Rondalla de Redondela” na Labrego Cultural de Reboreda

O vindeiro 4 de Marzo de marzo e o 19 do mesmo mes despois do parón da pandemia a “Rondalla de Redondela” volve ofrecer sendos concertos en Reboreda e Chapela, pero esta vez dun xeito mais cercano e especial, cercano porque será na propia seda da Labrego-Cultural de Reboreda e na da CC de Chapela e especial porque outra a vez a Rondalla volta a interpretar os seus temas sen enchufe, o que vulgarmente chamamos os músicos un “A pelo”.

Vai ser un repertorio perfectamente estudiado e consensuado por todos os membros

deste grupo que, de feito é un dos refentes musicais da nosa vila. Haberá dende habaneras a musica tradicional redondelá pasando polos grandes catautores e imaxino que non faltará o buque insignia do grupo: “El diluvio Universal” do querido interprete e compositor redondelán Carlos Ogali que xa se converteu nun dos clásicos interpretados polos rapaces de Chary e Xosé Anxo.

Dous concertos imperdibles na axenda musical de marzo en Redondela sen dúbida.

Como diría Esther Estévez, xornalista da TVG, ...”Digocho eu!”

O Club de Petanca Arcade comeza a liga



Os membros do Club de Petanca Arcade

Redacción

O pasado 17 de febreiro deu comezo unha nova temporada da liga de Petanca, e os membros do club de petanca Arcade iniciaron o campionato, que disputarán no grupo C da segunda división, con folgos e ilusións renovadas así como con equipaxes novas, que estamos seguros de que lles motivarán para facer un bo ano nesta esixente liga na que compiten equipos de Vigo e da súa área de influencia.

TAPERIA BAR
A ROMANA

 Tapas - Menú peregrino - Bocadillos
 Especialidad en anguías

Rúa A Ponte, 23
Pontesampaio
Telf 637 94 06 82



Tapería
A COVA
 Voltamos con forzas renovadas despois de dous anos de pandemia para facervos a vida mais saborosa
 Avda. Xeneral rubín, 22
 Redondela
 986 40 09 72





Marcos Lareira, Presidente do Colectivo Republicano de Redondela

Opinión

Non, no meu nome

No goberno municipal de Redondela parece non existir as doses mínimas de pensamento crítico para cuestionarse as posicións maioritarias sobre a guerra de Ucraína coas que nos bombardea a prensa sistémica. E se ben é certo que cada persoa, a título individual, é lícito que opine o que lle pareza oportuno, unha administración non pode asumir unha posición concreta de maneira explícita, incluso coa colocación de elementos simbólicos nos edificios da propia administración, pois o Concello é a casa común de todas e todos os redondeláns, a miña, que estou nas antípodas da opinión do noso goberno, tamén.

É que a señora alcaldesa seica lle consultou á veciñanza para saber cal é a opinión maioritaria ao respecto deste conflito? Como se atreve a posicionar ao concello de maneira explícita a prol dun dos contendentes nun conflito armado sen ter en conta o criterio da veciñanza de Redondela?

A posición da Otan, da UE e do goberno do estado que repiten as administracións españolas como tan ben can-

taban os inmortais asertos de Cyrano de Bergerag " Señoreeeeees son un loro quero ver o meu nome escrito en letras de ouro....." e simplista, maniquea e non recolle a complexidade dunha situación xeopolítica que por desgraza arroxa á morte a centos de persoas, civís e militares ucraínos e rusos, mentres personaxes sinistros como Borrell ou Margarita Robles apoian as políticas que perseguen a continuidade da guerra. Eu atrevome a suxerir a este tipo de suxeitos desprezables que se collan unha baioneta e se vaian á primeira liña de fogo a solidarizase cos militares ucraínos e a cargar á baioneta calada contra as trincheiras rusas, pero que deixen en paz aos que buscan a paz. Calquera guerra é horrible, calquera sen excepción, e o día en que os que apoian os esforzos bélico no canto de buscar a paz para solucionar os conflitos desaparezan no sumidoiro da historia, ese día a humanidade será un pouco mellor.

No actual momento histórico arredor de 25 conflitos bélicos asolan o

mundo pero o noso concello fai caso omiso de 24: por que?. É que os saharauís non merecen a nosa solidariedade señora alcaldesa?, e que os palestinos non precisan a nosa empatía señora alcaldesa?, e que os iemenís non son merecedores do noso cariño señora alcaldesa?.....porque non quero pensar que o problema da omisión da nosa atención a todos os conflitos bélicos diferentes ao da Ucraína estea en que os que os sofren non son loiros de ollos azuis, en que os que os sofren son árabes ou negros, porque se esa fose a cerna da cuestión, ten un nome, un nome moi desagradable.

Nin están nin se lle esperan porque non son nin ricos, nin rubios nin teñen os ollos azuis como Arthur Ribaud, Como o describía Walt Whitman no seu poema. (Dous nomes que non lle escoitará nunca aos da caverna mediática porque non vende como os bulos sobre a guerra de Ucraína) Caeron vostedes, o meu Concello, no pozo da hipocrísia Occidental.

Pois ben agora volven con o "NON a guerra de Ucraína" esta vez no fucio

dun carro de combate (Dos que Marga Fascista Robles e Josep Borrell de seguro que envían a esa guerra que creou EEUU para enriquecerse a costa dos parvos europeos en detrimento da nosa Sanidade, Educación e subida de carburantes, alimentos, combustibles, enerxía....porqué para iso si teñen cartos) e un meco de Putín cos pantalóns baixados, non menos malo por certo que os outros bechos. Propóñolle para o ano a Pedro Sanchez cos pantalóns baixados despois de tratar coa ditadura asasina marroquí, ou a Margarita fascista Robles e Borrell por baixar os pantalóns ante os EEUU, pero non o espero porque son máis de aceptar que somos os limpa-botas de EEUU e do seu fillo mimado que é Marrocos.

Pois ben señora alcaldesa no meu nome non. Non meu nome:

**NON Á OTAN!
NON A TODAS AS GUERRAS!!!!!!**

TecnySat
TECNOLOGÍA Y REPARACIONES

TELEFONÍA MÓVIL Y TABLETS
INFORMÁTICA
ACCESORIOS Y CONSUMIBLES
EQUIPOS MULTIMEDIA

TLF: 986404192
email: redondela@tecny.es

Bullo Mediación

MEDIADOR DE SEGUROS - Asesorando desde 1960
Agencia Exclusiva AXA

Rúa Reveriano Soutullo 23, Bajo - 36800 Redondela
Tfno.: 986 400 842 | 604 00 33 46
bullomediacion@agencia.axa.es

La Pelu
de Fornelos

- Micropigmentación cejas y labios
- Masajes
- Laser SHR
- Tinte 10 min
- Lifting de pestañas
- Tratamientos personalizados

Especialistas en color, corte y esmaltado semipermanente

Praza da Igrexa 12, Bajo (Fornelos de Montes) **630 71 47 65**

Instagram | Facebook | La_Pelu_de_Fornelos

CAFE - BAR
O CRUCE

PRAZA DA IGREXA 21 - FORNELOS DE MONTES TEL: 661 898 126

REVER

ELECTRODOMÉSTICOS
ELECTRICIDADE
INFORMÁTICA
ANTENAS
IMAXEN
SÓN

VENDA - REPARACIÓN E ALUGUER

Plaza de Pontareas Nº 11 Lc. 3 cp.: 36800 REDONDELA
Telf.: 986 400 147 - Fax: 986 400 265
www.rever.es E-mail: rever@rever.es

Redondela

O PP de Redondela achega unha proposta para rescindir o actual contrato do SAF



Sandra Batos e Javier Bas

Redondela

O pasado día 15 Javier Bas, candidato popular á alcaldía de Redondela, e a concelleira Sandra Bastos presentaron unha proposta que, ao seu xuízo, permitiría rescindir o contrato á actual concesionaria do SAF de Redondela, manter os postos de traballo e non deixar de prestar o servizo aos usuarios e usuarias. Para os populares a situación actual non é sostible pois é extrema

con “constantes faltas de atención ás persoas usuarias, informes en contra dos servizos sociais municipais, atrasos no pago das nóminas, cando non impagamentos, falta de material básico.....” Din os populares que existen mecanismos legais que permitirían solucionar de contado a situación .Estes mecanismos, sinalan os populares, permitirían que unha empresa designada polo concello se fixera cargo de inmediato

do SAF acudindo a un procedemento de emerxencia previsto na Lei de Contratos do Sector Público. O PP ofrece ao goberno municipal os votos dos seus 9 concelleiros e concelleiras para respaldar esta proposta, o caso de que o grupo de goberno teña a ben considerala positivamente.



O BNG demanda que a Xunta inclúa Chapela na reforma da PO-323

Xoán Carlos González, “a Xunta debe ter en conta a necesidades do treito dende a baixada a Arealonga ata as Catro Pontes”.



Xoan Carlos González en Chapela

Redondela

O anuncio da Xunta de Galiza das obras de mellora da estrada de titularidade autonómica PO-323 dende o límite entre os concellos de Redondela e Vigo ata o instituto de Teis, foron recibidas con sorpresa dende a organización nacionalista. “Quedaría fóra un treito de trescentos metros na avenida de Redondela, en Chapela, que exiximos que a Xunta inclúa no Proxecto”, declaran. Pola súa banda o voceiro nacionalista, Xoán Carlos González manifesta que o anuncio das obras, “tratouse dun acto de campaña da candidata do PP en Vigo e delegada da Xunta, Marta Fernández Tapias”. Considerou que se trata dunha nova mostra que con cartos públicos o Partido Popular promociona aos seus candidatos e candidatas.

Nas súas declaracións o edil do BNG de Redondela demanda unha inmediata rectificación por parte da Delegación Territorial incluíndo as modificacións necesarias para garantir a seguridade viaria dunha zoa que a cotío sofre o paso de milleiros de vehículos. Recordamos que hai pou-

cos días produciuse un sinistro de gravidade neste mesmo punto. Considera que a Xunta debe ter en conta que realizando unicamente o proxecto presentado, discriminaríase ao espazo máis poboado entre Redondela e Vigo,. “Non se pode xogar coa xente deste xeito, deben ser tratados por igual polo goberno galego”, denuncia.

Exixe Xoán Carlos González en instar á Xunta a modificar o proxecto de reforma da PO-323 para que se inclúa a avenida de Redondela en Chapela dende a baixada á praia de Arealonga ata o límite con Vigo nas Catro Pontes. Entende que ademais da mellora nas beirarrúas habería que incluír renovación de abastecemento de auga, saneamento, alumado público, arborado, “xunto a medidas de redución da velocidade e calmado de tráfico”. “Estas obras deben garantir que quen viven nesta parte de Chapela poida disfrutar dos espazos públicos coas mesmas garantías que o resto da veciñanza”, remata na súa nota.





Pedro Cortegoso Gago, traballador do SERGAS

Opinión

Coa nosa saúde non se xoga

A política sanitaria do Partido Popular en Galiza é un éxito, aínda que disimulen e lle boten as culpas do desastre ao goberno central, están cumprindo todos os obxectivos: desprestixiar e facer inviábel a sanidade pública para privatizala. Porén, non só o PP ten culpa, o PSOE tamén é responsable de permitir a privatización de recursos e servizos sanitarios e non sanitarios, os máis rendíbeis, coas súas iniciativas legislativas. Esta porta abriuse coa aprobación da Lei 15/97, co apoio "desinteresado" de PSOE, PP, CIU, PNV e CC, permitindo a transformación da sanidade nunha mercadoría mais para vender e mercar.

A Sanidade Pública Galega é hoxe unha especie en vías de extinción grazas a Lei 15/97, ás leis aprobadas no Parlamento Galego e ao mal facer da Xunta do PP. Non é casualidade a falta de profesionais e medios, todo forma parte do planificado e implementado desde fai anos polos intermediarios políticos ao servizo dos fondos de investimento e a banca.

Pouco a pouco foron chuchando

o ovo até deixar a casca. Minaron por dentro o funcionamento do Sergas para desacreditalo ao tempo que desviaban inxentes recursos públicos ao sector privado. Povisa en Vigo e o Domínguez en Pontevedra (agora ámbolos dous con outros nomes e propietarios) son exemplos de como foron medrando, como os ovos do cuco, a costa de minugar as prestacións nos hospitais públicos.

Non temos médicos pero temos novos hospitais e novos centros de saúde. O negocio das construtoras amigas ten que continuar aínda que estes edificios non teñan persoal para atender as necesidades sanitarias dos doentes. Non hai medios? Non hai profesionais? Mentireiros.

Os medios desvíanos e aos profesionais bótannos para outros países onde teñen mellores condicións económicas e laborais.

Non hai médicos, repite o conselleiro, non hai médicos, repite o presidente. A argumentación perfecta para xustificar o desastre ao que nós levaron. Non hai médicos e polo tanto non podemos cubrir as baixas, as vacacións, os permisos, etc. Por iso día si e día non nos Puntos de Atención Continuada non hai facultativos e teñen que ser os/as enfermeiros/as quen atendan as persoas que alí acoden.

Así, temos uns doentes bailaríns, bailan do PAC de Bueu ao de Marín e viceversa, cando non teñen que ir directamente as urxencias do Hospital Montecelo

saturando este servizo con patoloxías que poderían ser atendidas e tratadas nos PACs e centros de saúde.

E non podemos esquecernos do persoal administrativo, que ten que dar a cara nos mostradores dos centros cando non hai persoal sanitario e soportar o cabreo dos/as doentes. Pagan xustos por pecadores, os inocentes polos traidores. O Conselleiro de Sanidade e o Presidente da Xunta, os que tiñan que dar explicacións non as dan, agochándose tras o persoal dos mostradores que ten aturar rifas e insultos polas decisións políticas duns señores que están ao servizo do negocio cando deberían estar ao servizo dos galegos e galegas. Non hai médicos! O que non hai é vergoña. Estamos en mans duns intermediarios, uns lacaios do capital, que xogan e fan negocio coa nosa saúde. Non podemos permitilo! Temos que saír á rúa, acudir masivamente ás concentracións e manifestacións en defensa da sanidade pública antes de que sexa tarde e non teña volta atrás.

Bueu

Suministros
sofimar
Material eléctrico - Fontanería - Riego - Piscinas

C/ Canibelos, 2 Bajo, Bueu
Telf: 886 12 50 77
bueu@sofimarsuministros.com

O Carlete
Desde 1977

Rúa David Cal nº13
36945, Vilariño

986328744

O Carlete

ocarlete@gmail.com

BRASERÍA
TAPERÍA SUSO

Toural nº30
VILABOIA

658 887 625
986 631 514



Taller de relojería e xoiaría



Angel Rodríguez

Pablo Iglesias, 18
CANGAS

986 30 58 36 617 64 03 77

Minha xoiaría de confianza

“Estou absolutamente ilusionada, teño un inmenso sentimento de responsabilidade e a convicción de irmos pola vitoria sen ningún tipo de límite”

Araceli Gestido, candidata do BNG á alcaldía de Cangas

Cangas xógase moito nas eleccións de maio. Existe rico real de que a dereita reaccionaria que representa Sotelo poida lograr o goberno desta vila do Morrazo. Si, o mesmo Sotelo que tivo unha xestión nefasta no seu momento deixando ao Concello nunha pésima situación económica pode volver gobernar. Para que iso non aconteza é necesario unha mobilización xeral da maioría social canguesa, claramente de esquerdas, e un cambio radical na esquerda política que faga imposible repetir o espectáculo lamentable que se deu no goberno local despois da morte do gran Xosé Manuel Pazos. O BNG semella que ten claro a necesidade dunha renovación e aposta por unha nova cara para encabezar a súa candidatura. Ela é Araceli, e nós fomos coñecela. Araceli é natural da Ameixoadá, o lugar de Moaña que linda coa parroquia de Coiro, sempre fixo vida en Cangas, vive na vila desde o 2016. E é unha muller como cantaba Darío Xohan Cabana, de vida innumerable como os camiños da terra e os astros de mar. Ten unha enerxía inmensa e desprende optimismo ilusión por todos os poros do seu corpo. Estou seguro de que se ten a oportunidade vai ser unha excelente alcaldesa. Velaí vai o que deu de si a nosa conversa

Foto: Redacción



Araceli Gestido

Queremos coñecerte un pouco máis Araceli?

Eu nacín en Ameixoadá que como sabes é o lugar de Moaña que linda con Coiro

Teño a sensación de que as persoas de Ameixoadá facedes máis vida en Cangas ca e Moaña, non?

En liñas xerais si. Xa a miña nai ía vender o leite das vacas da miña avoa ao centro de Cangas. A miña vinculación con Cangas é moi intensa xa desde nena. Vivín en Ameixoadá ata que marchei á Universidade de Santiago a estudar a carreira de políticas.

Gustouche a vida universitaria en Santiago?

Moito. É unha época das máis bonitas da vida que só se valora na súa xusta medi-

da co paso do tempo. Alí reafirmei unha visión de Galiza como país que xa fora adquirindo na escola, grazas a mestres e mestras que lograron en min o máis marabilloso que se lle pode dar a a un neno ou a unha nena: axudarlle á construír un pensamento crítico autónomo.

Despois da carreira?

Logrei un traballo fixo pronto, pero eu son unha persoa cunha inmensa ansia de aprendizaxe e naquel momento xurdiu-me a opción de ir vivir a Inglaterra e alá fun. Deixei todo e fun cara ao descoñecido.

Sabías falar inglés supoño?

Non, aprendino alí.

Caramba vaia valor lle botaches?

Ha ha ha ha..Non sei. Xa che dixen que eu adoro aprender e coñecer cousas novas

e sempre fun bastante botada para adiante. Fixate que alí aprendín a conducir autobuses e fíxeme condutora

Vaia. Cangas é unha vila complicada pero ti xa tes bagaxe en situacións complexas...

Ha ha ha...Eu non me asusto con facilidade, non. O certo é que a época de Inglaterra rematou e volví para O Morrazo e estiven traballando en diversas empresas.

E iniciaches a túa vida política?

Digamos que a vida orgánica, porque as inquedañas xa as teño desde moi nena. Ao volver de Inglaterra, si, fun concelleira con Millán en Moaña. El fora profesor meu no instituto.

Tamén fuches concelleira con Leticia?

Si, pero pouco tempo porque coinci-

diume co meu terceiro embarazo e tiven que deixala acta. Nese momento no 2016 compramos casa en Cangas e desde ese ano vivo aquí.

Como valoras a actual situación política de Cangas?

Considero que só pode ir a mellor. Teño o convencemento de que ás maiorías sociais xa cansaron do minifundismo político. Teño unha expectativa moi optimista baseada no realismo. A maioría social de Cangas é de esquerdas, e a maioría social quere un goberno estable e sensato que non se ande a tirar os trastos entre eles. O BNG ten unha oportunidade histórica de gobernar Cangas coa seriedade, rigor e responsabilidade que o caracteriza en todas as vilas nas que goberna.

A dinámica actual de todos con-

BAR PLAZA CANGAS
Rúa Méndez Núñez, 27 - Cangas

MotoJard
Bueu

Venta y reparación de maquinaria agrícola y motos

Francisco Escaneo, 13 - Bueu
Taller: 986 322 826

Café - Bar
JJ

C./ Ejército y Marina, 1 - Marín
T. 986 884 057

Motor Marín

Motor Marín. R/Tiro Naval Janer 7. Marín

tra todos fai imposible que o goberno sexa operativo e asemade fai que a xente se afaste da política.

Foi che doado dar o paso de ser a candidata do BNG ?

Non, o panorama político de Cangas, como falamos, non é especialmente atractivo. Pero se ninguén se anima iamos seguir sempre coas mesmas caras, e sería enormemente complicado abandonar a dinámica guerra civilista na que se sumiu a política local.

Como che propoñen seres a candidata do BNG á alcaldía?

Foi aos poucos. Un proceso case como por etapas. A verdade non o tiña previsto nin por asomo. Teño tres nenos

Nenos os tres?

Si, vivo entre catro homes. Xa che dixen antes que non me asusto con facilidade

Ha ha ha ha, e unha vida profesional tamén tes

Traballo nunha empresa de transporte da nosa comarca. E claro entre a vida persoal e familiar nin de lonxe pensaba eu verme metido nisto. De feito nunca deixei a militancia no BNG pero a miña actividade política era escasa. Agora cando , aos poucos, foron propóndome este reto apaixonante acabei por aceptar encantada, porque alguén ten que dar o paso de construír en Cangas un goberno sólido, sensato e responsable.

E agora que?

Agora ilusión absoluta, inmenso sentimento de responsabilidade e a convicción de ir a pola vitoria sen ningún tipo de límite.

De chegares á alcaldía que sería o máis urxente e necesario de abordar?

Sen dúbida o máis urxente e arranxar o problema político que imposibilita termos un goberno operativo. A situación, no momento actual, parece crónica e a nosa idea é acabar con iso dunha vez e construír un goberno operativo e estable. Unha vez logrado iso quero dicir que eu persoalmente, e o BNG como forza política , imos darlle prioridade á atención social de quen máis a precise e tratar cada

problema de calquera veciño ou veciña, por pequeno que pareza, con igual interese e intensidade, porque o que para un pode parecer cativo, para quen necesite resolvelo é de máxima urxencia.

E se a maioría da sociedade canguesa hónranos coa súa confianza ten por seguro, Tino, que a igualdade e a xustiza social, serán unha máxima na nosa acción de goberno.

Nas eleccións do 2019 as forzas de esquerda gañaron en Cangas de maneira abafadora tanto en asentos, 14 actas fronte a 7 da dereita, como en voto real 7.974(ACE, PSOE, BNG, AVANTE) fronte a 5.386(PP, Cangas Decide, C,S). Na actualidade ves risco real de que a dereita reaccionaria poida reverter a situación e acadar que Sotelo governe?

O risco existe si, pero se se traballa ben o concello de Cangas vai ser de esquerdas. Creo que o panorama na esquerda estase reconducindo, de feito Avante xa tomou a decisión de non presentarse o BNG e o PSOE deciden apostar por caras novas.... Como antes falamos a situación de esclerosis política actual debe de ser superada si ou si.

Que podería atopar unha veciña ou veciño de Cangas en ti, como alcaldesa?

Honestidade radical, capacidade de traballo, humildade absoluta, vontade de escoitar a todo o mundo e de tratar a todos e todas por igual. Compromiso inquebrantable cos sectores produtivos da nosa vila e cos segmentos sociais que peor o pasan e que máis necesidade de atención precisen. Capacidade de diálogo e vontade de consenso.

Tes decidido o equipo de persoas que che vai acompañar na candidatura?

En grande medida si. Aínda non o podo facer público, pero si asegurar que é un equipo sólido e solvente moi representativo da realidade sociolóxica de Cangas. As persoas que confíen no BNG de Cangas poden ter a certeza política de que non lles imos defraudar.

O Ateneo Santa Cecilia de Marín distingue a A Nova Peneira

Por *Lucía Santos*



Foto de Familia dos premiados con representantes do Ateneo Santa Cecilia

Dicía Castelao que “ se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma”.E eu concordo , desde logo, pero quixera engadir asemade que alén de polo idioma tamén o somos por esa parte da sociedade civil que se organiza e permite manter vivos os nosos sinais de identidade, que posibilitan que aínda sexamos un pobo consciente, o pobo galego. E nesa parte da realidade ocupa un lugar moi destacado en Marín, o meu pobo, e en Galicia, o meu país, o Ateneo Santa Cecilia que ao longo dos seus 70 anos de historia ten ofrecido innumerables probas de traballo abnegado en prol da música, das artes e das letras.

O pasado día 7, A Nova Peneira, xunto con outros medios de comunicación, fomos distinguidos polo Ateneo co seu pin de prata. E para nós , un medio de comunicación con 12 anos de vida, foi unha honra recibir o recoñecemento dunha institución de enorme prestixio que xa navega polas 7 décadas de existencia. Agradecemos profundamente a distinción e eerguemos de maneira metafórica a nosa copa para brindarmos por 1.000 primaveras máis para o Ateneo Santa Cecilia.

MIRANDA
LIBRERÍA

en BUEU, onde ia ser?

Rúa Pazos Fontenla 35
Bueu - Pontevedra

Tel/Fax: 986 320 504
libreriamiranda@yahoo.es
f Librería Miranda Bueu

PENEIREIRO
Taller
Automoción



C/ Camiño Vello nº 5
36913 Seixo - Marín
Pontevedra
Tels: 986 703 485 - 629 160 912
talleres_peneireiro@outlook.com



TALLERES
HERDASA

MECÁNICA · ELECTRICIDAD · NEUMÁTICOS

ESPÍRITU SANTO 20, 36940 CANGAS

986 30 09 56

TALLERESHERDASA@HOTMAIL.COM



**RAMÓN
CABANILLAS,
105
MOAÑA
986 31 56 25**

mapexardin

Venta y reparación

986 310 504

mapexardin@gmail.com

Avda. Porta do Sol, 31 - Meira
36955 Moaña (Pontevedra)

www.mapexardin.com

O Morrazo

O concello de Bueu e a Asociación de Apicultura inician a campaña de control de velutina do 2023 Os sendeiros de Cabo Udra e o do litoral conseguen o distintivo de 'Sendeiro Azul'

Os actos terán lugar entre finais de febreiro e comezos de marzo polas tres parroquias da vila, e repartirase material para as trampas

Bueu

O Concello de Bueu e a Asociación Galega de Apicultura continúan coa colaboración anual para loitar contra a vespa velutina. Así, dende o colectivo comarcal inciden na necesidade de que a cidadanía se conciencie e inicie a colocación de trampas para previr a proliferación de niños. Os actos públicos desenvolveran-

se entre finais de febreiro e comezos de marzo nos diversos lugares e en todos eles ás 20.30 horas da tarde. Concretamente, as charlas arrancarán o 27 de febreiro na Casa do Pobo de Beluso, e continuarán o 28 na Casa da Aldea de Meiro, o 2 de marzo no Centro Sociocultural de Cela, e o 3 de marzo no Centro Social do Mar.

Xosé Leal, concelleiro de medio ambiente, anima aos veciños e veciñas de Bueu a participar un ano máis nesta campaña, "pois está demostrado que as trampas reducen nunha ampla proporción a proliferación de niños, e por iso temos que incidir na prevención máis ca na retirada". Segundo avanzan dende o colectivo apicultor, neses actos repartirase material para todas as trampas ata este ano repartidas e as trampas e material funxible da nova veciñanza ou reempazos por deterioro das xa existentes. Para recoller o material recoméndase que as persoas asistentes traian bolsa a fin de evitar o uso innecesario de plástico.

Entre os obxectivos do programa están diferenciar a vespa velutina da vespa crabo, insecto autóctono e que permite controlar o avance da vespa allea; estudar os diferentes medios empregados no control e loita contra a vespa velutina; analizar os diferentes tipos de trampas, tanto industriais como artesanais; e repartir trampas e atraínte entre as persoas adheridas ao programa de trampeo sistemático.

O Concello de Bueu consegue por primeira vez o galardón para o Sendeiro do Litoral, o que refrenda o traballo do goberno local para poñer en valor os recursos medioambientais da vila

Félix Juncal, alcalde de Bueu, e Silvia Carballo, concelleira de promoción económica e turismo, mostran a súa satisfacción por estes distintivos que "preman a nosa aposta pola difusión da natureza de forma respectuosa e con actividades dinamizadoras"

Bueu

O Concello de Bueu vén de ser recoñecido con dous galardóns na campaña de "Sendeiros Azuis 2023" que concede anualmente a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC). O municipio bueués renova o distintivo azul para o Sendeiro de Cabo Udra, e acádao por primeira vez para o Sendeiro do Litoral, o que refrenda o traballo do goberno local nos últimos anos para poñer en valor os recursos medioambientais e de goce da natureza.

Félix Juncal, alcalde de Bueu, e Silvia Carballo, concelleira de promoción económica e turismo, mostran a súa satisfacción pola consecución destes dous galardóns que "preman a nosa aposta pola difusión da natureza de forma respectuosa e con actividades dinamizadoras".

Carballo destaca que "despois de conseguir a Bandeira Azul para a praia da Banda do Río, propuxémonos outro reto, que era conseguir o galardón por primeira vez para o Sendeiro do Litoral, polo que acadalo supón unha oportunidade de proxección a nivel internacional e tamén un agasallo para



Sendeiro Litoral

que a nosa veciñanza siga coñecendo a vila e os seus encantos". O Sendeiro do Litoral de Bueu iníciase na praia de Portomaior e finaliza na de Lagos, percorrendo os elementos que definen a Bueu como unha vila mariñeira de esplendoroso pasado industrial: as factorías de salgadura e conserveiras que outrora dominaban a súa fachada marítima dan conta da importancia que tivo a chegada da modernidade tecnolóxica e industrial a Galicia naquela altura; o Museo Massó e o Estaleiro de Purro son puntos de parada obrigados para afondar neste momento da nosa historia; e a paixase natural de bosques e rochas erosionadas polo vento encamiñan á praia de Lagos.

O Barco
Restaurante ~ Bar

AVENIDA OURENSE 95
T. 656 617 623 MARÍN

AutoRos
Taller Multimarca

Rúa Tobal, 76 - San Roque - Cangas
Antigos Talleres Móvil, ao lado de Don Hotel
986 30 56 73 - 626 14 45 96 reproautoros@hotmail.com

Casa dos druidas

Acuña
vilaboa

MARINER Fuerabordas
YANMAR marine
QUICKSILVER
CM
BLACK FIN
VALIANT READY INFLATABLE BOATS
MERCURY MerCruiser
WALKER BAY

GONBELA
Distribuidor Exclusivo

NAUTICA GONBELA
AVENIDA DE OURENSE, 50 - MARÍN
Telf. tienda: 986 88 39 31- Fax: 986 88 00 95
Telf. nave: 986 70 32 14 - Móvil: 666 45 00 95
gonbelventas@gonbelmar.es
WWW.gonbelmar.com

Estes galardóns recoñecen esforzo e compromiso do goberno local para manter a calidade e o coidado da contorna, ademais de contribuír á súa promoción. Estes sendeiros constitúen un dos recursos naturais máis prezados da vila bueuesa, pois neles conflúen abondosos elementos vencellados co patrimonio etnográfico, histórico e outros de flora e da fauna, que demostran a enorme riqueza da vila morracense, e que dende o Concello se poñen en valor a través da organización nos últimos anos de di-

versas rutas de sendeirismo guiadas. Ademais, os dous sendeiros unen os centros azuis de Agrelo e Cabo Udra, polo que supón a culminación dun proxecto completo.

Así mesmo, o Concello aspira a revalidar o galardón que concede cada tempada estival para as praias de Lepamán, Portomaior, Area de Bon, Lagos, e a urbana da Banda do Río. Ao igual ca o ano pasado, tamén se presentaron as candidaturas para a Aula da Natureza de Cabo Udra e para o Centro de Interpretación de Agrelo.

O Concello avanza no recuperación ambiental do municipio co saneamento da rúa das Patas, en Nerga

Os saneamentos son un dos puntos principais para poder sanear a nosa ría e contribuir ao coidado do noso medio ambiente, por elo o Goberno aprobou a obra por importe de 91.445 euros, incluído no Plan Concellos deste ano

Cangas

O goberno local de Cangas avanza no seu proxecto global de posta en valor do medio natural e dotación de servizos básicos a todo o municipio coa inclusión no Plan Concellos deste ano dunha nova obra de saneamento en Nerga, concretamente na rúa das Patas.

Esta actuación permitirá dotar deste servizo básico a un núcleo de vivendas mediante a instalación dun colector de 191,40 metros que, sen embargo, presenta dificultades técnicas polo nivel de pendente. O proxecto recolle a instalación de 8 pozos de rexistro e un pozo de bombeo soterrado baixo a pla-



Vista aérea do proxecto

taforma do vial, dotado con dúas bombas, unha de reserva que funcionará en base aos niveis do pozo. Ademais é necesaria a instalación dunha tubería de impulsión conectada coa rede xeral.

Trátase dunha obra que precisa un investimento total de 91.445,33 euros e que contribuirá de xeito decisivo ao saneamento do entorno natural de

CAMPAÑA ESTRELA 2023

SORTEAMOS

1.400€*

Merca e consume nos establecementos asociados, completa a túa tarxeta con 3 selos diferentes e despositaa na oficina de Estrela de Marín (Rúa Real 10-baixo, de 9 a 14h)

Bases publicadas en www.estrelademarin.gal

COFINANCIA



DATAS DOS SORTEOS

FEBREIRO 28	MARZO 31
ABRIL 28	MAIO 31
XUÑO 30	OUTUBRO 31
NOVEMBRO 30	

Premios en tarxetas regalo de Comercio do Morrazo. Un vale de 200€ ó mes

*Se tes a tarxeta de



O concello de Nigrán obtén un avance histórico de cara a aprobación provisional do PXOM

Todos os informes sectoriais son favorables tras comunicar o 26 de Xaneiro o seu beneplácito da Axencia Galega de Infraestruturas, sendo este o derradeiro expediente que faltaba por pechar

O documento definitivo será levado a partir de marzo a todas as parroquias para que a veciñanza o poda consultar, ademais de pendurarse na web municipal

“Dependerá se a Xunta responde nun mes, dous ou tres, por iso prefiro ser cauto e non dar datas concretas pero, ao fin, Nigrán contará moi pronto cun plan urbanístico do século XXI”, engade González.

Nigrán

Paso trascendental no futuro urbanístico de Nigrán: o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Nigrán conta xa oficialmente con todos os informes sectoriais favorables, cuestión indispensable de cara a súa aprobación provisional. Este avance se produce ao recibir o Concello o 26 de Xaneiro a comunicación positiva da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) despois de case 3 anos negociando para poder suprimir definitivamente do documento o vial de alta capacidade A Xunqueira-Saiáns que toda a corporación rexeitara xa no 2013 (ano da súa aprobación inicial) e que desde a Xunta consideraban necesario. Este documento definitivo será presentado en todas as parroquias e pendurado na web municipal a partir de marzo para que toda a veciñanza interesada o poda consultar antes de ir a Pleno.

“Tras case 3 anos de reunións técnicas e políticas ao fin obtemos a resposta favorable da AXI que abre a



Reunión do concello de Nigrán con Alfonso Botana

porta de cara a aprobación provisional”, valora o alcalde, Juan González, quen defende “a cautela e consenso” entre as dúas administracións para “non vender promesas nin fume” ata obter o que hoxe xa é unha realidade: o informe positivo. Para acadar este punto, o propio rexedor recoñece que foron preciso “moitas horas e moito esforzo por parte do equipo redactor e dos técnicos municipais para xustificar ante a AXI a viabilidade de suprimir o vial A Xunqueira-Saiáns sen comprometer a mobilidade futura no municipio”. Así, Alfonso Botana e o seu estudo foron quen de avaluar téc-

nicamente esta posición, o que incluíu deixar plasmado no documento a vertebración da mobilidade interna dos diferentes SAU (‘Suelo Urbanizable’). “Tiñamos claro que o vial tiña que desaparecer para sempre do PXOM porque era innecesario, irreal e tronchaba Nigrán en dúas partes prexudicando a milleiros de veciños”, resume González, quen agradece neste sentido “a boa vontade da AXI, que finalmente aceptou este argumento tras demostrarlle tecnicamente que resultaba innecesario”.

Unha vez pechada a fase máis complicada do plan urbanístico, a de dispor xa de todos os informes favorables (Patrimonio, Augas de Galicia, Costas do Estado e de Galicia, Portos, Medio Ambiente...), o equipo redactor liderado por Alfonso Botana presentará nas vindeiras semanas ante a Xunta

un único documento refundido coa proposta definitiva de PXOM e o ‘Estudo Ambiental Estratéxico’, cuestións ás que a Xunta debe responder nun prazo máximo de 3 meses coa súa publicación no Diario Oficial de Galicia. “Con todos os informes positivos a resposta a este informe de sostibilidade será favorable e, a partir de aí, poderemos levalo a un Pleno para a súa Aprobación Provisional”, explica o rexedor, quen incide en que será “en canto se reciba resposta por parte da Xunta, sen máis demora por parte do Concello, o que permite ser moi optimistas”. “Dependerá se a Xunta responde nun mes, dous ou tres, por iso prefiro ser prudente e non dar datas concretas pero, ao fin, Nigrán contará moi pronto cun plan urbanístico do século XXI, sendo un dos poucos concellos de Galicia en dispor del”, engade González.

Máis de 1.100 participantes no desfile escolar de entroido de Gondomar



Algun disfraz do evento

Máis de 1.100 participantes, alumnado e profesorado dos diferentes centros educativos de Gondomar participaron esta mañá no tradicional desfile escolar de Carnaval. Ás 11 da mañá as comparsas participantes de cada un dos centros educativos de ensinanza primaria e secundaria da vila concentráronse no aparcadoiro do pavillón municipal para posteriormente percorrer as principais rúas de Gondomar, nun desfile cheo de música, cor, disfraces e coreo-

grafías.

O ecuador do percorrido estableceuse na Praza Paradela, onde un grupo de rapazas e rapaces do Centro Juan María agradaban con impaciencia a chegada das comparsas, uníndose nalguns casos aos seus bailes.

O Desfile Escolar de Gondomar xa é unha tradición que cada ano que pasa convoca a máis participantes, incluso este ano un centro educativo de Nigrán quixo tamén sumarse a este desfile.

FRUITAS VILAR PATACAS

Fruiterías en Vigo e Feiras de Padrón, Redondela, Sabarís, Tomiño e os xoves no mercado municipal de Tui

La Vitrola RESTAURANT

C/ Rosalía de Castro, 11 GONDOMAR
Tel.: 986 36 99 83 Móvil: 606 897 159

TAPERÍA O MONTE

Camiño dos Concellos nº 34
Carrasca - Nigrán
Tel.: 986 38 70 52
Móvil: 609 804 666

PESCADERIA LA RIÑA

ISABEL SOBRINO
LA RIÑA 39 - OIA
659 373 091

confecciones Juan Domínguez

ELDUAYEN, 7 - GONDOMAR
986 360 183
ofillodejuan@telefonica.net

Cafetería

A TERRAZA DO MOSTEIRO

Bocadillos - Tapas

Stamp your credential here!

2º PISO

NA CULTURAL DE SANTA MARÍA DE OIA. A RIÑA, 23

Inaugurado un novo curso na parroquia de Donas



O Alcalde de Gondomar e membros de AFAGA

Gondomar

Inaugurado un novo curso na parroquia de Donas: "cultiva a mente", dirixido a veciñanza e impartidos expertos de la

asociación AFAGA, con una duración de oito meses e organizado e financiado polo Concello de Gondomar.

Toutón, epicentro da música de raíz



Por *Alma Lopez Figueiras*

O 11 de febreiro, sábado previo ao Día dos Namorados, a parroquia de Toutón, en Mondariz, volveu converterse en epicentro da música tradicional galega co popular Serán dos Namorados. Co solpor, o enorme cuberto instalado no torreiro da Igrexa comezou a encherse de persoas de todas as idades. A partir das oito, a música, o baile e a troula foron gañando protagonismo. Os grupos de música tradicional, afeccionados na súa maioría e chegados de diferentes partes de Galicia, tocaron por quendas no escenario, animando cada vez máis a un público interxeracional e participativo. Contan que mesmo apareceu polo serán o gaitreiro Carlos Núñez, entre outros músicos, mais soamente para desfrutar do evento e ser testemuña do serán máis grande do mundo, como é popularmente coñecido. Na súa edición número 25, programada para febreiro de 2021 pero atrasada dous anos por mor da pandemia, o Serán de Toutón volveu namorar a través dunha viaxe ás raíces da aldea.

Lucinda Barcia e a súa filla Montse Alvariño, que durante os últimos anos asumiu con orgullo e responsabilidade a organización deste evento, foron e seguen sendo gardas da memoria popular do rural galego nesta

extensa, agreste e relativamente despoboadada parroquia de Mondariz, que non chega aos 300 habitantes. Como parte das Pandeireteiras de Toutón, grupo de mulleres constituído como Asociación Santa Bárbara de Toutón, Lucinda acumula décadas de recuperación cultural na parroquia, a través da recompilación de historias, lendas e tradicións populares que soamente perduran na memoria das persoas de máis idade. O Serán dos Namorados é unha desas tradicións populares que se perdera durante os anos de posguerra, ditadura e emigración. "A miña nai aínda lembra os seráns de cando era moza. Segundo dicían os máis vellos, a Garda Civil comezou a controlar demasiado e, como a xente non quería problemas, desistiron e abandonaron a tradición", conta Montse. Os últimos seráns daquela época celebráronse na década de 1960.

Entre os meses de novembro e marzo, cando os días son curtos e o traballo que se realizaba no campo afrouxaba, a mocidade das aldeas xuntábase para organizar un baile onde cantar, tocar e, sobre todo, namorar. Eses bailes do rural recibían nomes diversos, dependendo da zona: ruada, foliada, fiadeiro, polavila, trisca,... E naquelas parroquias do Condado e da Paradanta, Baixo Miño e algún concello linceiro máis, os bailes invernales ao son da pandeireta eran coñecidos como seráns.

A experiencia das Pandeireteiras de

Horta Fresca
Tenda ecolóxica

Rúa Damas Apostólicas, 13.
A Ramallosa (Nigrán) T. 986 352 675
ecotenda@hortafresca.eu

apeneira
O teu xornal en galego

DESTROYATA

DAMÁS APOSTÓLICAS, 19 - A RAMALLOSA, NIGRÁN
627 083 391
DESTROYATATOOSTUDIO@GMAIL.COM
@DESTROYATATOO

INMOBILIARIA VAL MIÑOR

Tif. 986.369.976 - Móvil: 620.971.793
Inmovalminor@inmovalminor.com
Avd. de Elduayen, 22 baixo. 36380-Gondomar

Síguenos en  

www.inmovalminor.com

New Tekes
Bocatería - Cafetería

Telfs: 986 38 98 66
628 11 58 34 Ana
newtekes@gmail.com
c/ Diego Sarmiento Acuña, 12
36380 Gondomar

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN

Quintas Gondomar S.L.



Serán dos namorados

Toutón ten inspirado a recuperación de seráns noutras parroquias, no mesmo Concello de Mondariz e na contorna, pero ningunha foi quen de manter o evento durante tantos anos seguidos. Para Xosé Emilio Barros, alcalde Mondariz, “o feito de que en Toutón houbera un grupo de pandeireteiras moi activas fixo posible o nexo interxeracional nun momento dado”. Refírese, sobre todo, ás xeracións que representan Lucinda e Montse, nai e filla, e aos anos noventa do século pasado.

O Serán dos Namorados, segundo lembran na casa destas veciñas de Toutón, xurdiu no ano 1996 de xeito totalmente improvisado. Xa desde finais dos anos oitenta, a parroquia recibía regularmente a visita de persoas que facían recollidas de música tradicional, como Mercedes Peón, Xalgarete, Rumbadeira, O Fiadeiro, Xisco Feijoo ou Montse Rivera e Felisa Segade das Leilía. “Empezaron a xuntarse porque viñan a recoller (patrimonio etnomusical); no inverno, como facía frío, dicían de ir tocar á escola, e así un día fíxose unha festa improvisada. Decidimos organizar un serán, e o primeiro ano incluso fixemos o cuberto con paus”, conta Montse sobre os inicios. Sen agardalo, comezou a chegar xente de lonxe a Toutón e o serán converteuse en referente da música tradicional de raíz.

A experiencia das Pandeireteiras de

Toutón non podería faltar na serie documental do Consello da Cultura Galega que realizaron Renée De Palma, Carmen López e Xulia Feixoo sobre o valor da literatura oral e a función sociocultural das tocadoras. Os vídeos de “Axudádemme a cantar. Seis historias arredor da tradición oral en Galicia” foron proxectados na parroquia o mesmo día do serán, como simbólico agasallo institucional polo 25 aniversario.

Con todo, a escasa implicación da mocidade da aldea supón un problema para que este evento poida mirar cara ao futuro con ilusión. “Despois de ver a gran acollida que tivo o serán deste ano, gustaríame ver outras cantas edicións. A Panorama dos seráns está aquí”, comenta Montse, orgullosa e, ao mesmo tempo, resignada coa falta de apoio local.

“Toutón simboliza a esencia da música tradicional galega transmitida de xeración en xeración, pero o risco de ruptura está aí. A propia parroquia debería facer exame de consciencia e valorar a riqueza patrimonial que atesoura”, sinala Barros, que dentro do GDR das comarcas de Condado-Paradanta e Salceda de Caselas avoga por que estes elementos diferenciadores relacionados co patrimonio cultural inmaterial teñan consideración na estratexia de desenvolvemento turístico.

Miro Carballo logra deter o tempo co seu “Tempus fugit”

“A arte ten que ter unha finalidade estética, pero tamén ética. O artista non pode desentenderse do seu contexto”

Miro Carballo, pintor



Miro Carballo

Entre os pasados 25 de Xaneiro e 25 de febreiro o artista Vigués, pero natural de Covelo, Miro Carballo deleitounos na sala de exposicións de Afundación coa súa exposición “Tempus Fugit”. Hai exactamente 50 anos, na mesma sala, Miro facía a súa primeira exposición e hoxe, medio século despois e con máis de 20 exposicións ao lombo, Miro volvía a facernos gozar cunha exposición cuxo nome facía referencia ao tóxico de Virxilio que se refire á velocidade do paso do tempo.

Porén, e falo como espectador, o efecto que produce a contemplación das pinturas expostas está nas antípodas do significado do tóxico tan común na poesía barroca. Unha vez que un se mergulla na obra de Miro o tempo detense, e as emocións universais que expresan os seus cadros: o amor, o desexo, o medo, a solidariedade a rebeldía..... logran que o espectador se sinta parte do mundo íntimo que Miro reflicte nas súas pinturas e non queira saír xamais.

Así por exemplo a súa obra “Viendo el futuro”, na que 5 corpos espidos contemplan o horizonte infinito abrazados e deixando un espazo para que quen queira se una, simboliza exactamente o ideal social no que eu creo: unha sociedade na que todos colaboremos con todos, unha sociedade que colabore e que non compita. Encantoume a exposición de Miro, e conversar con el foi un exercicio especialmente agradable. Velaí vai o que deu de si

TAPERIA
El Paseo
VARIEDAD DE TAPAS
COMIDAS PARA LLEVAR

Rúa do Porto, 32 - A Guarda - 986 611 108

Malia levores toda a vida na cidade de Vigo ti es do Condado Paradanta verdade?

Efectivamente. Eu vin moi pequeno para Vigo pero son natural do lugar de Casteláns no Concello de Covelo. A miña nai e o meu pai eran os dous da mesma aldea.

Cando comezou a túa historia de amor co universo da pintura?

Pois de moi neno. Xa desde cativo as miñas aptitudes para o debuxo chamaban a atención, e cando tiña máis ou menos 10 anos fun seleccionado polo colexio nun concurso de debuxo. E gañeino.

Lembras que era aquel debuxo?

Si, un burro. Tiñamos que pintar un burro vivo. Recordo que non levaba nn goma de borrar

Caramba e cando querías corrir un trazo como borrabas?

De modo artesanal; co dedo

Ha ha ha ha, e aínda así gañaches?

A verdade son deses episodios na vida que un recorda con moito cariño. Fíxate que incluso me sacaron no Nodo.

Vaia. E a partir de aí os camiños de Miro e da pintura xa se fixeron un só?

Poderíamos dicir que si. A partir de aí xa non podo concibir a miña vida sen a pintura. En Librouro coñecín a Urbano Lugrís. El decatouse de que tiña aptitudes para a pintura e se cadra deume unha das leccións máis importantes de toda a miña vida.

Cal foi?

Na librería díxome: “Se ti queres pintar baixa a librería e le todo o que poidas. Logo o cerebro xa lle vai dicir á man o que ten que facer”. Naquel momento non o entendín, era un neno. Pero cando fun home e puiden comprender o que me quería dicir, decateime da importancia capital do significado daquelas palabras que viña ser algo así como que o artista, nas súas obras, sempre ten que ter unha mensaxe para transmitir.

Evolucionou moito o teu estilo

desde aquela época dos teus inicios?

Si, moito. O meu estilo está en permanente evolución. O día que deixei de evolucionar, de investigar sobre novas formas e técnica, ese día eu morro.

Cantas exposicións tes feito?

Algo máis de 20.

En sitios diferentes non?

Sii: teño exposto nas 7 cidades de Galicia, en Madrid, en Barcelona, en Cantabria, Burgos.....

Algunha delas recórdala cun cariño especial?

Todas lémbroas cun cariño absoluto, eu creo que todas por igual. Para min en cada exposición é como se abrise a miña alma ao mundo. Gústame estar nas exposicións, facer as visitas guiadas e explicar a quen veña as circunstancias que motivaron cada cadro exposto.

E cantos cadros terás pintado ao longo da túa vida?

Máis de 500.

A última exposición túa, que podemos gozar na sala Afundación de Vigo entre o 25 de xaneiro e o 25 de febreiro chámase “Tempus Fugit”, por que?

Pois ten relación co significado do tópico literario, como sabes refírese á brevidade da vida e ao inexorable do paso do tempo. Exactamente hai 50 anos e exactamente no mesmo espazo fixen a miña primeira exposición. E xa son anos como para decatarse de que en efecto, o tempo pasa. Esta exposición componse de 33 cadros, de todo tipo. É unha mestura das miñas sensacións nos últimos 3 anos.

Dirías que nosa cidade existe interese xeral pola cultura?

Creo que hai moitas opcións pero moi mala xestión. Os horarios dos museos son moi restrinxidos, polas mañás están case todos pechados, e dificultan as visitas de quen teña interese en facelo.

Ti es un pintor consagrado, supoño que cando queres expor non tes problema?

Home agradázoche o de “consagrado”

pero eu prefiro considerarme un pintor en constante aprendizaxe. Como che dixen antes o día que eu deixei de aprender é que deixei de pintar. E en relación ás exposicións non creas que é tan fácil, problemas sempre hai. Os espazos públicos están moi restrinxidos.

Dos máis de 500 cadros do que es autor hai algún que xe fixera sentir especialmente satisfeito?

Creo que o que co moi bo ollo adquiriu o museo de Pontevedra. Estou moi orgulloso dese cadro:” Homenaxe a Lugrís e a Dalí”. Ese cadro é a xoia da coroa de toda a miña produción artística.

Levouche moito tempo pintalo?

Non, non moito. Arredor dun mes. Tiño imaxinado, antes de pintalo, con moita claridade e o proceso creativo fluíu con naturalidade.

O prezo dos cadros de “Tempus fugit” cal é?

Baixeiros moito, pois temos que adecuarnos ao momento no que estamos. E na actualidade vender pintura non é nada doado. Estamos nun contexto no que hai necesidades máis urxentes que son difíciles de cubrir para moitos. Neste momento os cadros andan por algo menos de 1.000€.

Ti cres que existen parámetros obxectivos que poidan determinar se unha obra de arte ten calidade ou non, ou iso depende do punto de vista subxectivo de quen a perciba?

Eu creo que ambas perspectivas poden ser consideradas correctas. É dicir, unha obra pode ser valorada en función de parámetros obxectivos, pero o punto de vista subxectivo de cada espectador é tamén relevante.

Ti es dos que pensas na arte cunha finalidade unicamente estética, ou tamén cunha orientación ética resultante da análise do contexto no que se insira?

Eu son dos que penso que unha obra de arte ten que dicir algo, ten que tratar de transmitir unha mensaxe; xa sexa a expresión dun sentimento, a descrición

dunha emoción.... e se o que toca é a denuncia social hai que mollarse tamén, desde logo que si. Nós non vivimos sós no mundo e non podemos obviar o contexto no que estamos. Eu son dos de ética é estética.

Acabamos. Se algún lector ou lectora ten interese en coñecer en profundidade a túa pintura, como debe proceder?

Na miña web mirocarballo.com está toda a información, incluso a forma de pórse en contacto comigo que desde logo estarei encantado de atender a calquera que teña interese.

Violeta Lois, candidata a alcaldía de Mondariz nas vindeiras eleccións municipais polo PSOE

Mondariz

A assemblea Socialista de Mondariz elixi por unanimidade a Violeta Lois como candidata a alcaldía de Mondariz nas vindeiras eleccións municipais. Enfermeira de profesión, leva militando no partido dende fai máis de dez anos, sendo primeiro secretaria de organización e dende o mes de febreiro do ano pasado sendo a secretaria xeral do partido local e secretaria de sanidade da executiva provincial de Pontevedra. Involucrada na loita veciñal sendo presidenta da asociación de vecinos, loitadora e defensora por manter unha sanidade no rural.

De familia socialista, esta mondarizana da o paso co obxectivo do desenvolvemento do rural e das parroquias, mediante a promoción do comercio local e o desenrolo industrial, tamén continuar coa labor do saneamento económico e dos servizos sociais que leva feito o seu compañeiro socialista José Luís Fernández Pineiro, dende as concellerías de servizos sociais e facenda. A candidata socialista quere que a xuventude tena as mesmas oportunidades tanto no rural como na cidade, loitando para manter os servizos mínimos básicos en Mondariz e mellorar a calidade de vida de todos os mondarizáns. Os socialistas presentan unha muller, xoven e formada, que busca un goberno municipal participativo e volcado na cidadanía.

Baixo Miño

'Cada fogar co seu composteiro' é a nova campaña de compostaxe do Concello de Tui

Entregaranse composteiros de xeito gratuíto a cada fogar de Tui que o desexe

Tui

O Concello de Tui reafirma o seu compromiso medioambiental coa terra e coas persoas, e faino cunha nova campaña de fomento de compostaxe tanto comunitaria como individual.

Unha equipa de persoal municipal e da empresa Servizos Medioambientais está a visitar, dende a pasada semana á veciñanza en todo o termo municipal, para achegar a quen o desexe un composteiro de xeito gratuíto, para reciclar os residuos orgánicos e obter o seu propio compost. A semana pasada as visitas desta campaña comezaron en Pazos de Reis.

As visitas realízase despois de enviar unha carta a cada fogar na que se explica que é un composteiro, facilítanse os teléfonos de contacto para calquera dúbida e apórtase información sobre reciclaxe e medio ambiente.

Realízase unha formación inicial sobre o proceso de compostaxe e un seguimento dun mínimo de dúas visitas por vivenda, para resolver posibles dúbidas. Os composteiros entréganse de xeito gratuíto.

Dentro da mesma campaña pode solicitarse tamén un caldeiro para os biorresiduos co fin de depositalos nun dos centros de compostaxe comunitaria que hai no centro urbano -na traseira e no lateral do edificio Francisco Sánchez, na rúa Ourense, a carón da praza de Abastos, na rúa Mártires de Sobredo e na rúa Tenencia-.

Tamén está en marcha o servizo de cesión de uso gratuíto de biotritadoras. As persoas interesadas poden contactar co teléfono 687 24 99 53 ou co correo compostaxe@tui.gal para tramitar estas solicitudes.

O Partido Popular de Tui presenta a Lola Soto

Tui

O Partido Popular de Tui anunciou este mércores a incorporación da actual Presidenta do Liceo Casino de Tui, Lola Soto, que formará parte do equipo de traballo, así como tamén da lista electoral, que acompañará a Nico Montes nas próximas eleccións municipais que se celebrarán o próximo 28 de maio.

"Lola é unha muller cunha ampla formación ademais deser unha traballadora incansable que dende que a coñecín cautivoume. Estou moi orgulloso de que se incorporase a este ilusionante proxecto co que pretendemos buscar un cambio para mellor da nosa cidade",

declarou o candidato Nico Montes.

Lola Soto, de 50 anos, é Licenciada en Bioloxía e Técnica Superior en Prevención de Riscos Laborais. É a responsable de prevención de riscos laborais na multinacional Lear Corporation e, dende o 2019, é a Presidenta do Liceo Casino de Tui.

"Desde o primeiro momento que Nico me explicou en que consistía o seu proxecto non tiven dúbidas á hora de acompañalo neste desafío. Ambos buscamos o mellor para Tui e creo que eu tamén debía dar un paso adiante para lograr o cambio na nosa cidade que tantos tudenses queremos", expresaba Lola Soto.

O Partido Popular de Tui anuncia a incorporación de Anabel Solla

O Partido Popular de Tui anunciou que Anabel Solla pasará a formar parte do equipo de traballo que Nico Montes está a conformar de cara ás eleccións municipais do 28 de maio. Anabel ocupa os cargos de Presidenta da Asociación de Mulleres en Igualdade de Tui (AMEI), da que tamén é socia fundadora, Secretaria da Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra e é a vocal da Vicesecretaría de Igualdade do PPdeG.

"A maioría de tudenses cremos que Tui merece un Goberno que escoite aos cidadáns. Nunca me dou medo asumir novos retos e aínda menos se iso serve para mellorar a vida dos veciños e veciñas da miña cidade", expresa-

ba Anabel Solla. Técnica Superior en Administración e Finanzas, actualmente é a responsable de administración dunha PyME adicada á importación e exportación do sector da pesca. Ademais, leva máis de vinte anos formando parte do tecido asociativo de Tui.

"Coa integración de Anabel no noso proxecto gañamos en experiencia de xestión. É unha muller valente que leva moitos anos ocupando cargos de responsabilidade, onde sempre demostrou o seu compromiso e gran traballo. Coa súa incorporación continuamos formando o mellor equipo para presentar o mellor proxecto", declarou o candidato ás eleccións de Tui, Nico Montes.

Tui contratará a 17 persoas ao abeiro da liña 3 do Plan Concellos

As persoas interesadas deben estar inscritas na Oficina de Emprego co código de ocupación correspondente a cada posto de traballo

Tui

O Concello de Tui vai contratar a 17 persoas a través da Liña 3 do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación.

En concreto será unha persoa auxiliar administrativa e 14 persoas coma peóns/peoas de horticultura e xardinería durante seis meses. Amais contratarase a unha persoa coma oficial/a de segunda carpinteiro, e a outra coma oficial/a de segunda fontaneiro, neste caso cunha duración do contratación de 9 meses e medio ou coma moito até o 31 de decembro deste ano.

As persoas interesadas deben estar inscritas na Oficina de Emprego co código correspondente a cada posto de traballo.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro,

salienta coma grazas á liña 3 do Plan Concello poderanse reforzar distintos servizos municipais, ao tempo que as persoas que resulten seleccionadas poderanse incorporar ao mercado laboral durante un período que oscilará entre os 6 e os 9 meses e medio segundo o posto.

A continuación figuran os códigos de ocupación correspondentes a cada posto:

Auxiliar administrativo

43 091029 categoría 70

Peóns/peoas horticultura e xardinería

95 121019 categoría 80

Oficial/a segunda carpinteiro

71 311049 categoría 50

Oficial/a segunda fontaneiro

72 211012 categoría 50



TINTORERÍA LAVANDERÍA MOISÉS
986 610 503
Concepción Arenal, 34. A Guarda



grupo Cromata s.l.

- Pinturas
- Barnices
- Armarios Empotrados
- Tarima Flotante
- Papel decorativo

cl. Baiona. 9 bajo B A Guarda (Pontevedra)
Telf. / fax: 986 610 108 cromata@mundo-r.com



RenovaPhones
Reparación y venta de telefonía
Informática y Consolas
www.renovaphones.es
Venta de Consolas de segunda mano

MÁSMÓVIL! **XIAOMI**

C/ Concepción Arenal nº36 bajo - 36780 - A Guarda - Telf: 986184101 - info@renovaphones.es



Restaurante Asador Tapería
Baixo Miño
"MENÚ DO DÍA, EVENTOS E REUNIÓN DE EMPRESA"
Vilardematos, 25 - Forcadela
36730 - Tomiño 986 62 23 66



Orientalia
gabinete
psicología - psicopedagogía - logopedia



Bibiana Álvarez Magallanes
Psicopedagoga Col. nº 6652
699 34 30 50
gabinete.orientalia@gmail.com
Camiño do Alivio 8, Tomiño

Hoxe incorporáronse cinco axentes da Policía Local

Tui conta tamén cun novo funcionario de carreira auxiliar de arquivo e biblioteca

A plantilla da Policía Local de Tui ven de ser reforzada coa incorporación de cinco axentes que veñen de completar a súa formación dun ano na Academia Galega de Seguridade. Son catro homes e unha muller, sendo a primeira vez na historia que Tui conta cunha muller como funcionaria da Policía Local.



J.R. Magán e Enrique Cabaleiro flanqueando o novo auxiliar da biblioteca

Este mediodía foron recibidos na casa do concello polo alcalde, Enrique Cabaleiro, e polo concelleiro de Persoal e Seguridade, José Ramón Magán, que lles deron á benvinda ao Concello de Tui. O concelleiro de Seguridade, José Ramón Magán, destacou coma a incorporación destes axentes supón un incremento do 50% da plantilla da Policía Local o que dicía "permitirá prestar un

mellor servizo á cidadanía e recuperar parcialmente a quenda de noite".

Tamén hoxe foi recibido polo alcalde e polo concelleiro de Persoal o novo funcionario Ramón Nogueira González, que a semana pasada tomaba posesión coma funcionario de carreira no posto de auxiliar de arquivo e biblioteca municipal tras aprobar o proceso selectivo da Oferta de Emprego Público de 2019.

Concello e UD Ribera perfilan as necesidades do campo de fútbol da Mata

Alcaldesa, concelleiro, equipo técnico e responsables do club visitaron as instalacións para incorporar ao proxecto de renovación do campo aspectos fundamentais para o desenvolvemento da actividade deportiva



Campo de Fútbol da Mata

O Rosal

vo Concello do Rosal continúa apostando pola renovación de infraestrutu-

Dermatología Flore

CITA PREVIA
Telf.: 986 621 110
667 932 855
C/. Centinela
36750 - Goián

vaya punto

A. Ordóñez, 12
Goyán-TOMIÑO
Telf.: 629 794 300

ras contando coa participación veciñal. A alcaldesa, Ánxela Fernández Callís, visitou o campo de fútbol municipal da Mata xunto ao concelleiro de Deportes, Germán Fernández; a un equipo técnico e a responsables e coordinadores da UD Ribera para revisar as posibles necesidades técnicas detectadas polo club para incorporalas á redacción do proxecto de renovación das instalacións. "É un proxecto que queremos sacar adiante en breve e queremos facelo tendo en conta as necesidades que os propios usuarios e usuarias encontran para solucionar así posibles problemáticas", explica a rexedora. Ademais do cambio de céspede contemplado no proxecto, durante o encontro perfiláronse novos aspectos a incorporar, como a renovación dos banquiños, a modernización do sistema de aspersión, a mellora dunha va-

lla e do son ou a colocación dun peche na zona de tribuna, entre outros elementos. "Xa estamos a traballar na redacción do proxecto que permita incluír nos pregos de licitación todas estas necesidades detectadas, implementando ademais unha calidade do céspede artificial elevada", salienta Fernández Callís.

Para a redacción do proxecto o Concello conta cun equipo técnico especializado que coñecerá experiencias que se están a levar a cabo noutras instalacións, visitando campos de fútbol renovados recentemente e nos que xa se contrastou un bo funcionamento.

Alcaldesa, equipo técnico e directiva da UD Ribera aproveitaron a visita para avaliar a evolución das obras dos vestiarios que se están a realizar nestas instalacións e que se atopan xa en fase final.

O IES Antón Alonso Ríos fomenta o espírito emprendedor dende as aulas

O centro participa por primeira vez na Rede de Aulas de Emprendemento da Xunta

O alumnado realizou varias visitas a empresas relacionadas cos ciclos formativos que se imparten no instituto tomiñés



@s alumn@s do IES Antón Alonso Ríos

Tomiño

Levar o espírito do emprendemento ás aulas para fomentar entre rapaces e rapazas o autoemprego como potencial saída laboral. Ese é o obxectivo da Rede de Aulas de Emprendemento da Xunta, á que este ano se sumou por primeira vez o IES Antón Alonso Ríos de Tomiño levando a oferta formativa máis alá do currículo ordinario e ensinándolles diferentes camiños profesionais.

Nunha primeira fase de participación, o alumnado do instituto tomiñés realizou visitas a empresas relacionadas cos ciclos formativos que se imparten no centro, centrados na electrónica e no eido forestal. Durante estes encontros, rapaces e rapazas entrevistaron a diferentes persoas empresarias e emprendedoras

para "obter información sobre como xurdiu a creación da empresa, os problemas cos que se atoparon, como os solucionaron... Foi unha forma moi interesante de achegarse á realidade, de ver os pros e os contra e incluso de recibir consellos moi útiles para futuros emprendedores e emprendedoras", como explican dende o centro.

A actividade final consistiu na elaboración por parte do alumnado dun vídeo resumo homenaxe no que estudantado e docentes contaron coa colaboración de grandes empresas como Revertia, Cellnex Telecom, Borgwarner Vigo, CIS Deseño Ferrol, Fibralar, Industrias Guerra, I3CHE e Madeiras Pérez Gimenez S.L.

Mueble juvenil
Armarios empotrados
Tapizados
Mediciones
Proyectos

www.mueblesousa.com
sousamuebles@gmail.com

MS
muebles
descanso

Rúa Galicia, 52 - 36780 A GUARDA
Tel./Fax: 986 61 04 07

Baixo Miño

“Os videoxogos transformaron as nosas vidas porque transformaron a sociedade”

Eurídice Cabañes, elixida unha das 100 Game Changers en 2020 por Gamindustry, arroxo un pouco de luz sobre riscos e beneficios de pantallas, móbiles e novas tecnoloxías

Tomiño

As cifras asustan: as persoas tocan o móbil unha media de 3.000 veces ao día, os nenos e nenas pasan 7 horas diante dunha pantalla... “vivimos case máis nun mundo virtual que físico”. Para Eurídice Cabañes o mundo das novas tecnoloxías ten as súas luces e sombras, con moitos riscos pero tamén con moitos beneficios. Porque, como explicou na segunda xornada da VIII Semana da Educación de Tomiño, “os videoxogos transformaron as nosas vidas porque transformaron a sociedade: todo o desenvolvemento tecnolóxico xurde e evoluciona a través dos videoxogos”.

Doutora en Filosofía especializada en Filosofía da Tecnoloxía e experta en neurociencia, Cabañes sorprendeu ao público debullando de forma pormenorizada aspectos pouco coñecidos das tecnoloxías coas que se convive e que se empregan a diario. “Cando falamos da nube pensamos en algo etéreo, pero internet é algo tremendamente material e en lugar de mirar cara a arriba deberíamos ver cara a abaixo: o que non está no meu ordenador non está na nube, está no ordenador doutra persoa, almacenado, xerando cuestións que non nos plantexamos como unha tremenda pegada de carbono ou



Eurídice Cabañes (esquerda) despois da charla

guerras polos materiais que se precisan”, explicou.

Pero, como destacou na súa charla, os demonizados videoxogos “non causan adicción, son como os libros ou outros produtos culturais. O problema é que tamén son un produto tecnolóxico e de consumo e o modelo de negocio que empregan con eles moldea o produto final”. E puxo un exemplo claro: “Cando o xogo é gratis, o produto es ti e a empresa cobra ben a través da publicidade, de facer que o xogador ou xogadora merquen produtos dentro do xogo ou extraendo datos que se empregan cada vez máis no estudo do neuromarketing”.

Durante dúas horas, esta experta fixo un repaso polas liñas vermellas a ter en conta cando o público se achega ao mundo tecnolóxico e dos videoxogos, con algunhas pautas para guiar aos máis pequenos e pequenas cando se

introducen neles, como acompañalos nas súas primeiras incursións, coñecer ao que están xogando, fomentar o pensamento crítico ou consensuar usos. Cabañes rematou o encontro explicando que “videoxogos e novas tecnoloxías son tamén tremendamente útiles, ofrecendo ferramentas de traballo colectivo únicas e axudando en campos tan dispares como a participación cidadá, a toma de decisións colectivas ou mesmo a ciencia ou a medicina. “A través dun xogo cooperativo conseguíuse facer o primeiro mapeo do cerebro humano grazas, un fito histórico que 100 científicos tardarían 250.000 anos en conseguir”, recalcou.

Unha charla “sorprendente” da co-di-

rectora de ARSGAMES, organización internacional con 15 anos de experiencia e unha traxectoria “centrada no videoxogo como ferramenta de transformación social”, como destacou a alcaldesa, Sandra González. Cabañes conta con máis de 60 publicacións entre artigos, libros e divulgación e deu máis de 140 nos cinco continentes. Fundadora e directora da Fábrica Dixital El Rule, actual laboratorio de tecnoloxías da Secretaría de Cultura da Cidade de México e colaboradora do Centro Multimedia do CENART, Cabañes foi elixida como unha das 100 Game Changers en 2020 por Gamindustry, deseño de videoxogos diferentes.

A Asemblea do BNG municipal elixe a Sandra González como candidata á alcaldía de Tomiño

Sandra González liderou o cambio e transformación do concello, converténdoo nun referente a nivel galego

Tomiño

A Asemblea do BNG municipal de Tomiño decidiu por unanimidade este venres elixir a Sandra González como candidata á alcaldía tomiñesa para os comicios electorais do vindeiro 28 de maio.

Sandra González é licenciada en Ciencias Políticas pola Universidade de Santiago de Compostela con varios másters e estadias no estranxeiro. Ademais, realizou un máster Executive MBA na Escola de Negocios de Afundación que a levou a visitar a Universidade de Georgetown, en Estados Unidos, onde perfeccionou os seus coñecementos en relacións internacio-

nais.

Sandra González leva 15 anos gobernando Tomiño e liderou o cambio e a transformación do concello non só no ámbito urbanístico e do espazo público, senón tamén pola súa aposta por políticas sociais centradas nas persoas cun formato de goberno amable. Unha nova forma de xestión que levou a Tomiño a converterse nun referente a nivel galego.

“Para min é unha honra e estou moi agradecida da confianza depositada. Estamos cheos de ilusión de seguir mellorando Tomiño con alma e corazón”

Gescon
ASESORIA FISCAL LABORAL CONTABLE SEGUROS

Carlos González Benítez
Avda. Pio Troncoso Nº 2 Baixo
Goján
986 609 702

consulvin
Consultores vitivinícolas

LABORATORIO RÁPIDO DE ANÁLISIS DE VINOS

ASESORAMENTO A BODEGAS, VITICULTORES Y AGRICULTORES

VENTA DE PRODUCTOS ENOLÓGICOS, BOTELLAS Y CORCHOS

ABONOS NATURALES Y SIN RESTILOS

Estamos en Tomiño
C/ Gondomar nº61 bj
Tlf: 986622153
www.consulvin.com

Abonova PACIFIC OZONE LAFFORT

<http://www.aguarda.es>

Practica A Guarda

O Concello de Tui logra a cesión do edificio da Praza da Inmaculada por parte da Xunta

O alcalde amosa o seu agradecemento e salienta a posición estratéxica e privilexiada do inmoble



Edificio da Praza da Inmaculada

Tui

O edificio situado na Praza da Inmaculada pasará a ser propiedade do Concello de Tui. Así o acordou a Xunta de Galicia segundo orde da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que establece a cesión en propiedade a título gratuito deste inmoble.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, salienta coma esta é "unha boa noticia" que da cumprimento a "unha vella demanda da corporación municipal" xa que tras o traslado dos xulgados ao novo edificio na praza de Galicia

este inmoble quedou practicamente baleiro.

Salienta o interese do edificio que "ocupa unha posición estratéxica e privilexiada no ámbito máis central da nosa cidade", polo que dicía "debemos tratar de recuperalo para un uso público e vinculado á representación institucional do Concello".

Enrique Cabaleiro amosa o seu "agradecemento á Xunta de Galicia, e á Consellería de Facenda, por aprobar a cesión deste edificio". Engade que "agora teremos que empezar a

traballar na súa rehabilitación, e abrir o debate público de que equipamentos se poden instalar aí".

No referente aos usos aos que se poderá destinar agora o inmoble Enrique Cabaleiro apraza a decisión a despois das eleccións municipais para que sexa xa a nova corporación municipal a que tome a decisión "co maior consenso posible".



O Rosal crea unha bolsa de emprego para o posto de persoal técnico de medio ambiente

O Concello busca cubrir as necesidades de persoal deste departamento. As persoas interesadas xa poden presentar a súa solicitude

O Rosal

O Concello do Rosal vén de poñer en marcha un proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para o posto de técnico ou técnico de medio ambiente. Con esta convocatoria en modalidade de concurso oposición o obxectivo é "dispoñer do persoal necesario para o plan de adaptación á lei de residuos e chans contaminados, unha persoa que realice as tarefas de asesoramento sobre recuperación ambiental ou sobre sistemas de xestión de riscos ambientais, que nos permita avaliar calquera impacto ou informar e traballar en calquera cuestión relacionada co medio ambiente no noso municipio", salientou a alcaldesa, Ánxela Fernández Callís.

O contrato terá unha duración de tres anos ampliables a doce meses máis e poderán acceder a el persoas con licenciatura en Ciencias Ambientais ou grao en Medio Ambiente, Bioloxía, Xeoloxía, Xeografía, Enxeñaría Agra-

ria ou Forestal ou equivalentes. Entre as competencias técnicas, a persoa que opte a este posto deberá ter habilidade, entre outras cousas, para elaborar e interpretar datos e mapas ambientais; coñecer métodos de análise para a avaliación, conservación e xestión dos riscos asociados á actividade industrial; saber analizar as relacións entre fenómenos naturais para predicir a súa evolución; para a recollida, creación de modelos e interpretación de datos; coñecer as bases da planificación territorial ou asesorar sobre os recursos naturais, a súa xestión e conservación na formulación de políticas, normas, plans e programas de desenvolvemento.

As persoas interesadas en participar neste proceso poden presentar xa a súa instancia durante xunto coa documentación necesaria durante 20 días hábiles a partir da publicación do anuncio da convocatoria no Bole-
tín Oficial da Provincia de Pontevedra, que se realizou este

martes 31 de xaneiro.

A presentación da solicitude deberá facerse preferentemente a través da Sede Electrónica do Concello a través do trámite xa habilitado para este proceso. Tamén poderá realizarse de forma presencial no Rexistro Xeral do Concello en horario de luns a venres de 09.00 a 14.00 horas.

ROCHA

SUMINISTROS

SUMINISTROS PARA LA CONSTRUCCIÓN

www.rochasuministros.com

✉ C/José M^o Sexto 31, A Gándara
36780 A Guarda, Pontevedra

@ info@rochasuministros.com

☎ Tfns. 986 61 42 90 y 673 839 881



Excmo. Concello de Tui

“Estou moi ilusionada e con gañas de seguir ao dispor da veciñanza”

Ánxela Fernández, alcaldesa do Rosal

Nos 34 concellos que constitúen a área de influencia de A Nova Peneira danse todo tipo de situacións políticas. Desde as que son de enorme complexidade ata as que non parece nada difícil adiviñar o que vai acontecer. O Rosal sitúoo neste grupo de concellos nos que o resultado das municipais de maio semella estar cantado: O BNG encabezado pola alcaldesa Ánxela Fernández Callis vai gañar con moita claridade. Ela é unha muller brillante, polifacética, decidida, sensible e profundamente implicada nun proxecto colectivo de transformación global da localidade: recuperando os espazos públicos para as persoas, conectando os distintos núcleos de poboación do pobo, achegando a cultura a todos os sitios, e escoitando a opinión de todos e todas como base teórica dos proxectos que se desenvolven. Por outra parte no Rosal a oposición nin está, nin se lle espera. Velaí vai o que deu de si a nosa conversa coa alcaldesa do Rosal

Fotografía redacción



Ánxela Fernández

A piques de rematarmos o teu primeiro mandato como alcaldesa do Rosal que valoración fas do mesmo?

Foi un período de moito traballo, de transformación colectiva, en positivo, do Rosal. Aínda queda moito esforzo por diante pero creo que demos pasos moi importantes e firmes na mellora da realidade dos nosos veciños e veciñas.

Se cadra o máis visible é a remodelación da praza do Calvario. Quero que me deas a túa opinión ao respecto do resul-

tado final, e que me contes que outras actuacións salientables fixo o teu goberno neste proceso de transformación da realidade do Rosal que mencionabas?

A praza foi o primeiro grande paso da transformación do noso pobo. A súa reforma ten por obxecto a recuperación do espazo público para as persoas algo que está enmarcado nunha estratexia conxunta. De feito tamén temos a reforma do mercado que lle dá un valor social, de lecer e de pór en valor a nosa gastronomía.

Temos posto moitos esforzos na transformación verde do noso pobo. Neste eido quixera destacar a nosa aposta pola eficiencia enerxética captando recursos externos. De feito acábanos de conceder 1.200.000€ de fondos europeos para mudar todo o alumbeado público.

Tamén fomos quen de dar pasos de conexión de espazos nas zonas da Ribeira, como na estrada Tabagón As Eiras Goián na que vimos de executar a primeira parte, pronto comezará a segunda, dunha senda que conecta eses tres núcleos da

nosa Ribeira. Ou a actuación da “explanada do horizonte” na zona do mar. A miña vontade é seguir operando en todos os espazos do Rosal, seguir mellorando a súas conexións internas, a súa estética e a súa funcionalidade.

Cales son eses espazos?

- O casco
- A zona da Ribeira
- A conexión entre os núcleos de Marzán, Pancenteo, Novás, Martín e Fornelos
- A zona do Mar de San Xian e Portecelo.

Parecen obxectivos ambientais e difíciles?

Temos bastante dispersión si, pero existe a posibilidade de irmos conectando todas esas zonas e nós imos pelexar con toda a intensidade posible para conseguilo pois a conexión facilita a vida cotiá de todos e de todas.

O tempo de execución das obras na praza do Calvario alongouse máis do previsto?

Non, a previsión era de 8 meses e a duración foi de 8 meses.

Coa reforma de praza perdéronse prazas para aparcar?

Todo o contrario, cos aparcadoiros disuasorios temos máis prazas das que había antes.

Recordo que cando eras aínda candidata dicíame que trasladar a cultura a todos os currunchos do pobo era unha das túas grandes ilusións

E o segue sendo desde logo.

Fixemos algo concreto este mandato para trasladar esa ilusión á realidade?

Creamos un programa que se chama "O Rosal Cámara Fest" conxuntamente coa agrupación musical. Xorde asemade no momento da pandemia. É un programa do que me sinto profundamente orgullosa e cuxo resultado penso que o podemos cualificar como sobresaínte. É un programa que leva a música aos barrios con todo tipo de actividades de lecer. E asemade de para o seu obxectivo fundamental, universalizar o dereito á cultura, serve para pór en valor todo tipo de experiencias

Como por exemplo?

Unha das últimas iniciativas foi le-

var a cabo unha experiencia apícola que tivo un éxito enorme. Case 300 espectadores achegáronse a vela.

Cando se iniciaron as obras na praza do Calvario, ao igual que en calquera espazo de calquera localidade que experimente un cambio profundo, existía certo malestar na veciñanza e negocios directamente afectados. Cal é a percepción que tes ti neste momento, coas obras xa rematadas, sobre a valoración xeral das persoas afectadas ao respecto do seu resultado final?

Eu comprendo e por suposto respecto o malestar de quen se puidera sentir molesto. Agora, no momento de estar as obras xa rematadas, a percepción que eu teño é emocionante. Ver como as persoas ocupan un espazo tan relevante para a nosa convivencia é, insisto, emocionante. A sensación xeral que percibo eu é a de satisfacción. Quixera aclarar que tivemos un proceso de participación veciñal, coas persoas afectadas, previo. A participación, escoitar de verdade o sentir da veciñanza, é outro dos eixos que procuramos levar a cabo na nosa acción de goberno

En que se concreta iso?

Creamos os consellos municipais veciñais, creo lembrar que son oito, nos que participan continuamente veciños e veciñas de ámbitos moi diversos que están continuamente recollendo propostas de todo tipo. E fixemos procesos participativos en torno a todos os procesos que se están a desenvolver. Escoitar as críticas iniciais foi chave para tomar decisións en canto ao propio proxecto da praza do Calvario

Eses procesos de participación veciñal que resultado están a ter?

Moi positivo. Como é normal á maioría das persoas gústalles que se lle pregunte a opinión sobre os asuntos que lles atinxen. E o noso goberno sempre vai ter en conta a opinión dos demais. Temos que seguir sendo un goberno que escoita ás persoas, pero de verdade, non como un mero slogan electoralista.

Na fachada do Concello vexo unha faixa alusiva á situación sanitaria do Rosal. Como están as cousas neste asunto que debere ser esencial?

Temos constituída unha plataforma en defensa da sanidade onde están todos os grupos municipais, persoal sanitario, e veciños e veciñas do tecido asociativo. A realidade do Rosal é a de toda Galicia: unha situación de precariedade evidente. Nós tivemos algún momento hai arredor de seis meses nos que chegamos a estar sen ningún médico.

Sen un só médico?

Si, por desgraza houbo momentos nos que si.

E agora?

Temos dous de catro.

Esta entrevista facémola antes da manifestación pola defensa da sanidade pública que se celebrará o próximo día 12, mañá que a imos publicar despois. Ti vas estar nesa manifestación?**A Feira do viño 2022 que resultado tivo?**

Ben esta feira sempre é en xullo. Ese ano pasámola a outubro polo asunto das obras e para min foi un

momento histórico porque estabamos a vivir a recuperación da praza do Calvario. O resultado foi moi satisfactorio. A Feira tivo un importante punto incluso cos "Xogos da Empatía". Colaboramos con diversas asociacións que traballan coa diversidade funcional facendo todo tipo de actividades para as familias.

Por outra parte tratamos de trasladar o que é o propio viño para nós: un referente da nosa cultura e da nosa idiosincrasia. **Que tal as túas relacións coa DEPO?**

Moi boas. Sempre sentín que nos trataban de maneira xusta.

E coa Xunta?

Temos boa relación institucional. Pero hai unha diferenza importante entre o tratamento que dá a Deputación e o que dá a Xunta. A DEPO reparte equitativamente os fondos en función de criterios obxectivos. E a Xunta faino de xeito discrecional.

Ti cres que no reparto de fondos a Xunta favorece aos concellos gobernados polo PP?

Eu creo que todas as administracións públicas deberían de repartir os fondos en función de criterios obxectivos.

Encóntraste con folgos para aspirar a un novo mandato?

Eu estou moi ilusionada e con moitas gañas de seguir a dispor da veciñanza para mellorar a realidade do noso pobo.

As expectativas coas que vos presentades?

Desde a humildade máis absoluta o noso reto é facer que a nosa base social sexa cada vez máis ampla.

CONFITERIA
Rogelio
Begoña López Vicente
Avda. Ramón Franco, 3 baixo
Telf. 986 62 56 69
36770 O ROSAL

Eiras Picón de Arriba, 12
986 620 053
O Rosal
O LAGAR EN EIRAS

 **teleson** Servizo Técnico
Son | Imaxe | Antenas

986 625 240
699 384 905
Ramón Franco, 13 | Galerías O Rosal


BUSCO TÉCNICAS

ASAT Rosalvecha

Baixo Miño

Tomiño quiere encher as súas franxas secundarias de seguridade e bosques autóctonos

No 2022 tomáronse medidas ante as 365 parcelas que incumpriron a lei de prevención de incendios ou a ordenanza de xestión de biomasa

O Concello ten en marcha unha campaña para repoboar estas franxas que permitirá á veciñanza gozar nunha década de bosques de castiñeiros, carballos...

Tomiño

O Concello de Tomiño segue a traballar para encher as súas franxas secundarias de seguridade e bosques autóctonos. Xunto á intensa campaña de repoboación destes terreos con exemplares de árbores autóctonas, o Concello tomou as medidas necesarias ante 237 casos de incumprimento dos labores de xestión da biomasa en 365 parcelas, xa que as e os propietarios teñen a obriga de limpar os terreos e talar especies prohibidas para cumprir a Lei de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia ou a Ordenanza Municipal da Xestión da Biomasa.

“Dende o Goberno local estamos traballando cada día non só para protexer o noso municipio a día de hoxe, senón coa vista posta no futuro. Queremos que dentro de dez anos os nosos veciños e veciñas poidan gozar de bosques de castiñeiros, carballos, sobreiras, bidueiros... de árbores autóctonas como as que estamos a entregar aos propietarios e propietarias das franxas secundarias que cumpren co seu compromiso e coas súas obrigas. E traballamos ano tras ano para consolidar esta iniciativa para facer de Tomiño un exemplo onde vivir para os nosos fillos e fillas, no que desfrutar da natureza ademais de gozar do monte forestal”, salienta a alcaldesa, Sandra González. Expedientes abertos

Todos os casos tramitados no ano 2022 abríronse tras recibir 183 denuncias de particulares, un 54,09% máis que no ano 2021. A maioría destas denuncias, o 77% (261 expedientes), foron motivadas por incumprir a or-



Un dos lugares para a repoboación

denanza municipal de xestión da biomasa, mentres que outras 18% (62) foron tramitadas pola lei de prevención de incendios e o 5% restante (18) por non cumprir as obrigas sobre camiños públicos da ordenanza municipal. Das 372 parcelas denunciadas durante o ano 2022 o 92% xa foron tramitadas, mentres que un 6% (24 expedientes) foron desestimados e os restantes 7 expedientes están pendentes de tramitar.

En canto á titularidade das parcelas expedientadas, dos 341 tramitados un total de 42 son de titularidade descoñecida, mentres que outras 120 teñen persoas propietarias pero con dirección para a notificación descoñecidas. Dos terreos con propietarios e propietarias que foron notificadas, soamente 7 non recolleron as cartas enviadas, polo que, como é preceptivo, publicouse o correspondente anuncio no BOE a efectos de notificación.

A pesar de que das 341 parcelas expedientadas só 39 persoas propietarias comunicaron que limparan os terreos e 6 que estaban pendentes da tala de árbores, o Concello comprobou nos labores de revisión que moitos dos propietarios e propietarias limparan as súas parcelas aínda que sen aviso posterior á administración local.

Por parroquias, a de Tomiño é a que maior número de casos acumula, un total de 140, multiplicando por cinco os do ano 2021. Un ascenso xeral que se nota en todas as parroquias e que destaca tamén en Amorín, con 64 expedientes, e Forcadela, con 36. En Goián tamén destaca o ascenso de solicitudes de limpeza de parcelas, con 23 notificacións. Por contra, as parroquias con menor número de expedientes foron Piñeiro e Vilameán, con 5 e 4, respectivamente. “É moi importante que toda a veciñanza colabore nunha cuestión tan importante como a prevención de incendios

forestais mantendo limpas as parcelas situadas nas faixas secundarias, un labor no que se debe incidir de xeito máis exhaustivo nas parroquias con maior risco, aínda que é unha obriga que afecta a todo o municipio”, salienta a concelleira de Medio Ambiente, Ana Belén Casaleiro.

Enche o teu monte de vida autóctona Dende o Concello lembran que continúa en marcha a campaña ‘Enche o teu monte de vida autóctona’, unha iniciativa a través da que se entrega planta forestal frondosa e autóctona á veciñanza para contribuír a repoboar as máis de 850 hectáreas de franxas secundarias nas que as persoas propietarias deben realizar unha xestión correcta da biomasa e onde, segundo a Lei de prevención de incendios forestais, está prohibida a existencia de árbores como pino, eucalipto ou acacia.

Este ano o Concello repartirá 1.800 exemplares de cerdeiras, nogueiras, érbedos, castiñeiros, carballos, sobreiras, aciñeiras e bidueiros que se suman ás 1.600 árbores entregadas durante o pasado ano 2022 e que se plantaron en 149 parcelas que sumaron un total de 61 hectáreas.

As persoas titulares das 13.200 parcelas de franxa secundaria do Concello e que teñan a biomasa correctamente xestionada poden solicitar xa as plantas para a súa parcela directamente no departamento de Medio Ambiente, con preferencia a aqueles veciños e veciñas que non levaran árbore o ano pasado e que pertencen ás dúas parroquias consideradas prioritarias polo risco de incendio (Forcadela e Tomiño).

café bar

A cultural de Guillarei

sala de xogos - terraza - bocadillos

A Gándara-Guillarei-Tui 627 407 853

BAR SOBREIRO

CIGUEÑEIRAS 14, GUILLAREI

Casa Telleiro

DESDE 1984

CASA TELLEIRO, EN TOMIÑO, A CARÓN DO SANTUARIO DE SAN CAMPIO DE FIGUEIRÓ

986 621 298

Radiografía política do Baixo Miño ante as eleccións municipais de maio

A piques dunhas apaixonantes eleccións municipais analizamos a situación política dos 5 concellos da nosa comarca, e os posibles resultados das vindeiras eleccións. Velaí vai

O Rosal.

Resultados 2019

Alcaldesa : Ánxela Fernández BNG

BNG 7

PP 5

PSdeG 1

Previsión 2023

O BNG non debera ter ningún problema para conservar esta alcaldía, incluso mellorando os resultados que lle deron a histórica maioría absoluta no ano 2019. O proxecto de reforma substancial do seu concello, cuxa xoia da coroa é a remodelación da praza do Calvario, unido á política de universalizar a cultura e a súa accesibilidade e sensibilidade vai facer, creo eu, que Ánxela Fernández obteña un apoio maioritario nas vindeiras eleccións municipais. Asemade neste concello a oposición neste mandato nin estivo, nin está nin se lle espera.

Oia.

Resultados 2019

Alcaldesa: Cristina Correa PP

PP 6

PSdeG 4

BNG 1

Previsión 2023

A popular Cristina Correa vai conservar esta alcaldía case con certeza. E non é que non tivera conflitos nin polémicas nestes catro anos : A situación da sanidade, os intentos do seu partido de chantar inmensos parques eólicos na serra da Groba...Porén os moitos anos que o PP creou neste concello estruturas clientelares, previas a Cristina Correa, dificultan en gran

medida a creación de alternativas sólidas. Presúmese unha importante suba do nacionalismo despois do grande traballo do seu concelleiro Xosé Antón Rodríguez "Xuster".

Tomioño.

Resultados 2019

Alcaldesa:Sandra González BNG

BNG 11

PP 4

PSOE 2

Previsión 2023

Pouco despois de que Ana Pontón accedera , no ano 2016, á súa actual responsabilidade no BNG concedía unha entrevista a este medio de comunicación na que manifestaba que Sandra González, alcaldesa de Tomioño, era unha das súas referentes políticas. E esa forma de entender a realidade é compartida pola inmensa maioría sa sociedade tomiñesa. Sandra é unha política brillante, con ela e co BNG Tomioño é inmensamente mellor do que era antes, e vai seguir sendo a alcaldesa de Tomioño mentres ela queira.

Tui.

Resultados 2019

Alcalde: Enrique Cabaleiro PSdeG

PSdeG 8

PP 3

CS 2

BNG 2

C21 1

En Marea 1

Previsión 2023

Tui é unha cidade cunha complexísima aritmética municipal malia que xa se vai aclarando un pouco a cousa porque se a composición

da corporación do 2019 resulta complicada, a do 2015 era un auténtico xeroglífico para expertos en exiptoloxía. Lembremos que naquel mandato chegou a haber ata 8 organizacións políticas con representación municipal nun concello que só ten 17 actas. O resultado de Tui non é tan fácil de prognosticar como os 3 anteriores. Presúmese un desgaste de certa relevancia do grupo de goberno, unha suba igualmente relevante do PP que imaxino recollerá como mínimo os dous concelleiros que están baixo as siglas do defunto C,S. E unha suba tamén do BNG liderado pola médica Carme Núñez que imaxino levará a acta de En Marea, Lano Alonso xa non se vai presentar, e pode ser que lle quite algo ao PSdeG pola súa esquerda. En calquera caso imos apostar porque Enrique Cabaleiro vai conservar a alcaldía. Si, o bloque da dereita vai subir e o da esquerda, lastrado polo máis que presumible descenso do PSdeG, vai baixar. Pero non cremos que lle dea á dereita tudense para sumar 9 asentos e converter a Nico Montes, o novo candidato popular, en alcalde de Tui

A Guarda.

Resultados 2019

Alcalde: Antonio Lomba PSdeG

PP 6

PSdeG 5

BNG 5


CG 1

Previsión 2023

A Guarda é outra vila na que ,

como Tui, non resulta doado prognosticar quen vai ocupar a alcaldía despois dos comicios de maio. A dificultade está, ao meu xuízo, en dilucidar que vai ter máis votos entre as dúas forzas que constituíron o bipartito inicial do 2019 , que como é sabido non resultou a acabou por romper, o PSdeG ou o BNG?.Naquel momento só 84 votos separaron a ambas forzas ,que foi os que fixeron que o socialista Antonio Lomba puidese conservar a alcaldía. É probable que o PP sexa o partido máis votado na localidade pero parece case imposible que poida acadar unha maioría suficiente para gobernar. O perfil do seu candidato, Roberto Carretero, dá para o que dá, para obter os votos dos segmentos da dereita tradicional. Pero carece de capacidade política para penetrar en ningún outro segmento de poboación.

E, malia que non resulta fácil, como nos casos anteriores ímonos mollar para dicir que o desgaste inequívoco que sofre o PSdeG en xeral e Antonio Lomba en particular parece entrever que van ser superados desta volta polo BNG e o nacionalista Anxo Baz semella que se converterá no vindeiro alcalde da localidade.





www.cig.gal

10 DE MARZO DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA



Desde o ano 1972, o sindicalismo nacionalista celebramos o 10 de Marzo, DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA. Nesta data conmemoramos as loitas protagonizadas pola clase traballadora galega en 1972, durante as que foron asasinados en Ferrol, pola policía franquista, os traballadores da antiga Bazán, Amador e Daniel. Loitas que comezaron en Ferrol no mes de marzo, e que meses despois se estenderon a Vigo, pola dignidade e pola liberdade, contra a precariedade das condicións de traballo, por salarios xustos e por defender a negociación colectiva en Galiza.

AS PENSIÓNS NON SE TOCAN !

Mobilizacións

**Vigo: Manifestación
ÁS 18.30 A Dobrada**

**Emprego, salarios
e servizos públicos**



Confederación Intersindical Galega



Antón Lourenzo, "Xaque", veciño da Vila

Historia

Antes de proceder á continuación do relato publicado no número 153 de xaneiro pasado, teño que aclarar que o lugar chamado "DO FACHO" e que no seu momento non souben ubicar correctamente, estaba xustamente o lugar da Bouza do Viso, onde están actualmente o teleclub, cemiterio, campo de deportes, etc.. Existe un plano do forte de Santiago de Aitona, construído en 1646, na zona máis elevada de Salvaterra, para cortarlle o paso deica o Norte ao exército portugués, nese plano ven reflectido ese lugar claramente.

Caida Salvaterra en mans portuguesas, pasou a chamarse Salvaterra de Portugal. Cómpre que fagamos un pequeno repaso histórico do lugar.

Esta vila está situada sobre o río Miño na banda do antigo Reino de Galiza, a un tiro de mosquete reforzado da vila de Monção en Portugal, para o nacente. Tivo unha antiga fortaleza con catro torres.

A pesares da lenda popular que vencella o recinto amurallado coa raíña Dona Urraca, León 1033 – 1101, non atopei na información que manexo documentos que o demostren.

Estivo en poder, canda a Tui, do primeiro Rei de Portugal Afonso Enríquez, nado en Guimarães, Vi-seu ou Coimbra no 1109, rei do 1139 ó 1185, finado en Coimbra. Tamén aconteceu durante o reinado de Fernando I, nado en Coimbra no 1345, rei do 1367 ó 1383, asasinado en Lisboa.

Foi señor desta vila Don Pedro de Castro, doazón do Rei Don Juan I de Castela, nado en Épila no 1358, rei do 1379 ó 1390. Sí, de Castela por... "Galiza estar privada de chancelaría real desde 1230, coa perda dunha monarquía propia", páx. 932 do libro "Unha etapa estelar e conflitiva de Galiza, tomo II, Francisco Rguez." Pedro de Castro cedéullela o Rei Don João I

Cousas de Salvaterra



Porta principal da Fouteza

de Portugal, nado en Lisboa no 1357, rei do 1385 ó 1433. Dí Fernão Lopes, cronista da primeira parte da crónica do mesmo rei, que pasando a Salvaterra de noite por un vao de estacas no Miño, afogáronse cincocentos cabaleiros por teren errado o vao e iren a parar a un pozo, tamén afogaron moitos peóns, o peor foi que tamén se afogou o Infante Don Afonso, (consultada a wikipedia, ven a dicir que este Infante tiña 10 anos na data da morte que aconteceu o 22 de decembro de 1400 en Braga, xa que logo parece inverosímil que se afogara no río e menos nesa data, época do ano na que o río acostuma ir máis caudaloso), afogou asemade João Rodríguez Pereira, fillo de Rui Vaz Pereira, Señor de Paiva e Baltar, de quen proceden os Condes de Feira, tamén afogou João Rodríguez de Novaes, señor de Currais e mesmo o propio Rei viuse en grande perigo.

Estando de novo en mans, agora galego norteñas, o Rei Don Enrique III, nado en Burgos no 1379, rei do 1390 ó 1406, morto en Toledo, fixo doazón dela ós Sarmiento.

Foi gañada canda Tui, Baiona,

Vigo, Redondela e Pontevedra, nos tempos de Afonso V, nado en Sintra no 1432, rei do 1438 ó 1481, morto en Sintra, Parece ser que lle foi ofrecida ó Rei portugués por Pedro Álvarez de Soutomaior, (Pontevedra 1430, se cadra morto en Alba de Tormes en 1486), era o famoso Pedro Madruga a quen, polos bos servizos prestados, fíxoo Conde de Camiña. Moitos estudosos afirman que non morreu onde

se dixo, senón que se "transformou" en Cristobal Colón, teoría na que eu acredito.

De volta o século XVII, gañouna polas armas o Conde de Castel-Melhor. Estaba en posesión dela con título de Conde, Don García Sarmiento de Soutomaior, Marqués do Sobroso, (As Achas, A Cañiza 1595 – 1659 Lima, Perú).

A fortaleza antiga foi reformada por García Peres Sarmiento, (1295 – 1349), señor dela, desfacendo dúas torres da muralla do lado Sul, que olla para o río Miño, e polo Poniente lado Oeste, fabricando unha casa maxestuosa, que chamaban o pazo vello. Máis tarde Dona Leonor Sarmiento, avoa do Conde Don García Sarmiento de Soutomaior, fundou e acabou o pazo novo.

Estaban estes dous pazos-fortalezas coas dúas murallas seguidas por outro muro con portas, a entrada principal daba a un grande patio, outra pequena porta falsa daba para o Miño, (estou en que é unha que pode verse tapiada), pola cal en tempo de guerra íase buscar auga. Sobre esta altura ovada, en que ha-

berá até oitenta casas habitadas con unha grande praza, no fin da cal está a Igrexa Maior e a Misericordia?, na parte baixa continuaba o restante da vila que chamaban o arrabalde e un mosteiro de frades da Orde de San Francisco, fora da vila ó Poniente, fundado polo Conde Don Diego Sarmiento, pai deste actual que o deixou de ser, tiña preto de cento sesenta veciños, entre eles quince nobres, os que máis comerciantes, ministros de xustiza e artesáns. Porén está rodeada de grandes lugares e aldeas, de grandiosas quintas moi provistas de mantementos excelentes, pan, viño, carnes, caza, froitas e peixes de río en abundancia, sábel, lamprea, salmóns e outros variados. Cinco portos de mar, dos mellores da Galiza, que distan dela entre cinco e seis leguas.

Castel-Mellor xa se dera conta, na primeira entrada que fixeran en Salvaterra, da importancia estratéxica da vila, por iso agora que a tiñan no seu poder, resolveu fortificala, tanto polo interese do paso para continuar a conquista da Galiza, como pola comodidade fronteiriza, o ter libre o paso do río. Ocupouse soamente a zona alta da fortaleza e desfíxose todo o arrabalde, onde moraba a maior parte da xente.

A primeira obra da fortificación, foi un baluarte grande que levantou na liña dereita da banda da Galiza para o Norte, que corre de Levante a Poniente, o cal púxoselle o nome de San Xoán Bautista, dende onde se divisaba toda a campaña, a tiro de artillería, (xa existía nese lado o torreón medieval chamado El Caballero, ben máis alto que a igrexa actual).

Fundou nas extremas da liña dous baluartes, que defenden as dúas faces do baluarte grande, cuxos nomes foron Sta. Isabel e Sta. Engracia. Polo Poniente, que olla para o mosteiro de Sto. Francisco, unha media lúa

aranaea
Clínica veterinaria

M^a José Martínez Lemos
C/ Rosalía de Castro, 22
36470 Salceda de Caselas (Pontevedra)
Telf.: 986 340 639
Móv.: 686 475 224
email: cvaranea@yahoo.es

CARNICERIA

CARNICEIROS D'CONFIANZA

RÚA LUDEIRO. PUXEIROS-MOS

AGRO MOSENDE

Telf. 986 333 688 - 659 661 914 agromosende@gmail.com
Cabadiña, 3A - 36.413 Mosende - PORRIÑO

Historia/ O Condado

face a liña do baluarte da banda de Tui, chamado Sto. Antonio. Na liña esquerda, da banda do Sul sobre o Miño, até os pazos que son fortaleza, fundou a nova porta principal, sobre a que puxo os escudos de armas do Rei con esta inscrición:

“REINANDO EM PORTV GAL O MVITO ALTO, E MVITO PODEROSO REY DOM IOAM O QVARTO, GANHOV ESTA PRAÇA, PERA SVA COROA IOAM RODRÍGVEZ DE VASCONCELOS E SOVSA, CONDE DE CASTEL MILHOR, GOVERNADOR DE SVAS ARMAS DA PROVIN CIA DE ENTRE DOVRO E MINHO. AOS 15 DE AGOSTO 1643 ANNOS.”

Cubriu esta porta con unha estacada e puxo o muro defendido desde unha torre dos pazos. Na liña, que vai fronte a vila de Monção, outro baluarte moi forte chamado S. Lourenço, dende onde se defende a pasaxe de dous vaos do río Miño, en medio dos cales fica a vila de Monção. (No tempo do Rei Don Afonso III, Conde que foi de Bolonha, Coimbra 1210 – Alcobaza 1279, mandou este mudar ditos vaos de

lugar, de paso máis antigo). Este baluarte defende tamén toda a campaña que vai o longo do río. Por debaixo del vai correndo unha falsa braga ou muro até a porta da vila, que e defendida dende unha torre levantada no castelo vello, chamada Sta. Tareixa.

Deste xeito ficou a praza fortísima, inexpugnable. Merece por elo o Conde de Castel-Milhor o aplauso xeral de todo o Reino e aínda dos estraños, porque a virtude militar e tan nobre que até os inimigos agrada. Comezou e terminou tan ilustre e heroica obra, sen diñeiro e sen axuda algunha, toda de cantería a proba de artillería poderosa, pondo en cada baluarte as armas Reales Portuguesas, e sobre todo tendo a vista e alcance de canón, multitude de homes inimigos da ordenanza galega e tropas escollidas de grande experiencia na milicia. E fíxoo o Conde con só mil cincocentos portugueses, tendo fronte a si, dez mil infantes, mil cavalos, e por Xeneral, o Cardeal Spínola, con excelentes capitáns e soldados vindos dos cuarteis da Coruña, Baiona, Viscaia e mesmo de Flandes.

Mondariz, preocupado pola afectación do plan de humanización de Mondariz Balneario

Mondariz

O Concello de Mondariz solicita información sobre o proxecto de recuperación do espazo público na contorna dos hotéis de Mondariz Balneario para verificar se o acceso á parroquia de Vilar pola EP 4401 resultará afectado por estas obras

O Concello de Mondariz enviou esta semana unha solicitude de información ao veciño Concello de Mondariz Balneario para avaliar a afectación que pode ter o proxecto de recuperación do espazo público na contorna dos hotéis de Mondariz Balneario na vía de acceso principal á parroquia de Vilar pola estrada provincial EP 4401.

“Para Mondariz é sumamente importante coñecer as solucións de acceso á EP 4401, xa que por esta estrada provincial accédese directamente á parroquia de Vilar e parte da parroquia de Riofrío, onde se atopan ser-

vizos municipais como a Escola de Música, a piscina e o punto verde municipal”, comenta Xosé Emilio Barros, alcalde de Mondariz.

O Concello de Mondariz solicita información sobre as solucións de mobilidade e tamén reclama que se lle faga partícipe deste proxecto, para garantir o acceso á EP 4401 de vehículos relacionados cos servizos públicos, bombeiros, ambulancias e mesmo autobuses.

“O proxecto de recuperación do espazo público na contorna dos hotéis de Mondariz Balneario desenvólvese ao abeiro do Plan Agora da Deputación de Pontevedra. En Mondariz tamén estamos promovendo proxectos semellantes e compartimos a filosofía de humanizar o espazo público, pero é necesario compartir información e dialogar para evitar efectos colaterais indesexables”, sinala Barros.



JUAN CARLOS FOTOGRAFO
SERVICIOS FOTOGRAFICOS
 • REPORTAJE SOCIAL • RETRATO • PUBLICITARIA
 • RETOQUE DIGITAL • REVELADOS
 • VENTA DE MATERIAL • FOTOS CARNET
 Telf: 986 65 92 51 - Móvil: 654 362 239
 e-mail: j.carlosfotografo@hotmail.com
 Rúa Fonte da Vila, 3 - 36450 Salvaterra de Miño

GyG CERRAJERIA GÓMEZ Y GÓMEZ
 Acero inoxidable, hierro, aluminio y PVC

 Polígono Industrial de Arbo, parcelas 3 y 4
 Arbo - Pontevedra
 Telfs. 986 665 088 / 610 555 060 / www.cerrajeriangomezYGomez.es

CONFITERÍA ancla
 986 64 18 74

 Barrio El Puente S/N
 Carretera Ribadeta, Km 0.7
 36860 - Pontearreas - Pontevedra

SANFER
 ELECTRODOMÉSTICOS-ELECTRONICA-SAT
 R/Entrecíns 12 - As Neves - 986648270

 www.sanfer.net sanfer@sanfer.net

 expert 23

escoita
 Sus especialistas en audifonos
MEJOR AUDÍFONO DEL MERCADO CON INTELIGENCIA ARTIFICIAL
 PRIMICIA EN GALICIA
 SIN PILAS PROGRAMABLES A DISTANCIA
 DETECCIÓN Y AVISO DE CAÍDAS DEL USUARIO
 MÁXIMA DISTINCIÓN DE VOCES
 LOCALIZADOR DE AUDÍFONO PERDIDO
 SEGUIMIENTO CORPORAL Y CEREBRAL Y MUCHO MAS...
VEN A CONOCERLOS
 Os nosos centros en:
 Vigo Redondela Pontearreas
 Tui Tomiño Ourense Allariz
Pida su Cita
Teléfono gratuito
 900 52 57 54
 www.escoita.com

“Xa temos concedidos 14 millóns de € para a ampliación da depuradora de Pontearreas. O próximo será o mandato do saneamento”

Cristina Fernández Dávila, alcaldesa De Pontearreas

A alcaldesa nacionalista de Pontearreas, Cristina Fernández Dávila, fai balance de case oito anos no Goberno municipal e aspira a un terceiro mandato con 11 concelleiros e concelleiras para continuar coa estratexia de transformación urbana planificada en 2015 e desenvolvida durante os últimos anos. “En 2019 dixémoslle á veciñanza que agora vén o mellor e cumpлимos. En Pontearreas, nunca se fixo tanto en tan pouco tempo”.

Cristina Fernández Dávila asumiu o bastón de mando da Alcaldía de Pontearreas en maio de 2021, nun contexto de gran conmoción social e persoal pola pandemia e o falecemento do alcalde Xosé Represas. Malia ser unha figura importante no Goberno municipal desde 2015, a súa discreción política como concelleira de Ensino e Saúde a situou á sombra de Represas de portas para fóra ata que foi visibilizándose máis como alcaldesa en funcións e finalmente alcaldesa de pleno dereito. Dos diferentes tipos de carisma que existen, o seu parece ser o da amabilidade, o das persoas que actúan con honestidade e son fieis á súa intuición. Sen renunciar ao legado de Represas, Fernández Dávila aspira a manterse na Alcaldía de Pontearreas co aval das urnas.



Cristina Fernández Dávila

En maio cumprirá dous anos como alcaldesa de Pontearreas, tomando o relevo de Pepe Represas como líder do Goberno municipal de coalición. Que balance fai desta etapa a nivel político?

Tendo en conta que partiamos dunha situación muy dura, contando coa enfermidade e o falecemento do compañeiro Pere Represas, penso que ben. Ben porque seguimos afrontando o goberno con forza e cun liderado claro, desenvolvendo proxectos que viñan do 2015 e tamén deste mesmo mandato, así como incorporando proxectos novos. Nese aspecto estou moi orgullosa e moi honrada de poder representar ás miñas veciñas e veciños.

Cales están sendo os retos principais deste último treito de mandato?

Creo que este mandato se está resolvendo cunha serie de proxectos que están mudando o aspecto de Pontearreas. A Pontearreas que tiñamos ata 2015 ou ata 2019 desapareceu para dar paso a

unha nova imaxe, completamente distinta, máis moderna e tamén máis amable, cunha vida mellor. Os nosos retos son informar o suficiente e afrontar os novos cambios. Desde logo, non se fixo nunca tanto en tan pouco tempo.

A estratexia de desenvolvemento urbano que se trazou en Pontearreas durante o primeiro mandato de Pepe Represas visibilizouse nestes últimos anos en proxectos de humanización que están transformando o centro urbano de Pontearreas. Malia seguir as tendencias actuais en materia de urbanismo, estes cambios na mobilidade urbana teñen recibido críticas por seren quizais incomprendidos. Que está facendo o Goberno municipal de Pontearreas para resolver esta situación?

A Estratexia Pontearreas Hábitat Saudable xurdiu entre os anos 2015 e 2016, no noso primeiro mandato. Con ela conseguimos 5 millóns de euros (de financiamento europeo) para facer todo tipo de proxectos e converter Pontearreas nun-

ha cidade máis moderna e máis amable. Durante estes anos realizamos actuacións na praza Bugallal, en rúas como San Roque e Redondela, parte do Paseo Matutino, zonas como a contorna do centro de saúde e o pavillón polideportivo Álvaro Pino, a zona de Trobador,... Todas estas actuacións cambiaron o deseño e o modelo de mobilidade en Pontearreas, priorizando as persoas sobre os vehículos. Neste momento estamos desenvolvendo outros proxectos porque, con cambio desa mobilidade, houbo rúas que conflúen na praza Bugallal que se pecharon. Realmente non están totalmente pechadas, pois si se permite o tráfico de necesidade e é posible acceder a garaxes, achegarse a recoller compras ou paquetes pesados ou trasladar a persoas maiores e con mobilidade reducida. Agora son as familias, as persoas maiores, as persoas con mobilidade reducida e as crianzas as que poden desfrutar do espazo público. Actualmente estamos traballando nestes proxectos para humanizar as

rúas da contorna da praza Bugallal, que polo momento presentan un urbanismo táctico. Nas próximas semanas vanse colocar carteis para que as veciñas e os veciños poidan mirar como van lucir esas rúas, xa que os proxectos de humanización están en curso; algúns xa están subvencionados e en proceso, outros optando a subvencións. Temos moito traballo, pero son proxectos tanxibles e reais.

Como se afrontan as críticas?

Cada vez que sacamos un proxecto adiante, antes de pechalo, xuntámonos cos colectivos sociais e coas persoas que poden resultar afectadas por ese cambio de rúa, por exemplo. Ademais de presentar os nosos proxectos, tamén recolleemos ideas e inquedanzas. Temos moi en conta os problemas ou as vantaxes que nos trasladan porque son precisamente as persoas usuarias as que coñecen mellor o espazo. En relación ás críticas, si somos conscientes de que temos que informar máis sobre o acceso ás zonas restrinxidas, xa que moitas persoas pensan erroneamente que non é posible achegar a persoas maiores ou con mobilidade reducida. Este tipo de acceso nunca foi máis doado, agora si que é posible paraxusto na porta desa persoa con necesidades. Antes tiñas que dar voltas e voltas ata conseguir un oco e aparcar o vehículo.

De cara ás eleccións de maio, pensades

AGROPARAÑOS

- Piensos en xeral
- Cereais
- Abonos / Sulfatos
- Sementes e plantas
- Viña, horta e froitas
- Plásticos e mallas
- Ferrería
- Patacas
- Venda de polos e galiñas

SERVICIO A DOMICILIO
664 414 191
 PARAÑOS, 3. COVELO

f
eido da fonte

RÍAS BAIXAS
 DENOMINACIÓN DE ORIGEN

fonte de vivencias

SHOP ONLINE
www.eidodafonte.com

AS NEVES
 TALLERES DE REPARACIÓN S.L.

Mecánica, Chapa y Pintura al Horno
 B- 36307866

Tif.: 986 68 29 08
 667 36 70 41
 Pazo, n.º8
 36449 Tortoreos
 As Neves
talleresneves@gmail.com

Restaurante "O Rianxo"

Algo diferente no Condado

Terraza de verán interior

RESTAURANTE O RIANXO

BAR - TAPERIA

N-101, 134

Entrevista

que esta incompreensión e desinformación sobre os proxectos de humanización no centro urbano, quizais interesada, podería afectar ao BNG no referente a intención de voto?

A oposición está preocupada porque o balance que temos, despois de dous mandatos co BNG na Alcaldía, é moi grande. Foi en 2015 cando comezamos a planificar todas estas actuacións e conseguir financiamento, e en 2019 presentamos todo isto con perspectivas de futuro. Agora vén o mellor!, ese foi o noso slogan de campaña. Nós atopamos o Concello de Pontearas en 2015 totalmente en bancarota e fomos quen de sanealo e planificar. En 2019 tivemos un gran respaldo da veciñanza para asentar esa estratexia de desenvolvemento planificada no primeiro mandato, e pasamos de cinco a nove concelleiros. O que fixemos o fixemos co respaldo da veciñanza. Agora esperamos sumar apoios e acadar o número máximo de 11 concelleiros e concelleiras

Malia haber moitos investimentos en curso, cuestiónase o desequilibrio de actuacións entre o centro e a periferia da vila. É iso certo?

Hai que desmentir totalmente esa loada interesada. É un ruxerruxe que alguén puxo aí. Fai dano porque, como se soe dicir, moitas mentiras chegan a ser media verdade. En todas as áreas nas que gobernamos puxéronse enriba da mesa distintas políticas e axudas que benefician ao conxunto da poboación de Pontearas. Cando se sacan axudas para libros e material escolar, para situacións de emerxencia social, para centros culturais ou clubs deportivos,..., estas axudas son para toda a veciñanza, resida no centro urbano ou nas parroquias. Respecto a investimen-

tos, ademais, non debemos esquecer que durante este mandato se acadaron 14 millóns de euros para a ampliación da depuradora. Esta actuación vai beneficiar principalmente ás parroquias, xa que permitirá que a rede de saneamento chegue a todo o territorio. Pouco a pouco teremos proxectos para as distintas parroquias, e comezaremos a enganchar a finais de 2024 ou principios de 2025, cando Confederación Hidrográfica Miño-Sil autorice a conexión da depuradora. Nunca antes se conseguiu un financiamento deste nivel. Desde o punto de vista medioambiental é moi importante e tamén afecta ao centro urbano da vila, pois o río deixará de recibir augas que non lle corresponden. Por outra banda, as parroquias nunca antes tiveron tanta vida. Levamos alumeado de Nadal, os Reis Magos, axudas para os centros culturais, para as traídas de augas veciñais, un servizo de baleirado de fosas sépticas ao mesmo prezo que a conexión á rede de saneamento,... As parroquias están tendo moito apoio e non soamente cada catro anos para gañar votos, senón ano a ano, todos os anos.

Podemos dicir que o saneamento, coa ampliación da depuradora, vai ser a principal liña de traballo do BNG se se chega a un terceiro mandato?

Este mandato foi o mandato do alumeado, que xa foi moi importante para as parroquias. Consequimos 4 millóns de euros de fondos europeos para cambiar a LED todo o alumeado público municipal. E o próximo mandato ten que ser o do saneamento, xa que solicitaremos todos os fondos europeos que haxa nese eido para un maior desenvolvemento das liñas de saneamento.

Sorprende a eficiencia de Pon-

teareas desde 2015 para captar fondos europeos que permiten poñer en marcha investimentos de gran impacto. Cal é o segredo?

Sen dúbida, a planificación. Durante os primeiros catro anos de mandato, o que fixemos foi planificar estratexias. Agora, mentres outros concellos están pensando en que proxectos poden encaixar nas convocatorias que saen, nós temos un abano importante de proxectos xa elaborados dentro dunha estratexia clara de desenvolvemento. Sabemos perfectamente o que necesita Pontearas para empezar a optar a eses fondos e sempre optemos moitos puntos na avaliación de proxectos.

Xa queda menos para a próxima cita electoral, e o contexto político de Pontearas destaca pola fragmentación de candidaturas, principalmente conservadoras e herdeiras da etapa castrista. Recentemente soubemos que o PP recupera a Nava Castro como candidata para tratar de aglutinar o voto de dereita. Como valora esta situación?

Nós temos que estar centrados en gobernar. Os nosos proxectos nunca foron a curto prazo, senón que foron a medio e longo prazo. Non vamos interromper a nosa etapa de goberno porque outros estean montando listas ou porque esteamos en campaña electoral. Nós estaremos centrados en gobernar e traballar para a veciñanza de Pontearas. Entendo que outros poidan estar preocupados por branquear máis ou menos a súa imaxe de cara á cita electoral, pero a verdade é que nós non o estamos. Temos un balance detrás moi importante, moitas cousas das que estar orgullosos e orgullosas. Independentemente da ideoloxía, calquera pode ver que para

nós Pontearas é prioritario, e que temos un proxecto claro e beneficioso para todos e todas.

A diversidade de candidaturas en Pontearas non é nova. Creo que incluso houbo máis en 2019, tanto pola dereita como pola esquerda. Nós temos experiencia nese taboleiro de xogo, debemos botar a partida coñecendo os recursos que temos e mostrarlle á cidadanía o balance tan impresionante destes anos, os proxectos tan ilusionantes que temos xa enriba da mesa. Contamos con grupo humano e con liderado claro.

O PSOE, que foi socio de goberno durante estes dous mandatos, tamén presenta un novo candidato á Alcaldía de Pontearas, o médico Delfín Domínguez. No caso de non acadar unha maioría absoluta, segue sendo o PSOE a principal opción para sumar forzar nun Goberno de coalición?

Nós como socios de goberno funcionamos moi ben, tanto en 2015 como en 2019. Fomos quen de gobernar de xeito harmonioso, negociador e comunicativo, sempre pensando no proxecto de futuro que tiñamos en conxunto. Non houbo liortas, como si aconteceu noutros mandatos. Fomos quen de poder ceder. Niso consiste este tipo de relación. Agora, como BNG, temos que pensar que partimos de 9 concelleiros que aspiramos a 11. Cando se reconten os votos, o 28 de maio, será momento de avaliar a situación e tomar decisións.

A súa propia candidatura polo BNG foi presentada a mediados de xaneiro, nun acto multitudinario que contou coa participación da portavoz nacional, Ana Pontón. Malia non estar fisicamente entre nós, Pepe Represas estivo moi presente

naquel acto. Vostede é presentada a miúdo como a persoa que atesoura o legado político do alcalde Represas, pero esta relación pode chegar a eclipsar o seu rol de líder no contexto electoral. Como se xestiona esta situación?

Eu creo que unha persoa non pode esquecer as súas orixes nin a súa traxectoria, onde comezou a súa vida política. A miña comezou da man de Pepe Represas, porque foi el quen me fixo ese ofrecemento. Desde que aterrei no BNG sempre estiven ao seu carón, fun a súa man dereita. É o lugar onde quería estar, e seguiría estando aí se Pepe Represas seguise entre nós. Creo que non teño que renegar desa experiencia, nin antes nin agora. Foi unha persoa da que aprendín moitísimo, que tiña moitas cualidades, e eu mesma véxome reflectida nesa maneira distinta de gobernar, de relacionarse coa veciñanza, de traballar polo interese xeral. Véxome reflectida neses valores e non vou prescindir desas cualidades nas que me sinto ben. Se cadra encaixamos tan ben porque os dous tiñamos unha afinidade non soamente política, senón de maneira de mirar e facer as cousas. Eu non vou deixar de ser quen son para mostrar un liderado distinto, máis agresivo. Na asemblea onde fun escollida como candidata, cando se abriu o turno de intervencións, unha persoa dixo que me coñecía desde antes de entrar no BNG e que era unha persoa empática coa veciñanza e cos seus problemas. A súa recomendación foi simplemente seguir sendo eu mesma, e iso vou facer.

De vostede, a portavoz nacional destacou que é "valente, responsable, honesta e con capacidade para dialogar e chegar a acordos polo ben dos veciños e das veciñas; unha desas alcaldesas que xoga na Champions League, que non está querendo banquiño". Recoñécese nesas palabras? Engadiría algunha outra aptitude que desde fóra non somos capaces de ver?

Como dicía antes, creo que a maioría das persoas ven esas cualidades en min. Si houbo algo de valentía que eu non sabía que tiña cando nos tocou pasar por esta situación tan dura, non soamente pola historia dramática de Pepe, senón tamén pola pandemia. Tivemos que tomar decisións, algunhas delas duras durante a pandemia, que nos converteron en referente diante doutros concellos. Fomos un goberno valente, non soamente persoal. Se algo podo engadir é que son unha persoa empática, que escoito sempre a todo o mundo. Gústame a relación directa e persoal coas veciñas e cos veciños.

Chama a atención que non se relacione tanto a súa experiencia e activismo no eido educativo coa capacidade de liderado a nivel político. Pensa que esa traxectoria previa á súa incursión na política municipal marca o seu talante, a súa maneira de facer política e o seu estilo de liderado, en contraposición a outros políticos e candidatos que veñen doutros sectores profesionais e da empresa privada, por exemplo?

Obviamente, chegas á Alcaldía cunha

maleta que está chea de experiencias. Cando ti desde antes estás reclamando xa un ensino de calidade para os teus fillos e para a sociedade, sería absurdo ter unha liña diferente unha vez estás no Goberno municipal e es concelleira de Ensino. De feito, aí notouse moitísimo que era referente para moitas xeracións que pasaron polo instituto onde eu traballaba. Iso fíxome unha persoa bastante coñecida, mesmo máis coñecida do que eu pensaba. Desde que chegamos ao Goberno no ano 2015, comigo como concelleira de Ensino e Saúde, houbo un cambio significativo de dirección. Agora temos moitísimas actividades educativas e tamén de ocio que son referencia a nivel nacional, como a Feira das Ensinanzas Profesionais e Artísticas. Facemos a Semana das Ciencias, estreamos proxectos para os mozos e as mozas máis necesitados como o proxecto Entre Nós,... É dicir, houbo un antes e un despois no ensino público.

Desde a Alcaldía de Ponteareas non agocha o seu activismo social e está defendendo dereitos fundamentais como a sanidade pública en Galicia. Nos últimos anos, a puidemos ver en case todas as manifestacións da plataforma de defensa da sanidade pública de Condado-Paradanta. O 12 de febreiro tampouco faltou na gran manifestación nacional en Santiago. Cal é a relación coa Xunta de Galicia nese sentido?

No caso da defensa dos dereitos sanitarios hai un enfrontamento total. Te-

mos un centro de saúde que está baleiro de médicos e médicas. De 15 que debería haber e xa eran xustos para atender as necesidades dun concello de máis de 23.300 habitantes pasamos a oito médicos fixos e outro que vai de aquí para alá. Chegamos a estar sen pediatra pola tarde durante un tempo, e nunca se conseguiu un pediatra dentro de Urgencias. A demanda desde o Concello a base de escritos e chamadas é constante, pero desde a xerencia da Área Sanitaria de Vigo tan só se responde cos condicionante impostos desde Santiago e non se resolve absolutamente nada. Eu non podo menos que plantar cara e ir ás manifestacións as veces que faga falta. Xogámonos moitísimo, non soamente a saúde en xeral senón as nosas propias vidas. Está afectando individualmente ás persoas. Están aparecendo diagnósticos erróneos e diagnósticos tardíos. Se se ten que converter nunha guerra, será. Caeríame a cara de vergoña se tivera que estar ás costas dun partido que non defendera os dereitos da veciñanza. Non podería estar aí.

Para finalizar, cal será o seu enfoque de cara ás eleccións municipais? A que retos se enfronta Ponteareas e o próximo Goberno municipal no período 2023-2027?

Agora hai que desenvolver realmente os proxectos de humanización naquelas zonas que xa son peonís. Con respecto ás parroquias, o máis importante é desenvolver o saneamento. O proceso de ampliación da depuradora xa está en marcha.

Cafetería - Restaurante
ETXE EDER

Ava. de Galicia, 19
Teléf. 986 661 375 36860 PONTEAREAS

Cantina ACRD
San Martín de Moreira
Ponteareas

cr casa rivero
RESTAURANTE
Bugarin, Ponteareas

Bugarín - Chan, 10
36869 PONTEAREAS
Facemos Comida para levar
986 66 15 19
687 30 98 62

mp
MARIPI

R/ Amado Garra, 11
PONTEAREAS
Tel.: 986 66 18 18
Fax: 986 64 47 29

Pisos
Casas
Solares

Vendas
Compras
Alugueres



Manuel Alfonso Estévez, fillo de Fornelos

Opinión

Ai, Fornelos da Ribeira: Quen te viu e quen te ve!

Sobre todo a partir do ano 1.936 sufrindo as represalias dos sublevados contra a República. Atrás quedaron os traballos das mulleres nas leiras, os diferentes oficios, aqueles casamentos na igrexa, e aquelas cantareiras dende a mañá e a noite. Tamén, aqueles cultivos do liño, as fiadeiras, os contos, e o tocata do pandeiro. Todo quedou xa atrás. Incluso os "seráns" transformados en festas. Voume o ano 1.918 xusto fai mais de cen anos. E sen dúbida algunha o resultado está na man: Ai Fornelos da Ribeira: Quen te viu e quen te ve! O resultado é de envellecido, desunido e abandonado:

Ai, Fornelos da Ribeira: Quen te viu e quen te ve!

As luces da aldea se apagaron e os seus retratos se quedaron vacíos o longo dos seus rúes, compoñendo unha estampa esquecida, da que xa non se conserva ningún daqueles nenos xogando no eido, as escolas vellas e desaparecidas, que reclama: Unha aldea abandonada.

Onde está aquel Fornelos da Ribeira de esplendor, que se quedou sen el, quedando sen aquel acerbo cultural, social e económico?

Onde está aquel Fornelos da Ribeira, que abandonou a inquietude dos antergos fillos na América?

Onde están as forzas vivas de Fornelos

da Ribeira?

Onde está aquela brisa primaveral da "Xuventude Progresista de Fornelos", que facía "ondear" as bandeiras no templete, e a xente preparada para escoitar os oradores políticos?

Onde está aquela xuventude progresista contra o caciquismo?

Onde está aquela xuventude que denzara de Bos Aires, se lanzaron para a constitución pioneira, na defensa da vida, da cultura e dos ideais propios de Fornelos?

Onde queda hoxe aquel inverno do 1.918 daquela xuventude, lonxe da taberna, reunidos no rúe do Casco con Amadeo Monteagudo e Saturnino Piñeiro, aprobando os estatutos, mirando as necesidades da aldea, e daqueles loitadores perseguidos polo caciquismo?

E, Onde está a "Nova xuventude de Fornelos da Ribeira", que non soubo recoller aqueles ideais? Onde está?

As escenas deron exemplo do que se podía facer, non se fixo nin se fará.

Onde están os "Román Rodríguez Martínez", xornalista, político e fillo de emigrantes, fundando a Sociedade Progresista, Hijos de Fornelos e Anexos no 1.920?

Onde están as forzas vivas de Fornelos?

Simplemente, por vergoña, deberíamos recuperar o estímulo e os contrastos

da vida cotiá.

As asociacións deberan difundir entre a xente xove, o marxe do caciquismo, que aínda permanece na terra nai, a reconstrución da nosa historia, dende 1.879 cos "centros galegos de Bos Aires, La Habana e Montevideo", exemplos do século XX.

As asociacións actuais deberan analizar e responder das claves que teñen que ver coa formación e a aparición do ideario político-social, de carácter ante caciquil, para o progreso de Fornelos da Ribeira.

Deste senso, resurxir o verdadeiro tecido asociativo local, XUNTOS, como estratexia para mellorar a vida social, cultural e deportiva, incluso, defendendo o "fillo de Fornelos", chamado o "francés", que pretendeu levantar a súa vivenda, e lla botaron abaixo, por unha orde do Goberno de Aznar, en favor da Igrexa, "POR MOLESTARLE A SOMBRA", e que ningún veciño fixo nada en tal sentido na defensa do "francés" quen, con razón ou sen ela, non se merece SEMELLANTE CASTIGO. Vaia vergoña, no tempo en que vivimos! Ningún veciño e veciña debora entrar na igrexa por semellante acción. Ata aquí chegaron as bromas! BASTA XA!

Eu os invito a todos a visitar Fornelos para que comprobar a desfeita habida,

porque a Nosa Santa Nai Igrexa, non quer "sombras ao redor das Igrexa".

A solidariedade non parece per vivir aquí, mais aló do Atlántico onde se iniciou o resurxir de Fornelos. Para eles, o pensamento, a lembranza da aldea, o recoñecemento de ser fillo, de que o corazón non se vende, para eles o foi todo. E, co pensamento onde fora nado, o rúe onde de neno xogara con desenfado, os anos foron pasando. E, aqueles que agora descansan no cemiterio, debemos levalos no pensamento. Aínda que sexa por vergoña.

Daqueles 37 fillos da Arxentina, dos irmás Sestelo, dos irmás González e de Rogelio Estévez Cambra, notario en Bahía Blanca, que aportaron un 74.4% dos fondos para as escolas e o cemiterio, me pregunto: Que é o que queda? Nada.

Ai, Fornelos da Ribeira, quen te viu, e quen te ve!

Onde están os universitarios, os estudantes, os xornalistas, os intelectuais, os profesores, as verdadeiras forzas vivas, para a promoción dun Fornelos novo, fieis os irmás nosos da América? Onde están? Esperamos que a Nova Peneira, ¡A Nosa! Serva de exemplo e a esquerda xunta, axude a desterrar este "dominio" da nosa terra,

Xa está ben!

Óptica Mahen
Ópticos desde 1939
Senén Canido, 4 PONTEAREAS
Nº Reg. Sanitario E-36-000038

TEA
CRISTAL Y APLICACIONES
CRISTALERÍA ENMARCADOS

Rúa dos Magnolios, 2. Pontareas
cristalariatea@galicia.com
www.cristalariatea.es
T. 986 640 385

asesoría terra
"Consultoría, Servicios Integrales en Asesoría, Organización, Planificación, Productividad y Eficiencia"

asesoría terra

Rúa Rosalía de Castro, 107 - Baixo

CAFETERÍA - BOCATERÍA
El Olivo
C/NOGUEIRÓ, 29 A - 36457 MEDER
SALVATERRA DE MIÑO
TLF: 630 465 208

“Ás eleccións de maio o BNG de Salvaterra vai coa intención de gañar, sen ningún tipo de límite e con toneladas de ilusión

Patricia Mariño, candidata do BNG á alcaldía de Salvaterra de Miño

Natural e veciña da parroquia de Fiolledo Patricia é unha muller nova en idade pero veterana na práctica política. Leva como concelleira do BNG desde o ano 2007. Asemade é unha profesional brillante con 15 anos de experiencia no exercicio da avogacía. Patricia é unha persoa moi implicada afectivamente co seu pobo e amósase ilusionada en protagonizar o cambio que Salvaterra necesita despois de décadas de gobernos de dereitas. Veláí vai o que deu de si a nosa conversa



Fotografía redacción

Patricia Mariño

Pois non tiña ningún antecedente. A práctica do dereito xa ma atraía desde moi moza, e non che sabería dicir o motivo. Se cadra un ideal abstracto de xustiza foi o que me motivou a camiñar cara ao mundo da avogacía.

Como inicias a túa vida profesional despois de terminar a carreira?

Fixen un máster de práctica xurídica en Madrid. Compaxineino co traballo nun despacho. Despois volví a Galiza e traballei con Ana Mosquera, unha compañeira de Vigo. Encantoume traballar con ela, facíamos as demandas en galego algo que me ilusionaba especialmente.

E cando comezou a túa relación co nacionalismo político?

Na Universidade. Fun nas listas do BNG de Lobeira, un pobo de Ourense. Empecei no nacionalismo moi nova e medio ocultándollo aos meus pais, porque eu non veño dunha familia de tradición nacionalista.

Ao acabar a carreira púxenme en contacto con Gabriel Martínez e Roberto Mera, deime de alta no BNG. Levo 18 anos no bloque

Es concelleira no teu pobo, verdade.?

Si, son concelleira en Salvaterra desde o ano 2007. Agora exerzo como portavoz tamén. Somos dous concelleiros, Javi e eu, e estamos moi contentos co traballo desenvolvido. De feito creo que boa parte da sociedade do noso pobo comeza a percibilo, tanto é así que está a achegarse ao noso proxecto moita xente nova. Para as próximas eleccións imos presentar unha lista moi sólida, solvente con moitas mulleres, algo moi importante na miña forma de entender a realidade, e profundamente renovada.

É a primeira vez que o BNG presenta unha candidata neste concello, cales son os teus sentimentos ao respecto?

Unha mestura de ilusión, responsabilidade

Queremos coñecerte un pouco máis Patricia

Ben, eu son licenciada en dereito e levo 15 anos exercendo a miña profesión. E son unha persoa moi implicada emocional e socialmente coa realidade que me tocou vivir. Considero que deixarlle un mundo mellor ás nosas fillas e fillos é un imperativo moral. E iso comézase a facer concello a concello.

Estudaches dereito en Santiago?

Non, a carreira fíxena en Ourense.

Que recordos tes da túa época universitaria?

Unha etapa moi bonita, das máis atractivas da vida. Teño moi bos recordos.

Por que estudaches Dereito, tiñas antecedentes na familia?



“Salvaterra precisa un cambio para saír da situación de esclerose na que se encontra”

e algo de frustración, porque xa tiña que ter acontecido moito antes, tamén.

É a primeira vez que o BNG presenta unha candidata, e Marta é a primeira alcaldesa na historia de Salvaterra

Si. **Este primeiro mandato de Marta, como o valoras?**

Continuísmo total e absoluto. Marta xa estaba con Arturo e apoiaba e votaba todos os proxectos que Arturo presentaba. Continuísimo nas sesións plenarias, na maneira de traballar e nos proxectos. Se a xestión de Arturo era moi deficiente, por desgraza da de Marta non se pode dicir nada diferente.

Cal é a situación económica do Concello de Salvaterra?

A situación é mala, e non o é por casualidade, claro, senón porque se xestiona mal. A única persoa que desaparece do equipo de goberno anterior é Arturo, o resto segue todo igual. Temos unha débeda de case 6 millóns de euros. Temos o orzamento prorrogado desde o 2017.

E tendo maioría absoluta o PP como é posible que non se aprobe ningún orzamento desde o ano 17?

Pois por desleixo, incapacidade, pouco traballo....É intolerable, desde logo, que tendo o PP maioría absoluta carezan da capacidade política, da vontade de cumprir o seu compromiso coas veciñas e veciños de Salvaterra para facer o básico: levar un orzamento a pleno para planificar unha adecuada xestión económica do concello.

Uns orzamentos actualizados evitarían moitos plenos extraordinarios, moitos recoñecementos extraxudiciais de crédito e moitas subvencións nominativas. A lei permite facer todo este tipo de xestións de maneira extraordinaria. Eles esta excepción téñena como regra e traballan así en xeral.

Alén da situación económica que outros problemas graves ten o Concello de Salvaterra?

O PP carece dun modelo de vila. O único que fan e para iso mal, é xestionar o día a día e tratar de ir zafando os problemas como poden. Calquera actividade está estancada. Por

exemplo a cultural é todos os anos a mesma.

Ao non ter unha estabilidade orzamentaria o concello sobrevive con subvencións da Deputación e da Xunta. Isto implica que sexan outras administracións as que destinan o diñeiro e avalían os proxectos. A capacidade de manobra do Concello de Salvaterra depende doutras administracións e non pode liquidar ningún proxecto propio.

E o BNG ten modelo para Salvaterra?

Como o ten amosado en todas as vilas nas que goberna. Temos un modelo si: Un modelo de Salvaterra humana, accesible e xusta. Un modelo de Salvaterra no que se trate a todos por igual con independencia das súas simpatías políticas. Un modelo de Salvaterra que trate por igual ao centro da vila e ao último curruncho de cada parroquia. Un modelo de Salvaterra que universalice a atención social a quen máis o necesite, e que sexa capaz de levar a cultura e o lecer a todos os barrios de todas as parroquias.

E algo que para o BNG é esencial é mellorar substancialmente a situación sanitaria do noso pobo, en precario, como a de toda Galiza. Salvaterra precisa un servizo de urxencias e a súa reclamación é unha medida prioritaria para o Bloque

O noso modelo é de amor por Salvaterra, non vimos á política na procura dun traballo, non nos fal falta. Vimos a tratar de mellorar as condicións de vida de todos e de todas por igual.

Este verán no BNG de Salvaterra fíxestes unha campaña moi intensa en relación á estado da auga do concello, como está este tema?

Sobre este tema, o PSOE e o BNG levamos a Pleno no mes de xaneiro, unha moción conxunta na que dicíamos que a actuación política neste asunto non era a adecuada. Alegamos o que fariamos nós e facemos unha serie de preguntas. Esta moción foi aprobada por unanimidade. Esixiamos responsabilidade política.

A este pleno, a alcaldesa e o seu goberno, fixeron acudir aos fontaneiros traballadores do concello e tentaron botarlles a culpa de que non facían ben os informes. Algo moi grave.



Cafetería La Parada 24H
Desayunos, menú de día, cenas, bocadillos, platos combinados, comidas y postres para llevar, terraza, parque infantil, aparcamiento clientes.

GASOLINERA 24h
Tienda conveniencia-butano/propano, palets, carbón y leña, lavado de coches (túnel, boxes y aspirado), aparcamiento clientes
Taller Salco (9-13:30/15-19)

A día de hoxe aínda non está claro se esa alerta epidemiolóxica non fose derivada do consumo da auga da traída.

Podé repetirse?

Por suposto que pode volver repetirse. Non se tomaron medidas preventivas, que é o que lle esixiamos.

O Concello de Salvaterra trata por igual aos colectivos que entende como amigos, que aos colectivos que entende como non amigos?

En Salvaterra as subvencións son todas nominativas. Nós avogamos pola concorrencia competitiva

Cales son as perspectivas coas que se presenta o BNG as eleccións de Salvaterra?

Temos perspectivas de gañalas. Imos con toneladas de ilusión e sn ningún tipo de límite. Salvaterra precisa un cambio para saír da situación de esclerose na que se encontra.

Tes xa definido o equipo que che vai acompañar?

Máis ou menos si. Como che dixen antes un equipo moi sólido e moi implicado coa realidade de Salvaterra.

Antes falábasme de que ía haber caras novas. Podes adiantar algunha?

Pois adiántoche unha que me fixo especial ilusión: Xespi de Cabreira, un referente cultural e humano que é unha honra que nos acompañe.

Que podería atopar un veciño, veciña de Salvaterra en ti como alcaldesa?

Proximidade, transparencia, humildade, capacidade de traballo, amor pola miña vila e un océano de gañas de colaborar en mellorar as condicións de vida de todas e todos por igual.

“A maxia asolagada é unha ventá do meu eu íntimo ao mundo”

Mar Míguez, poeta

A poeta das Neves e colaboradora desta casa Mar Míguez presentou en Taboexa, a súa parroquia natal, o seu segundo libro “A maxia asolagada” e nós conversamos con ela.



Mar Míguez

Mar, recentemente presentaches o teu segundo libro de poemas, A maxia asolagada, contanos as principais características deste libro?

A maxia asolagada é un libro profundamente intimista, expresa sentimentos pola familia, de amor, de amigos. Este libro é unha ventá que abre o meu eu máis íntimo ao mundo.

Cantos poemas ten?

Entre poemas e micro relatos debe ter ao redor de 50.

Onde o presentaches?

Na miña parroquia natal, en Taboexa no Centro Cultural.

Como foi esta presentación?

Foi maravillosa. Había moitísima xente, persoas que eu coñezo e quero. Amigos, amigas, veciños e veciñas de toda a miña vida que me honraron e distinguiron coa súa compañía.

O libro foi editado por Medulia. Como contactaches con eles? Xa che editaran o primeiro libro?

Non, o primeiro foi auto edición. Xa para o segundo enviei varios correos a diferentes

MENTA POLEO
arte en flor

Servicio 24horas.

+34 629 505 958 | +34 986 659 288

Rúa Galicia, nº 2 36450 Salvaterra de Miño

info@mentapoleoartenflor.com

www.mentapoleoartenflor.com

áridos chandesalgosa
ARENAS Y GRAVAS

Telf: 986 648 381 Chan de Salgosa S/N
chandesalgosa@hotmail.com LIÑARES
www.aridoschandesalgosa.es AS NEVES

GALIPOR

GALAICO PORTUGUESA DE REPARACIONES. S.L.

SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA

Regueiro, 3 - Oleiros - Salvaterra
986 658 257 galiporgalicia@gmail.com

casa ferreira

Venta: Jamones, Quesos y Vinos - Productos Típicos
JAMON DE TERUEL BAJO EN SAL

C/. Fdez. de la Vega, 6
36860 PONTEAREAS Teléf. 986 641 554
charcasaferrreira@hotmail.es

Mendo
áridos e formigóns

Tif.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.

Aridos e Formigóns

editoriais e contestáronme desta de Medulia que son da Coruña.

Pedíronme o borrador do caderno e nun tempo puxéronse en contacto comigo porque lles parecía interes ante.

Supoño que sería unha ilusión tremenda cando recibiches o seu correo no que che manifestaron o seu interese en editar o teu libro?

Si, claro. Foi moi emocionante.

Sigamos coa presentación, como foi?

Púxenme en contacto coa profesora que me escribiu o prólogo, esta foi profesora miña no Instituto das Neves. A miña irmá foi a que se encargou de facer a venda de libros, que a verdade foi moi ben e convidamos a todos os representantes políticos do concello.

Sendo Cruz a vendedora seguro que as vendas foron fantásticas?

Ha ha ha ha..A verdade é que si, Cruz ten aptitudes comerciais sobresaíntes. É a típica que lle vende unha neveira a un esquimó.

Viñeron todos os políticos?

Veu o alcalde e representantes do PSOE e do PP si

Na mesa estabamos Mar, a prologuista; eu e Rocío, a concelleira de Cultura que dixó unhas palabras. Estivo moi ben o acto. E teño que dicir que o Concello portouse moi ben.

Como te sentías nese momento?

Cunha felicidade absoluta, emocionada e moi nerviosa. Veu xente que facía anos que non vía e fíxome moitísima ilusión.

“Dama de Luna”, é o teu primeiro libro. Cando o editaches?

En decembro do 2020.

Como foron as vendas de “Dama de Luna”?

Vendino moi ben. Esgotei a primeira edición e tiven que quitar unha segunda tirada.

E onde vendiches estes libros?

Colaboraron comigo librerías amigas como Terra de Salvaterra, Casa Pepe de Pontearreas e Xes de As Neves.

“A maxia asolagada” é un libro intimista e como é “Dama de Luna”?

Se cadra algo máis ecléctico .Recoille os poemas que escribín ao longo

da miña traxectoria poética desde os meus 14 anos. Hai poemas máis infantís, e poemas máis maduros. A metade é en galego e a metade en castelán porque moitos destes poemas foron escritos en Madrid, nunha etapa de tres anos da miña vida que estiven a traballar alí.

Lembras Por que empezaches a escribir?

Si, porque unha moi boa amiga deume a ler un poema de Pablo Neruda “Podo escribir os versos máis tristes esta noite”. Deixoume impresionada este poema e decidín que quería escribir cousas así de bonitas. Escribín un poema, deillo a ler a unha amiga, encantoulle e aí deime conta de que o meu camiño tiña que estar inzado de poesía.

Acórdaste daquel primeiro poema?

Acórdome dunha frase, o poema enteiro non o teño, escribino nun cartafol e desapareceume. Teño moitísima pena de non ter o meu primeiro poema.

Supoño que pensarás seguir escribindo?

Si, claro. Cando os meus fillos están na cama prendo o meu computador, pónome a miña música, e aí

escribo. Tamén me gusta recitalos e gravalos con música de fondo, algúns quedan moi bonitos.

De feito, teño algúns musicalizados xa.

O director da banda de música de Nigrán fixo partituras de tres poemas meus.

Cóntame iso?

Casualidades da vida. Unha ex compañeira miña da coral de Vigo rompeu unha perna. Para amenizarlle o aburrimiento mandeille uns poemas meus para escoitar. Ela é moi amiga de Xosé Alfredo Oliveira, o director da banda de música. Envioullos, gustáronlle e púxolles música.

Ti tes 3 fillos. Algún deles crees que seguirá pola poesía?

Creo que non.

Ti es das que pensas que a poesía debe de ter unha finalidade meramente estética ou debe de comprometerse co contexto no que vive?

A poesía debe de transmitir. Eu son das de estética e ética.

Alén dos libros, tes experiencia de publicar noutros sitios?

Nas as redes sociais e neste periódico, A Nova Pereira.



**INMOBILIARIA
MERCAVENDA**

Casas Ventas
Locales Alquileres
Fincas Tasaciones
Pisos Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, baixo, 36860 Pontearreas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com



**LEIRAUTO
TALLER**

Talleres Leirauto S.L.L. f

MECÁNICA EN GENERAL
CAMBIO DE LUNAS
MANTENIMIENTO
NEUMÁTICOS
PRE ITV ...

986 657 255
648 606 300
leirauto@gmail.com
San Roque 5B 36457
Leirado - Salvaterra



**Rectoral
de Fofe**
Descanso en entorno rural

Restaurante y cafetería abiertos todo el año
Aldea de Arriba 13, Fofe - COVELO
Tel: 986 66 87 50 www.turismoruralrectoraldefofe.com

Joyería - Relojería

SANTATERESA



C/ Progreso, 80 - 36880 A CAÑIZA
Teléfono: 886 155 560
Mail: santatareixa@hotmail.com



CONCELLO
SALVATERRA DE MIÑO

Capital histórica do Condado

Os Poemas de *Mar Míguez* “Non pode haber un desastre máis grande que o actual goberno de Forcarei”



Namoreime das almas dos mariñeiros
 que bailaban nas miñas ondas
 Quixen amosarlles un reino infindo
 E leveinos o fondo connigo.
 Sei que non o entendedes,
 Eu tampouco volo pido
 Pero hei aloumiñalos ben
 Durmidos no meu cariño.
 Namoreime das suas risas
 Na mañanciña xeadada,
 Da tenrura que desprendían
 O pensar nas namoradas
 E así lonxe da terra
 Quería facelos sentir na casa
 E ofrecinlles o meu fogar,
 Leveinos sin pensar en nada.
 Sei que non o entendedes
 Que me maldecides co pranto
 Cegando a alma,
 Pero é solo un acto de amor
 Eu queroos na miña casa.
 Algún dia perdoaredes
 Que con eles me quedara
 Eu prestovos o meu sal
 o que me devolvedes nas bágoas,
 Eu son o mar que da vida

Belén Cachafeiro, candidata do PP á alcaldía de Forcarei



Belén Cachafeiro

Xa temos definido que vas ser a candidata do PP á alcaldía de Forcarei ás vindeiras eleccións municipais?
 Si, xa está confirmado.

E tes decidido o equipo de persoas que che vai acompañar?
 En grande medida si. Hai algún nome aínda por confirmar pero podemos dicir

mÁRMORES E GRANITOS
TAFIR, S.L.

Meixueiro, 5 - 36560
 SOUTELO DE MONTES (Pontevedra)
 www.tafir.eu info@tafir.eu

Tel./Fax: 986 75 60 51
 Móvil: 679 42 19 20
 Visítanos en facebook

ASESORIA
PONTECALDELAS S.L.

Plaza de Cotobad, 2 Telf.: 986 76 74 31
 PONTECALDELAS Fax: 986 75 05 13
 asesoriapontecaldelas@hotmail.es

MAPFRE **teCuidamos**

Rapado Asesores
 Rúa Pregreso, 19 1º Esq.
Forcarei
 986 755 128

TALLERES
GUTIERREZ
 Ventoso, 55 (Forcarei)

- Mecánica general
- Electricidad
- Diagnos
- Aire acondicionado
- Neumáticos
- Pre-ITV.

SERVICIO MULTIMARCA 986 75 49 04
 www.talleres-gutierrez.es
 búscanos en facebook

Coafor

Rúa regueira, 47
 Forcarei-Pontevedra

ESTACION DE SERVICIO
PORTELA DE LAMAS, S.L.

Km. 55 de Orense - Pontevedra • Teléf. y Fax 986 75 61 16
 Email.: porteladelamas@terra.es
 36556 PORTELA DE LAMAS • FORCAREI (Pontevedra)

que case está pechado.

Hai continuidade ou vas incorporar caras novas?

Hai continuidade claro que si, eu estou acompañada dun moi bo equipo, pero algunha cara nova si que imos incorporar.

Podemos anticipar quen vai ser?

Aínda non. Farémolo cando sexa a presentación pública da candidatura. En calquera caso todas as persoas que vaian na lista son representativas dos distintos sectores da sociedade de Forcarei e moi implicadas co noso pobo.

Como valoras este mandato que remata da alcaldesa Verónica Pichel

Valóroo moi negativamente. Estes catro anos perdéronse. Este mandato impediu que Forcarei avanzase. A xestión foi nefasta.

Pon algún exemplo?

Na pandemia o goberno do estado permite facer uso do remanente de tesourería. E o noso concello ten moito, como resultado da boa xestión dos gobernos do PP, ten 2 millóns de € que se tiñan que ter aproveitado para actuacións moi urxentes, como por exemplo o saneamento, arranxar camiños, darlle servizos necesarios aos veciños..., e non se aproveitou para facer nada. Exemplos hai moitos así pois tamén podemos citar a non aprobación de orzamentos, o incumprimento dos períodos de pago a provedores, o que lles causa graves problemas a autónomos e empresas de Forcarei que traballaron para o Concello, non se contesta ao valedor do pobo, non se contesta aos veciños, hai inacción política.....En definitiva non pode haber un desastre máis grande que este goberno.

Ti falas de inacción pero o goberno acometeu algunhas obras que, polo menos en aparencia, semellan importantes, como por exemplo a urbanización de Soutelo de Montes. Cal é a túa opinión ao respecto desta actuación?

Home estaría ben que en catro anos non fixeran ningunha actuación. Eu alégrome de que fagan algo en Soutelo de

Montes e desexo que remate ben, pero non poden dicir que sexa unha grande obra pois o único que se está a facer é o arranxo das beirarrúas, e xa sendo eu alcaldesa fixemos actuacións de non só arranxar as beirarrúas senón tamén dos servizos que van por baixo: saneamento, telefonía e alumeadado.

Que opinas da reforma da casa da xuventude?

Esta é outra obra que eu desexo que remate ben, pero temo que non vai ser así. Agardo que cando remate non traia un prexuízo para o concello de Forcarei.

En relación ao parque eólico proxectado en Forcarei que tes que dicir?

Boto de menos que o Concello nos informe polo miúdo das súas circunstancias para poder opinar con rigor. Nós esiximos un pleno extraordinario para tratar ese asunto e a maioría da corporación aprobou crear unha comisión sobre os eólicos, algo que a alcaldesa, malia estar aprobado polo pleno, incumpriu.

Pero a túa posición é favorable ou contraria?

Eu estou a favor dos parques eólicos sempre que non prexudiquen a vida da veciñanza. De non ser así eu estarei a carón dos veciños.

Que podería encontrar un veciño ou veciña de Forcarei en ti como alcaldesa?

Con toda a humildade eu creo que a estas alturas as comparacións xa deben de estar claras para a maioría: proximidade, accesibilidade, capacidade de traballo, xestión rigorosa e cumprimento da lei non como a actual alcaldesa que non cumpre a lei.

Por que dis que a actual alcaldesa non cumpre a lei?

Porque non convoca os plenos que marca a lei. Nestes catro anos leva 22 plenos sen convocar.

Rematamos. Cales son as túas expectativas para as eleccións de maio?

A maioría absoluta. Dígoo con claridade, pois Forcarei non pode permanecer un minuto máis con este goberno.

“Nas eleccións de Maio a nosa perspectiva é medrar substancialmente. E se o BNG medra Forcarei mellora”

Roberto Jorge, candidato do BNG á alcaldía de Forcarei

Roberto Jorge vai ser novamente o candidato do BNG á alcaldía deste concello da comarca da terra de Montes. El é un home sólido, solvente e moi comprometido emocionalmente co seu pobo co que foi un pracer compartir novamente unha conversa.



Roberto Jorge Correia

Restaurante - eventos
hostal


Restaurante
PARIS
Forcarei

El Degrado, 4
Forcarei

986 754 134
Fax 986 754 071
Info @infopariforcarei.es
www.infopariforcarei.es

 **TROYBER SOUTELO S.L.**

Polígono Industrial de Vilapouca (1ª fase)
Nave 2 (detrás de VIDROGAL)
SOUTELO DE MONTES - Pontevedra
correo electrónico: troybersoutelo@hotmail.com

Teléfonos:
Fijo: 986 75 62 44
Fax: 986 75 62 90

PONTE CALDELAS
na Rúa Concepción Arenal, 2
Tel. - 986 76 70 47


Sección de PIZZERÍA e FONDO DE LEÑA
ACUÑA
Dica, pastas e receitas obradas máis

O CAMPO
DA SANTIAGUIÑA



Caritel s/n 36.829 Ponte Caldelas
Pontevedra. Tel. 886 300 445

Auga C.B
Belleza e saúde

Pedreira, 7
Baixo
A Lama
986 768 261
augacb@outlook.es

Reportaxe

Vas ser o candidato do BNG nas vindeiras municipais?

Non é aínda oficial pero xa podo adiantar que si. A idea é que eu encabece a candidatura do BNG. Así mesmo despois de coñecer tanto o goberno do PP como o do PSOE estou cada vez máis convencido da necesidade de que o BNG incrementa de maneira substancial a súa presenza no nosos concellos

Tes decidido o equipo que che vai acompañar?

Estamos traballando niso. Vai ser unha candidatura moi sólida que combinará a experiencia coa renovación.

Como valoras o mandato da alcaldesa Verónica Pichel?

O cambio despois de tanto tempo co PP era moi necesario. Foi un mandato no que se fixeron cousas interesantes pero ao xuízo do BNG manifestamente insuficientes e claramente mellorables. A nosa aspiración é protagonizar o cambio real, de moita máis densidade, que precisa Forcarei e que estamos seguros de que demanda a maioría da sociedade do noso pobo.

Neste mandato que remata o BNG apoiou a investidura da alcaldesa do PSOE pero estivo na oposición. Por que non entrastes no goberno?

Ben, non houbo química de abondo por ningunha das dúas partes. Nin a nós o proxecto socialista nos parecía o suficientemente ambicioso para levar a cabo o cambio profundo que precisa Forcarei, nin o PSOE amosou moito interese por contar con nós no goberno.

A aritmética actual do voso concello é PP 5 PSOE 5 BNG 1. O voso voto foi decisivo para que o PSOE acadase alcaldía pois no caso de empate a candidata popular Belén Cachafeiro tería sido alcaldesa, xa que o PP foi a lista máis votada. Hoxe, 4 anos despois, consideras que ter propiciado o cambio de alcaldía foi unha decisión correcta?, ou arrepinteste?

Si, foi unha decisión correcta e non me arrepinto. Como antes mencionei o noso

concello precisaba un cambio, despois de tantos anos co PP, un PP botado ao monte, con urxencia. O que non é incompatible co que tamén penso: a xestión do goberno socialista é manifestamente mellorable. Agora xa che digo que nas dinámicas de traballo hai un cambio en positivo en relación ao que facía o PP.

Dime un exemplo dese suposto cambio en positivo?

Na alcaldía de Belén Cachafeiro o rural estivo case completamente abandonado.

Dicía nas nosas páxinas a candidata popular que a xestión económica do actual goberno é nefasta e moi mellorable. Cal é a túa opinión?

Eu creo que os períodos de pago son moi mellorables, si, iso non é cuestionable. Hai empresarios que fixeron traballos para o Concello e que levan 6 meses sen cobrar as súas facturas. E iso desde logo que non pode ser. Non ten sentido porque o noso é un concello solvente, un

concello que ten fondos como para non ter que facer agardar tampo tempo a quen fixo un traballo para cobrar o que é seu.

Que opinas da urbanización de Soutelo que está a facer o goberno municipal?

Esa foi unha obra que consensuou o BNG co goberno. E tanto a de Soutelo como a de Forcarei entendemos que son importantes e necesarias pois todo estaba moi abandonado e deteriorado. As beirarrúas levaban moitísimos anos sen que se lles tocara.

Cal é a túa opinión acerca da reforma da casa da xuventude?

É algo moi necesario para dotar ás asociacións e colectivos dun espazo en condicións, pero o proxecto non nos acaba de convencer. Ao noso xuízo ten eivas que deben de ser solucionadas. Avisámolo varias veces e non entendo como non se contemplaron as deficiencias estruturais.

Cales son as perspectivas rea-

listas coas que o BNG se presenta ás eleccións?

Medrar, medrar substancialmente. É que se o BNG medra Forcarei mellora. Estou convencido.

Se os votos do BNG fosen novamente decisivos para decidir quen vai ocupar a alcaldía de Forcarei contemplan a posibilidade de que desta volta entredes no goberno?

Todo dependerá da aritmética municipal e do programa de goberno que, de ser o caso de que se dese esa hipótese, pactaríamos co PSOE.

Entón non o desbotas?

Non, non o desboto.

Rematamos Roberto. Que podería encontrar un veciño ou veciña de Forcarei en ti como alcalde?

Son un home moi responsable, moi traballador que quero moito ao meu pobo e creo firmemente que Forcarei ten moitas potencias que están sen explotar

Decoraciones Victor

Roberto Rivas
C/ de la Iglesia, 10
36820 Ponte Caldelas
Pontevedra
roberto@decoracionesvictor.es

☎ **986 750 383**
609 067 164

www.decoracionesvictor.es

ALUMINIOS RODRIGUEZ, S.L.
Industrias Metálicas

Diego Jesús Rodríguez

Trabajamos:


- Todas las series en carpintería de aluminio
- Doble Acristalamiento
- Mamparas de Baño y Muebles de Cocina
- P.V.C.
- Cierres, Balcones, Galerías y Portales.
- Todo en Carpintería de Hierro
- Aluminio Soldado

Pazos, n.º 16
36829 PONTECALDELAS
info@aluminios-rodriguez.es

Teléfono 986 75 03 10
Móvil 670 23 95 62

TALLERES GARCÍA

**MECÁNICA
Y ELECTRICIDAD
DEL AUTOMÓVIL**



PORTELA DE LAMAS
Soutelo - Forcarei
Telf. 679 680 885

 **Escola Infantil**
PAPAVENTOS
pontecaldeas

- Educación infantil 0-3 anos 100% subvencionada
- SED (Ludo, Deberes): Trades Vacacións
- Plan Madruga e sservicio comedor nen@s de 3-12 anos
- Horario 07:30- 20:30

C/ Paseo Cordo Boullosa, 3
36820 - Pontecaldeas

Tif: 986 767 520
E-mail: eipapaventos@hotmail.com

 **AGROTENDA**

**CEREAIS
PENSOS
PLANTAS
SEMENTES
POLOS
GALIÑAS**

Maricarmen Míguez Salgueiro

Calle Francisco Filgueiras, nº 13
36.550 FORCAREI - Pontevedra

Tel.: 986 75 53 47

A Rondalla Peña de Freixo supera o cuarto de século de éxitos

“Encántame todo o que teña relación coa Rondalla, pero tocar para xente maior é especialmente ilusionante”

César Dávila Figueroa, director

Hai máis de 25 anos un grupo de amigos do barrio do Freixo, na parroquia de Valadares, decidiron mergullarse no universo das Rondallas e alumear coa súa música os camiños e corredoiras da contorna, alén de participar nos distintos certames de Rondallas que son tan habituais na nosa xeografía. Hoxe, case 100 homes e mulleres fan as delicias de quen escoita a este grupo de músicos e músicas que cantan e fan música tradicional. Eles autofináncianse, non reciben 1 só € do Concello de Vigo, e amósanse moi ilusionados en que o que comezou como a ilusión duns amigos poida transcender á xeración dos seus fundadores e acadar, por que non? o século de historia facendo música. Nós falamos con César, o seu director.



Rondalla Peña de Freixo

Cando se fundou a Rondalla?
Comezamos en 1996.

Quen a fundou?
Fundámola unha cuadrilla de rapaces da parroquia que formabamos parte da Comisión de Festas. Decidimos facer algo para o Nadal e montar a Rondalla. Foi unha sorpresa cando fixemos a primeira reunión e apareceron unha chea de veciños e veciñas que tiñan interese no proxecto.

Con cantos integrantes arrincastes?

Entre 40 e 50 persoas. Ese ano fixemos algo moi enxebre para a xente do pobo. Tocabamos polos barrios cun Papá Noel montado nun burro.

Cantos integrantes formades parte da rondalla nestes momentos?

Arredor de 90 persoas.

Cantos homes e mulleres, e de que franxas de idade falamos?

Máis ou menos metade e metade. Temos desde crianzas de 6 anos ata o capitán, que ten sobre 84 anos. Gústanos socializar coa xente do pobo. Pequenos, xente de mediana idade e maiores, todos xuntos en convivencia.

Cal é a túa formación musical?

A min ensinoume o anterior director, que era íntimo amigo meu e faleceu fai uns 15 anos nun accidente. El foi o meu mentor. A nosa base sempre foi a música tradicional tocada e cantada.

Que instrumento tocas ti?

Tocaba a trompeta e agora toco a gaita.

Exercendo de director, tamén tocas a gaita?

Depende da cantidade de gaiteiros que teñamos nese momento. Se fai falta, toco

a gaita e se non, non. Nos desfiles, tamén o fago.

Como chegas a ser ti o director da Rondalla?

Despois do falecemento do meu amigo, o anterior director, eu collín o seu legado e, por respecto a el, seguimos adiante despois dun ano de parada. Aí quedei eu como director.

Cada canto tempo ensaiades e onde o facedes?

Ensaíamos no local da Asociación de Veciños de Freixo e comezamos os ensaios desde mediados de outubro ata que empeza o Nadal. Ensaíamos os sábados a media tarde un par de horas ou un pouco máis. Pola semana co traballo e os horarios de colexio non nos é posible ensaiar.

No Nadal saímos a tocar polos barrios. Entre todos decidimos en que certames de rondallas queremos participar e a que sitios imos tocar. Ás veces ata só imos tocar onde os coñecidos a cambio duns petiscos ou do bus se non podémonos mover en coche.

Cal é ou voso repertorio musical?

Temos as cancións básicas de desfile de sempre e, a maiores, cada ano preparamos un par de temas tradicionais novos para cantar e tocar. A nosa rondalla é moi tradicional, levamos saxo, acordeón e gaitas. Nós non levamos abandeirados tampouco, só levamos bandeirola.

Algún concerto que recordes con especial ilusión?

Gústanos moito ir aos centros da xente maior. Son moi agradecidos e, como coñecemos as cancións máis antigas, fainos moita ilusión. Sentímonos moi arroupados con eles e cantan connosco.

Como ten que facer alguén interesado en participar na Rondalla para contactar con vós?

Poñemos un cartel na asociación de veciños cando vai ser a primeira reunión para empezar os ensaios e dar as contas. Nesta reunión é onde decidimos que imos facer co diñeiro sobranse. Ás veces imos de excursión, outras facemos unha cea, depende do orzamento, tamén damos un agasallo a todos os participantes no Nadal. O que facemos tamén é deixar un pequeno fondo todos os anos para sufragar os gastos, tanto da compra de instrumentos, como do vestiario e a tinturería.

Aquí funciona o boca a boca. Tanto veciños, veciñas, como xente que lle gusta a nosa rondalla e quere participar nela. Así empezamos todos os anos.

Como se porta ou Concello de Vigo con Vós?

Nós nos autofinanciamos, non temos ningunha subvención de ningún ente público, nin do Concello, nin da Deputación nin da Xunta De Galicia. O que fai o Concello de Vigo é organizar o certame de Rondallas da cidade e un pasarúas polas rúas do centro de Vigo para os que sufraga os gastos do desprazamento. A Xunta e a Deputación organizan, dan os premios e sufragan os gastos de desprazamento do certame de Rondallas do IFEVI. Tamén adoitamos participar nos certames de rondallas do Concello de Redondela e de Gondomar, pero só obtemos beneficio económicos de todos eles se gañamos algún premio.

E a Asociación de Veciños e a Comunidade de Montes. Tedes algunha axuda económica pola súa banda

para sufragar os gastos de compra de material e de roupa?

Non. Nós non queremos pedir subvencións, autofinanciamos todas as nosas necesidades. Somos unha organización totalmente independente tanto do Centro Cultural de Freixo como da Comunidade de Montes, o que si nos cede a Asociación de Veciños é o local para ensaiar. Pertencemos á Pena Freixo, que é a que organiza tamén o festival Freixo Rock, pero temos contas independentes e estamos desvinculadas de calquera outra asociación de Freixo.

Jamonería PATA NEGRA
LUIS MENDEZ
CAZA - LAMPREA - COCIDOS - EMBUTIDOS IBÉRICOS - VINOS
Vía Hispanidad, 23 | 36203 VIGO
T. 986 482 372 | M. 649 988 934

Fina Alimentación
Desde 1979
CARNICERÍA - FRUTERÍA
ESPECIALISTAS EN CARNES E FROITAS DE PRIMEIRISIMA CALIDADE
Mejor y más cerca
GREGORIO ESPINO, 59 - VIGO

Kami
el auténtico croissant artesano de mantequilla
Bajada a la Playa, 152 B
36392 Sayanes / VIGO
Tel. 986 491 118 / Móvil 645 260 727
SERVICIO A CAFETERÍAS Y HOTELES

Café - Taberna Tenda Exprés
Laura
Vending 24 horas
Estrada de Zamáns, 219
Teléfono: 986 468 365
Móbil: 670 062 376



Todos los regalos para que se acuerden de ti esta pascua



MOLINER

Outlet de Juguetes

Polígono A Granxa 259, Porriño